


## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 97

**Sesión plenaria**  
**18 de decembro de 2018**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (39156, 10/PL-000011)

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 397, do 13.12.2018

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (doc. núm. 38843, 10/PPL-000027)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 374, do 19.10.2018

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 39019, 10/PPL-000030)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 374, do 19.10.2018

### Punto 2. Mocións

#### 2.1 41511 (10/MOC-000118)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, José Luis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2017. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 40091, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

#### 2.2 41551 (10/MOC-000119)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 39327, publicada no BOPG n. 378, do 31.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

#### 2.3 41639 (10/MOC-000120)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Casal Vidal, Francisco e Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación emprego da industria do automóbil. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 40351, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

### **Punto 3. Propositions non de lei**

#### **3.1 5566 (10/PNP-000470)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axei-tados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

#### **3.2 31022 (10/PNP-002298)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de exe-cución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos bi-lletes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

#### **3.3 32796 (10/PNP-002475)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Vázquez Verao, Paula**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

#### **3.4 34510 (10/PNP-002591)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profe-sionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

#### **3.5 38833 (10/PNP-002892)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

#### **3.6 40364 (10/PNP-003033)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflec-  
tidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a conce-  
sión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que  
debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

### **3.7 41089 (10/PNP-003101)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións  
e as obras denunciadas nos camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de de-  
fensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e  
mellora que se realicen no Camiño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018

### **3.8 41145 (10/PNP-003108)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das au-  
toestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fo-  
mento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018

## **Punto 4. Interpelacións**

### **4.1 35663 (10/INT-001186)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de ou-  
tubro, de protección e benestar dos animais de compañía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

### **4.2 39120 (10/INT-001292)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Casal Vidal, Francisco**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto  
das tarifas eléctricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

### **4.3 40773 (10/INT-001353)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Villoslada, Juan Manuel e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da profesionalización dos servizos  
de emerxencias e protección civil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

## **Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

### **5.1 41648 (10/POPX-000121)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a posibilidade de esconder a situación da sanidade pública mediante a información que emite a CRTVG

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

### **5.2 41649 (10/POPX-000122)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre as políticas previstas polo Goberno galego para mellorar a situación da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

### **5.3 41650 (10/POPX-000123)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para parar o continuo deterioro da sanidade pública de Galicia, que ten provocado a dimisión do 80% dos xefes de servizo da Área sanitaria de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

## **Punto 6. Preguntas ao Goberno**

### **6.1 38937 (10/POP-004556)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o peche da factoría de Alcoa na Coruña e a perda dos postos de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

### **6.2 41460 (10/PUP-000207)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para contribuír a consolidar o esforzo en I+D+i que se vén realizando, principalmente ao abeiro do Plan Galicia Innova 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

### **6.3 41647 (10/PUP-000210)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións urxentes de carácter orzamentario ou informativo que vai adoptar a Xunta de Galicia para paliar os efectos que vai ter para miles de familias a perda do Bono Social Eléctrico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

**6.4 40523 (10/POP-004730)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu patrimonio artístico, documental e bibliográfico, así como os servizos sanitarios que presta ás persoas asociadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

**6.5 40853 (10/PUP-000206)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a conservación do Camiño Francés como patrimonio da humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

**6.6 41598 (10/PUP-000209)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

**6.7 38011 (10/POP-004463)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da utilización do persoal do Hospital Povisa por parte da empresa que xestiona ese centro hospitalario á hora de exixir máis recursos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

**6.8 40988 (10/POP-004787) (C.E. 12641)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e dez deputados/as máis**

Sobre o estado de tramitación do expediente e os prazos estimados pola consellaría para o inicio das obras de remodelación do complexo hospitalario universitario de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018

**6.9 41046 (10/POP-004792)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Miranda Pena, Flora María**

Sobre a dispoñibilidade por parte da Administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica no concello de Cuntis

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018

**6.10 41592 (10/PUP-000208)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da dimisión en bloque de numerosos xefes de servizo de Atención Primaria na área sanitaria de Vigo como un punto de necesaria inflexión na súa política sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás tres e media da tarde.*

**Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.** (Punto primeiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno.* (Páx. 12.)

*Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Losa Ávarez).* (Páx. 12.)

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 14.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 18.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 22.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 28.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 33.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 35.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 38.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 40.)*

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.** (Punto primeiro da orde do día.)

*Presentación da proposición de lei: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 42.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 46.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 49.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 53.)*

*Rolda de réplica: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 56.)*

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

*Presentación da proposición de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 58.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 62.), Sra. Cuña Bóveda (EM) (Páx. 65.) e Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 67.)*

*Rolda de réplica: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 70.)*



***Votación dos textos lexislativos***

Votación das emendas 1 a 6, 8 a 15, 17 e 18 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación da emenda 7 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporada ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitada por 20 votos a favor, 51 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

Votación da emenda 16 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporada ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 28 votos a favor, 37 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 73.)

Votación do texto transaccionado da emenda 62 do G. P. de En Marea ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobado por 65 votos a favor, ningún en contra e 6 abstencións.* (Páx. 74.)

Votación das emendas 34, 36 e 81 do G. P. de En Marea non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 14 votos a favor, 51 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 74.)

Votación das emendas 24, 26 a 30, 69 a 73, 86, 87 e 89 a 91 do G. P. de En Marea non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 14 votos a favor, 37 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 75.)

Votación das emendas 1 a 23, 25, 31 a 33, 35, 37 a 68, 72 a 80, 82 a 85, 88 e 92 do G. P. de En Marea non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 28 votos a favor, 37 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 75.)

Votación do texto transaccionado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobado por 37 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións

sanitarias do Servizo Galego de Saúde: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2017-2021.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Fernández Fernández (S). (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 80.) e Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 82.)

*O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 85.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Miranda Pena (EM) (Páx. 92.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 95.)

*O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 97.)

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. José Manuel Lago Peñas, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co emprego da industria do automóbil.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 98.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 103.) e Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rodríguez Pérez (P). (Páx. 107.)

*O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 109.)

## Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2017–2021: *rexeitado por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 110.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública: *rexeitado por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

Votación dos puntos 6 e 7 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. José Manuel Lago Peñas, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co emprego da industria do automóbil: *aprobados por 68 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

Votación do texto transaccionado, agás os puntos 6 e 7, xa votados, da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. José Manuel Lago Peñas, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co emprego da industria do automóbil: *rexeitado por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 116.) *e Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 119.)

*O señor Trenor López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 121.)

*Suspéndese a sesión ás nove e trinta e sete minutos da noite.*

*Ábrese a sesión ás tres e media da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

*Ábrese a sesión.*

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

E entramos na orde do día.

O punto primeiro é o de textos lexislativos.

**Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**

**O señor PRESIDENTE:** Mantéñense emendas do Grupo Parlamentario do Bloque, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do ditame ten a palabra o presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, don Abel Fermín Losada Álvarez.

**O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Losada Álvarez):** Boas tardes.

Presentación do Ditame sobre o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 19 de outubro de 2018. A Mesa do Parlamento, na reunión do 19 de outubro, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego presentaron cadansúa emenda á totalidade, que foron cualificadas o 12 de novembro de 2018 e rexeitadas na sesión do Pleno do 19 de novembro de 2018.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou cincuenta e nove emendas; o Grupo Parlamentario de En Marea, noventa e dúas emendas; o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sesenta e seis emendas; e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dezaioito emendas, que foron cualificadas o 23 de novembro de 2018.

Ese mesmo día a Mesa da Comisión 3ª cualifica e admite a trámite as emendas parciais. Verbo deste acordo o Grupo Parlamentario dos Socialistas formula escrito de reconsideración por entender que algunha das emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Popular non

eran congruentes co proxecto de lei, reconsideración que foi desestimada pola Mesa da citada Comisión por maioría, cos votos favorables da vicepresidenta e o secretario e o voto en contra do presidente.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 26 de novembro de 2018, designou os seguintes ponentes. Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia: dona Paula Prado del Río, titular, e don Alberto Pazos Couñago, suplente; polo Grupo Parlamentario de En Marea: don Antón Sánchez García, titular, e dona Julia Torregrosa Sañudo, suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, titular, e don Abel Fermín Losada Álvarez, suplente; e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: dona Olaia Rodil Fernández, titular, e dona Noa Presas Bergantiños, suplente.

Nas reunións do 27 e 28 de novembro de 2018 a Ponencia estudou o texto articulado do proxecto, xunto coas emendas presentadas, e rematou o informe que contén as recomendacións que lle fixo a Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular.

A Ponencia suxeriu a aceptación das emendas números trinta e nove e corenta e dúas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e a número corenta do Grupo Parlamentario de En Marea. Quedaron subsumidas na emenda número corenta e cinco do Grupo Parlamentario Popular, de supresión da disposición adicional primeira do proxecto de lei, as emendas números oitenta e cinco, do Grupo Parlamentario de En Marea; corenta e nove, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia; e dezaseis, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Recomendouse a aceptación dunha emenda transaccional elaborada coa emenda número corenta e tres do Grupo Parlamentario de En Marea, consistente en modificar a alínea 3 do artigo 12 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, incluído no punto 1 do artigo 19 do proxecto de lei. E dunha emenda transaccional elaborada coa emenda número trinta e oito do Grupo Parlamentario dos Socialistas, que consistiu en modificar a alínea 1 do artigo 42 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento e implantación de iniciativas empresariais en Galicia, que se atopa no artigo 34 do proxecto de lei. E crear un novo artigo 34 bis) e introducir unha disposición transitoria terceira no proxecto de lei.

A Comisión, reunida o 11 de decembro de 2018, aprobou por maioría o informe da Ponencia e unha emenda transaccional sobre a emenda número dezasete do Grupo Parlamentario dos Socialistas, que figura introducida no punto 14 do artigo 6 do proxecto de lei.

O texto do ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos, seguida de corenta artigos, unha disposición adicional, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase en dous grandes títulos: o título I, referido a medidas fiscais, e o título II, relativo a medidas administrativas. O título I, dividido á súa vez en varios capítulos, es-

tablece modificacións da normativa que regula os tributos propios e os tributos estatais cedidos. O título II regula aspectos diversos de materias tales como o emprego público, réxime orzamentario, medio ambiente, territorio, infraestruturas, mar, sanidade, medio rural, política social, economía, emprego, industria, cultura, turismo, deporte e funcionamento da Administración.

Péchase este texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións adicional, transitorias, derogatoria e derradeiras.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Encaramos o debate final desta Lei de acompañamento e eu dividirei a miña intervención —igual que o texto— en dúas partes. En relación coa primeira delas, coa parte do proxecto de lei referida ás medidas fiscais, desde o BNG dixémolo ao longo de toda a tramitación parlamentaria: o que vemos é que o Proxecto de lei de medidas fiscais —esa parte, ese título da Lei de acompañamento— afonda nunha política impositiva de carácter regresivo. Deste xeito, non atopamos medidas que avancen cara a outra concepción da fiscalidade apostando nos principios de progresividade e equidade como eixes principais do sistema fiscal que permita atender a súa función redistributiva, como vimos defendendo tamén ao longo desta mañá.

Un ano máis non se contempla na Lei de medidas fiscais ningunha proposta para, dentro das limitadas competencias galegas, configurar un sistema fiscal máis xusto. Neste senso, desde o BNG mantemos as nosas emendas e defendemos con elas o incremento dos tipos para as rendas e patrimonios máis elevados, ou o uso das capacidades normativas propias, estreitas e limitadas para a creación de novos tributos.

Mofábanse pola mañá, e o outro día na Comisión tamén o facían, do imposto, por exemplo, ás bebidas azucradas. Igual que dicían —e lembráranos todas as súas señorías— que lle ían subir o IVE até aos chuches, e despois resulta que quen o criticaba foi o primeiro en subir o IVE.

Pero hai algo nas súas críticas, mesmo retranqueiras, ou nesa mofa que dá a razón ou vén reafirmar o BNG nunha das nosas principais críticas. E é certo que co actual marco estatutario, co actual marco político, co actual marco económico é escasísima a marxe de manobra que temos para dar verdadeiramente un cambio de rumbo neste senso. E entón quizais máis que mofarse, máis que intentar ridiculizar as propostas neste caso do Grupo Parlamentario



do BNG, ben estaría poder abrírmolos un debate político en profundidade sobre a necesidade de avanzar nun marco político diferente que nos permitise verdadeiramente dotar este país de mecanismos que permitan trazar e deseñar un sistema fiscal verdadeiramente redistributivo, verdadeiramente xusto.

Son modificacións, a pesar de todo, a pesar das estreiteces, a pesar do seu carácter limitado, que axudarían a configurar —insisto— un sistema fiscal máis xusto e máis equitativo; proporcionando, ademais, maiores recursos que reforcen, que blinden os servizos públicos básicos, como os dereitos sociais fundamentais, e contribúan a incentivar a dinamización económica e o cambio de modelo produtivo, tan necesario para o noso país.

Porén, outro ano máis o Goberno do Partido Popular no canto de avanzar nesta dirección —como comprobamos no proxecto de lei de medidas fiscais— opta por encamiñarse en sentido contrario, como claramente exemplifica —e xa temos denunciado nesta cámara— a medida de baixar os tipos no imposto que grava o patrimonio persoal.

Finalmente, no aspecto fiscal salienta a nula vontade de avanzar cara a unha maior capacidade fiscal e xestora. Despois de ter cedida, por exemplo, a recentralización dun gravame como o dos carburantes, nin sequera se planifica a previsión dunha mudanza que compense esa perda de capacidade política. E aquí escoitabamos pola mañá que o Partido Popular está por baixar impostos; iso puideron pensalo antes de cuadruplicar o dieselazo e o imposto que grava as rendas galegas no pagamento deste carburante.

Porén, o máis gravoso deste proxecto, desta iniciativa lexislativa de medidas fiscais, é o segundo título, esa Lei de medidas administrativas, o *totum revolutum* co que reforman máis dunha vintena de leis. Volven reformar a Lei de minaría, a Lei de prevención de incendios, a Lei de montes ou a Lei de implantación de iniciativas empresariais. E na Lei de depredación que aprobaron en solitario, hai apenas un ano, agora incorporan a través deste mecanismo un capítulo novo enteiro. Reformas e máis reformas; parches, en definitiva, que reflicten unha falta de planificación enorme e a máis pura improvisación.

O exemplo máis clarificador é a Lei do solo —díxenllo, ademais, na primeira ocasión que tivemos de debater a respecto deste anteproxecto de lei neste mesmo pleno—, unha Lei do solo que foi aprobada no ano 2016. Daquela díxose nesta mesma cámara, e en sucesivas declaracións públicas, que era o texto definitivo, que era unha lei de futuro —dicían—. Vemos que o futuro para o Partido Popular tiña as pernas ben curtas, porque a primeira reforma desa Lei do solo do ano 2016 foi o mesmo ano en que se aprobou na Lei de acompañamento para o exercicio 2017, que acompañaba precisamente os orzamentos para o 2017, e leva xa —como temos denunciado desde o BNG— máis mudanzas que anos en vigor.

Introducen nesa Lei de acompañamento, tanto pola proposta do Goberno como a través das emendas —e logo falarei diso— presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, modificacións heteroxéneas, modificacións dispares no ordenamento xurídico. Modifican —ademais das que citei antes— a Lei de deporte, a Lei de turismo, ou mesmo reformas introducidas en anteriores leis de acompañamento como a do ano 2017; refórmase o reformado hai apenas un ano.

Lexislan vostedes a golpe de ocorrencia e iso vese tamén nas máis de cincuenta emendas que presentou o Grupo Parlamentario Popular a este proxecto de lei, incluíndo reformas que atinxen dúas leis e un decreto, que nin sequera estaban previstas inicialmente. Logo subirán aquí e dirán que non lles gusta este procedemento lexislativo, pero que unha sorte de ciencia infusa o fai ou o torna inevitable.

Unha reforma lexislativa este mecanismo da Lei de acompañamento, da Lei de medidas administrativas de carácter excepcional, vinculada, en todo caso, estritamente á execución do propio orzamento que o PP utiliza intencionadamente para introducir reformas de calado, sen debate político, sen debate social, sen informe perceptivo do Consello Económico e Social, e por vía de urxencia. Retocan ano a ano, cada vez que teñen a posibilidade de facelo coa Lei de acompañamento, as leis que vostedes mesmo redactaron e aprobaron, e este ano fano, alén do máis, se mo permiten, de maneira absolutamente trapalleira. E para exemplo, un botón, eu intento por coar a figura da pediatría de área, unha ocorrencia da que xa se falou tamén pola mañá, presentada pola Xunta de Galiza, non sabemos se deseñada por unha mente preclara nun despacho en San Caetano, sen debate nin diálogo ningún cos profesionais da sanidade pública, e despois de modificar, hai que lembralo tamén, a Lei de saúde hai menos dun ano.

Unha ocorrencia que tiveron que retirar por presión social e por presión política, pero non por escoitar —como se dixo aquí pola mañá—, senón por lles dar verdadeira urticaria o diálogo.

Non pretendían solucionar ningún problema —como se dixo tamén esta mañá—, se iso fose así o que se faría sería contratar máis persoal público, o que vostedes ían facer é crear un problema aínda maior.

A sorte foi que se fixo público, e que a sociedade, e sobre todo os colectivos, as asociacións e organizacións sindicais e os colectivos profesionais fixeron que o Partido Popular dese marcha atrás neste intento de crear esa pediatría de área.

Pero este caso serve para algo máis, serve tamén para ver con claridade as cousas. Exemplifica á perfección este caso, aínda que non só —despois falarei doutros—, pero este caso da pediatría de área e o que vivimos ao longo do proceso de tramitación deste proxecto de lei de acompañamento exemplifica á perfección cal é a natureza da Lei de acompañamento —e xa o dixemos tamén en máis ocasións— e o uso que dela fai o Partido Popular cada ano desde 2009.

Mais non só pediatra de área —insisto—, tamén a emenda que, por exemplo, saía no debate esta mañá do Partido Popular sobre a liberalización dos sistemas de expropiación. Introduciron unha emenda a ver se maquillaban un pouco o pelotazo urbanístico de Mos, porque era excesivamente obsceno, excesivamente obsceno, pero aínda así manteñen esa emenda de adición do artigo 117 Bis, e imos ver que di claramente, eu creo que é importante verbalizar e poñer de manifesto que é ou en que consiste, cal é o contido desa emenda de adición 117 Bis.

Actualmente na lei, nese artigo 117, na sección 3ª, sistemas de expropiación, determínanse unha serie —e valla a redundancia— de determinacións xerais, que no punto primeiro din:



«Mediante este sistema de expropiación, a Administración expropiante obtén a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no polígono e executa as obras de urbanización.» Segue dando conta de cal é o modelo de aplicación, o xusto prezo e o modelo ou sistema de pagamento efectivo para tal efecto.

¿Que é o que di a partir de agora, ou o que vai dicir a partir de agora, se esa emenda 117 Bis ao artigo 117, como adición en 117 Bis, sae adiante con esta Lei de acompañamento?

Artigo 117 Bis, «Modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación». Di: «A Administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade da execución das actuacións do sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico.» Exactamente o mesmo punto que xa había na emenda inicial. Non cambian unha coma, e a posibilidade de privatización desa expropiación continúa aí.

E o colmo da trapallada —porque eu creo que é o mellor cualificativo de como se sucedeu todo o proceso de tramitación desta lei de acompañamento, xa o mero uso deste instrumento lexislativo para ventilar dun plumazo máis de vinte reformas legais —, o colmo da trapallada e da improvisación máis absoluta imos vivilo creo nesta sesión plenaria, ao longo desta tarde e neste minuto final, minuto e partido desta lei de acompañamento.

Nesta sesión o Partido Popular parece ser que vai retirar unha emenda, que en realidade xa fora aprobada polo propio Partido Popular, e o mesmo Partido Popular que a semana pasada votaba a favor, hoxe recúa porque a respecto da cuestión que se refire á Lei de montes a Consellería imaxinamos que ía ter problemas se saía adiante.

¿E por que? Porque reducen os grandes debates deste país, como é a política de xestión e ordenación do monte, ou a política de prevención de incendios, a un mero trámite que pode ser resolto pola vía —insisto— da improvisación máis absoluta, e a golpe de impulso, e é o colmo absolutamente da chafallada, da improvisación e do ninguneo, tamén, ao poder lexislativo e a esta cámara.

Nós non imos impedir a retirada desa mudanza do anexo II da Lei de montes, que se faga, mais o que queda claro é até que punto bailan vostedes ao son da «Yenka», sinceramente. Ou dito doutra maneira, fica evidente que nin teñen un proxecto para este país en asuntos que son centrais para o futuro de Galiza, nin teñen intención ningunha de abordalo coa seriedade e, sobre todo, coa tranquilidade que merecería calquera modificación legal.

E logo, seica veñen dicirnos aquí que non sei que da técnica orzamentaria, que non se pode aprobar ningunha das emendas presentadas pola oposición, porque non somos mentes tan preclaras como a do Partido Popular.

Nós imos votar en contra da Lei de acompañamento, porque alén do subterfuxio legal que representa, do pouco democrática, este ano é unha auténtica —insisto— chafallada, trapallada, unha auténtica improvisación, e imos velo até o último momento.

Mais visto que aínda están abertas as súas señorías a emendarse a si propias, rectifiquen unha vez máis, que cando rectifican acertan, e acepten as emendas que mantén vivas o Grupo Parlamentario do BNG.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputadas.

Hoxe debatemos o Informe da Ponencia da Lei de medidas fiscais e administrativas, coñecida como Lei de acompañamento, que a Xunta de Galicia —teño que repetir unha vez máis— nos achega conxuntamente co proxecto de orzamentos como se fora un apéndice, un volume máis dentro dese proxecto de orzamentos, que agora xa non é proxecto, xa é unha lei aprobada esta mañá pola maioría do Partido Popular. Lei que, unha e outra vez, temos que dicir que non é o mellor instrumento lexislativo, e supoñemos que a señora Prado del Río aceptará esta afirmación, posto que ela tamén a emprega habitualmente.

Aínda que para este ano, señora Prado del Río, non lle vai ser acaída a xustificación do ano pasado, no que nos dixo que esta lei para este ano se revela coma un instrumento útil. Supoño que este ano, ¿verdade?, non debe de ser un instrumento útil, porque por sorte para todos os galegos e todas as galegas este ano non houbo vaga de lumes. (*Aplausos.*)

Supoño que tampouco me dirá que é un texto moi traballado, igual que nos dixo o ano pasado, posto que a este texto apresurado que presentou o Goberno Feijóo, e que modifica vinte e nove leis e seis decretos, o Grupo Parlamentario do Partido Popular, é dicir, o grupo parlamentario que sustenta o Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia, presenta nada máis e nada menos que cincuenta e nove emendas. O ano pasado xustificaron corenta e oito emendas pola vaga de lumes, e este ano, ¿cal é a xustificación? Gustaríame saber cal é a xustificación, porque ademais incluso nas súas propias emendas introducen temas que non foron tocados e que non tiñan nada que ver con ese proxecto de lei remitido polo Goberno.

Vostedes sempre utilizan esta lei, esta Lei de medidas fiscais e administrativas, para modificar pola porta de atrás, cun procedemento de urxencia, sen publicidade, sen exposición pública, sen negociar cos sectores afectados, sen introducir os informes necesarios, sen o ditame do CES, e sen informar, nin debater, nin consensuar coas administracións locais, que nalgúns casos son moi moi afectadas.

Vinte e nove leis e seis decretos que non teñen conexión entre eles. Vinte leis desas vinte e nove promovidas polos gobernos Feijóo. Tres deses seis decretos promovidos polo Goberno Feijóo. Uns gobernos Feijóo que levan cento sesenta e oito modificacións das leis mediante

este procedemento, e que levan modificadas cincocentas sesenta cuestións normativas concretas.

Vostedes soben a esta tribuna, defenden as poucas leis que aproban —iso si, con moita publicidade e moita propaganda— e ao pouco tempo —tamén con moita publicidade e moita propaganda— emendan as súas propias leis, nalgúns casos ata en trinta e sete ocasións.

Quérolle recordar que hoxe, 18 de decembro de 2018, hoxe pola tarde este é o segundo texto lexislativo que se aproba neste parlamento galego. (*Aplausos.*) O primeiro foi aprobado esta mañá, que foi a Lei de orzamentos, e agora o segundo texto normativo.

Os gobernos Feijóo son gobernos PP, de publicidade e propaganda, son gobernos de opacidade, onde brilla a falta de transparencia, o menor debate posible, máis rodillo, aínda que non lle guste ao secretario xeral do Partido Popular, e un goberno no que nada é o que parece.

Mire, é un goberno que despreza o labor da oposición neste parlamento. É unha pena que o señor Tellado acabe de marchar, porque me gustaría repetir aquí —para que vexan a elegancia dun goberno do Partido Popular con maioría absoluta— que na Comisión 3ª nos dixo aos grupos que conformamos a oposición —que somos as minorías que conforman este parlamento— que era igual que levar o can ao psicólogo, porque saía igual que entraba. Que nós seguimos coa nosa matraca e el nos demostra ano tras ano o erro que cometemos, pero que nós ano tras ano non aprendemos nada.

E, ademais, fíxonos unha cita, unha cita de Winston Churchill, que ademais quero repetir aquí para que se escoite ben, porque a verdade é que a cita é, cando menos, elegante, elegante dun goberno con maioría absoluta que se pode permitir co seu rodillo aprobar todo o que lle dá a gana, pero aínda así non lle chega, e dinos, e vou citar textualmente: «*Nunca llegarás a destino si te paras a tirar piedras a cada perro que te ladre.*» Moi elegante, moi bonito, a verdade é que si. Dá gusto escoitar no secretario xeral do partido que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia tanta elegancia.

Pero mire, quérolle recordar ao señor Tellado, e a todos os deputados e deputadas, e evidentemente tamén ao señor conselleiro, que estas minorías que se sentan deste lado da bancada representamos case o 50 % dos homes e mulleres que vivimos neste país. (*Aplausos.*) Polo tanto, non nos parece que nos deba desprezar.

De todas formas, señoras e señores deputados e deputadas do Partido Popular, ¿vostedes consideran que estes grupos minoritarios podemos ou debemos ser —aínda que sexa cunha cita— comparados con cans? ¿Ou que se nos queira calar á oposición a pedradas? Eu fronte a isto, dígolles: miren, ¡nunca nos van calar!, ¡nunca nos van calar! (*Aplausos.*)

E fronte ás pedradas do Partido Popular, eu voules facer unha cita que é moito máis elegante, aínda que vaia da oposición: «*No estoy de acuerdo con lo que dices, pero defenderé hasta la muerte tu derecho a decirlo.*» ¡A ver se aprenden un pouco!

Fronte ao enfrontamento e á represión do Partido Popular, os socialistas defendemos unha e outra vez o diálogo e a negociación, o diálogo e a negociación fronte ao enfrontamento e á represión do Partido Popular.

Ben, os deputados e deputadas do PSdeG volvemos rexeitar esta práctica habitual dos gobernos do Partido Popular, que —como dixen antes—, a pesar de contar con maioría absoluta, aproban e deciden meter todos os seus cambios lexislativos que consideran, todos xuntos, nunha lei e aprobalos pola porta de atrás.

Vostedes neste parlamento desbotan a posibilidade, unha e outra vez, de debater as proposicións de lei que presentan os grupos da oposición, que presentamos continuamente. E por outro lado nin se toman a molestia de traer textos lexislativos, ¿para que? Non fan falta, meten todo xunto na Lei de acompañamento e nun só debate, veña: vinte e nove leis modificadas e seis decretos.

Ademais diso, o Partido Popular presenta cincuenta e nove emendas e novas leis que se modifican e que non teñen nada que ver co anterior proxecto que foi aquí presentado, como pode ser a Lei de caza de Galicia —que creo que imos con esa emenda solucionar todos os problemas— ou o decreto polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, ou unha lei que modifica a creación do CES.

En fin, tamén lles vou dicir, nós —estes autores e representantes das denominadas polo elegante secretario xeral do Partido Popular como emendas basura, e ademais emendadas tamén por el mesmo esta mañá como emendas lixo, pois dá igual emendas basura, emendas lixo, como vostedes queiran, da forma elegante que teñen de poñerse aquí nesta tribuna e manifestarse—, sen esa elegancia, presentamos un total de sesenta e seis emendas: unhas que son medidas fiscais, porque o Goberno Feijóo nos trae un proxecto de lei co que anuncia unha serie de rebaixas fiscais moi importantes para a cidadanía.

Mire, o Goberno Feijóo o que nos trae aquí é un conto de Nadal. Os propios orzamentos desmenten este anuncio. A recadación por tributos do Goberno galego para este ano 2019 a previsión é que aumentan, e a realidade é que a rebaixa do imposto sobre patrimonio que presenta o Goberno Feijóo é a medida que maior impacto ten de todas as rebaixas fiscais anunciadas polo Goberno Feijóo. Unha medida que afecta só 7.132 persoas, cunha cota líquida media de 10.000 euros, é dicir, afecta 7.132 persoas, as que máis teñen no noso país. Unha rebaixa fiscal que lle vai custar á facenda da Xunta de Galicia deixar de percibir 12 millóns de euros. E esa é a política fiscal de beneficios fiscais e de rebaixas fiscais que presenta o Goberno Feijóo.

Polo tanto, o que traen vostedes aquí é unha política fiscal regresiva, unha política fiscal que favorece, coma sempre, os que máis teñen.

Fronte a isto, as emendas lixo dos socialistas, pois presentamos unha serie de emendas que o que perseguen é a redistribución da riqueza, favorecer as persoas máis vulnerables e que quen contamine sexa o que pague.

Por iso, propoñemos a dedución por adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual, que os contribuíntes poderían deducir un 3 % das cantidades satisfeitas pola adquisición ou rehabilitación nova situada na comunidade autónoma e que constitúa ou vaia constituír a vivenda habitual do contribuínte, sempre que sexa a vivenda habitual e cunha base imponible que non supere a contía de 18.000 euros na tributación individual ou 22.000 na tributación conxunta. E, ademais, unha contía que se incrementaría ata o 5 % se se producise nun concello de menos de 5.000 habitantes.

Nós, fronte a esas rebaixas fiscais do Partido Popular, os socialistas, presentamos unha dedución para familias monomarentais ou monoparentais ou, no seu caso, con ascendentes maiores de setenta e cinco anos. Poderían ter dereito a aplicar na cota íntegra autonómica unha dedución de 400 euros, e que se incrementaría noutros 200 máis por cada ascendente maior de setenta e cinco anos que xere o dereito á aplicación do mínimo por ascendentes. Isto sempre que a base imponible xeral e de aforro non supere os 40.000 euros en tributación individual ou 65.000 no caso de tributación conxunta.

Nós propoñemos tamén un incremento do tipo de gravame autonómico no imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable para as rendas máis altas.

Propoñemos, tamén, un mínimo exento no imposto sobre patrimonio, que o mínimo exento sexa de 400.000 euros excluindo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondentes á vivenda habitual e non beneficiar as rendas máis altas.

Tamén propoñemos un incremento nas tarifas do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga encorada; que ademais este incremento quedaría afectado pola recadación para a conservación, reparación e restauración medioambiental, fundamentalmente a relativa á eliminación de residuos, e que non sería trasladable ás persoas consumidoras.

Igualmente, propomos un incremento da tarifa sobre o imposto sobre a contaminación atmosférica, que tamén quedaría afecto á conservación, reparación e restauración medioambiental, en especial a cuestión relativa á eliminación de residuos, e que tampouco sería trasladable ás persoas consumidoras.

Tamén pedimos unha exención nas taxas sobre uso en terreos de zonas de servizo portuario para que as corporacións públicas ou entidades sen ánimo de lucro nestes terreos —que ás veces son o centro, onde se fai o centro do mesmo pobo, da vida do pobo— poidan realizar determinados usos, distintos dos estritamente portuarios, como poden ser actividades culturais, actividades recreativas, certames feirais, etc., sempre e cando non leven unha utilidade económica ou que esta utilidade económica sexa irrelevante.

Vostedes tamén propoñen unha baixada do 10 % no canon de Sogama, o que supón 5,6 millóns de euros, segundo os datos facilitados pola propia Consellería, cunha serie de condicións para os concellos, pero nestes últimos dous anos —2016 e 2017— Sogama presenta uns resultados positivos de 9,5 e 12 millóns de euros respectivamente.

Vostedes esquecen que no ano 2014 aplicaron unilateralmente un incremento do canon de Sogama dun 34 % que non tiñan porque trasladalo á cidadanía, é dicir, aos concellos, ou ben o trasladaban ou ben o asumían con orzamentos propios e, polo tanto, diminuindo os seus recursos dispoñibles.

Pois nós, fronte a isto, o que propoñemos é unha rebaixa do canon de Sogama que poida ser cun mínimo do 10 % e que poida acadar ata o 20 %. E hai algo fundamental, que é a colaboración absolutamente necesaria da Consellería de Medio Ambiente cos concellos galegos para promover a recollida selectiva e dándolles información ás persoas ou beneficiarias do servizo.

Nós tamén propoñemos unha revisión do sistema de prezos académicos, das universidades de Galicia, co fin de garantir a gratuidade da primeira matrícula en todos os graos do sistema universitario e que se vaia implantando progresivamente, co fin de permitir o acceso á universidade a todas as persoas que teñan acceso a mesma.

Nas medidas administrativas, o emprego público. A Xunta de Galicia presenta unha nova modificación xeral da Lei de emprego público de Galicia, novamente pola porta de atrás, sen a negociación colectiva previa e sen o debate orzamentario necesario.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Remato xa, señor presidente.

Unha lei que foi aprobada en 2015 leva trinta e sete modificacións, catorce só nesta lei, e os socialistas presentamos unha serie de emendas derivadas do debate cos sindicatos máis representativos do emprego público autonómico, co gallo de favorecer a recuperación das condicións laborais perdidas polos empregados públicos durante os gobernos do señor Mariano Rajoy, a maiores dos gobernos do señor Feijóo.

Pedimos derrogar a Lei 1/2012, esa de medidas temporais que segue vixente seis anos despois, agás o seu artigo 4.1.3, que mantería a súa vixencia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e a aplicación —remato xa con isto— das medidas contidas no segundo acordo para a mellora do emprego público asinado polo Goberno central e as organizacións sindicais o 9 de marzo de 2018, sendo ministro o señor Montoro.

Nesta primeira rolda nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentaria de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes a todos e a todas.



O Partido Popular volveu desprezar o procedemento lexislativo ordinario, unha vez máis, democrático, transparente, para apostar pola introdución de cambios, pola porta de atrás, de temas transcendentais para o futuro de Galicia, esquivando, polo tanto, ese debate público e sosegado que podería ter cun procedemento ordinario.

Non é casualidade, xa que a súa aposta neoliberal e depredadora, como única vía de desenvolvemento para este país e que ademais está ao servizo de determinados intereses particulares, non pode ser transparentado na súa totalidade, é preciso escondelo, hai cousas que é preciso esconder.

Detrás desa técnica lexislativa, e a improvisación aparente, practicadas unha e outra vez, están os intereses particulares, intereses, ademais, empresarios de sectores que crean pouco emprego e pouco valor engadido neste país.

A Lei de acompañamento vén sendo escenario deste tipo de prácticas, para nós totalmente antidemocráticas, pero nos últimos dous anos hai unha volta de tuerca aínda por riba, non só se modifican máis de vinte leis en aspectos fundamentais, ou mesmo se fan reformas integrais como a do ano pasado no sector eólico ou mineiro, senón que tamén os ditos cambios agora se dan na fase onde o Partido Popular, que sustenta o Goberno, pois presenta emendas, e temos que esperar á última hora as emendas do Partido Popular para cambios tamén transcendentais. Legal é, pero non nos parece nin moi serio nin moi democrático facer dese xeito. É dicir, o Partido Popular introduce cincuenta e cinco emendas a este proxecto de lei. E incluso introduce emendas a leis que non se introducían no proxecto de lei, como a Lei de caza, por exemplo, ou para a conformación do Consello Económico e Social. Para nós é unha forma chafalleira de proceder.

Ben, en canto ao contido deste proxecto de lei xa se falou moito, pero hai que reiterarse na súa política fiscal, que é política fiscal de estrangular o público, facendo perderlle peso na economía xeral do país, e da regresividade, favorecendo as clases altas e prexudicando a maioría.

Reivindican sempre a baixada de impostos, pero estas políticas de baixadas indiscriminadas de impostos benefician, principalmente, as rendas máis altas, e este ano teñen un exemplo moi claro, que é a rebaixa do imposto de patrimonio; rebaixa proposta que con lixeiras variacións nas porcentaxes, sendo algo superior nos tramos altos da base, ao afectar a todos os tramos case por igual, o impacto cuantitativo é especialmente relevante para as bases máis elevadas. Ou sexa, non é só que se lles reduza aos ricos, senón que se lles reduce máis aos máis ricos.

É unha política fiscal coa que non concordamos, é dicir, segundo a súa rebaixa un patrimonio de 10.600.000 euros tería unha rebaixa anual no imposto de patrimonio de 38.000 euros. E unha base liquidable de 167.000 euros tería 66 euros de rebaixa. Xa me dirán vostedes a quen beneficia ou non esta reforma lexislativa.

Tamén en canto ás medidas administrativas, volveron facer unha reforma máis da lei que ía traer estabilidade ao urbanismo deste país. No 2016, primavera de 2016, apróbase a Lei do

solo e xa levamos catro modificacións, e iso que xa ía traer a estabilidade. Ademais, sen un criterio moi claro, neste caso pretendíase facer cun artigo 117 bis o que é a privatización do sistema de expropiación. Xa sabemos a que intereses servía esta modificación. É dicir, ese artigo 117 bis poñía no punto 3: «Así mesmo, de acordo cos principios de transparencia, publicidade e concorrência, poderá atribuírselles a condición de beneficiario de expropiación a persoas naturais ou xurídicas para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, que executen as obras de urbanización».

Ben, isto rescataba algo parecido ao que era o sistema de concesión de obra urbanizadora que estaba presente na Louga de 2002 e que vostedes mesmos suprimiron na do 2016, e vólvena rescatar, pero só que agravada, privatizando aínda máis este sistema de expropiación, semellando o que era o axente urbanizador valenciano.

Gustaríame saber, señor conselleiro, ¿que pretendía o Goberno incluíndo neste proxecto de lei este 117 bis? Gustaríame saber a motivación, porque eu supoño que cando se mete isto, di: temos un problema coa aplicación da lei do solo, temos un problema que non se desenvolven os ámbitos, etc., etc., e entón imos introducir iso. Fáltanos esa explicación. Aínda que agora retiren os aspectos máis explícitos desta proposta, gustaríanos saber cal foi a motivación do Partido Popular para introducir este cambio que despois retiran.

Retíranos porque os collemos nas patacas, ¡porque os collemos nas patacas!, pero gustaríame saber cal foi a primeira motivación. E dígoo en serio, gustaríame entender por que se retira en 2016 o sistema de concesión de obra e agora se mete unha figura que é como axente urbanizador valenciano, aínda que a retiren nas súas emendas. Gustaríame entendelo.

Ben, nós tampouco imos aprobar tal e como quere o Partido Popular, porque como xa aquí se dixo tamén deixa aberta a posibilidade de determinadas operacións.

Díganlle á alcaldesa de Mos, do Partido Popular, que as institucións non están para favorecer os pelotazos, que están para traballar polo interese xeral.

Ben, vostedes volven apostar tamén pola improvisación, e polo caos normativo urbanístico no rural, e isto tampouco viña no proxecto de lei. Volven introducir a través da emenda unha modificación da disposición transitoria terceira da Lei do solo sobre as edificacións en solo rústico, na que din que se manteñan o uso e actividades autorizadas orixinariamente, permitíndose, en todo caso, o cambio de uso a calquera dos regulados no artigo 40 desta lei.

¿Que pretenden con esta modificación? Non o entendo, sinceramente, non o entendo. ¿Pode ser —se o lemos con determinada interpretación— que calquera edificación con licenza en solo rústico poida cambiar o seu uso? ¿Pode ser que unhas naves de produción de porcino, ou de coellos, con licenza en rústico poidan mudar a residencial, que é un dos usos recollidos no artigo 40? ¿Pode ser iso? ¿É o que vostedes pretenden con iso? Ben.

Pois nós cremos que con esa redacción si que se pode interpretar, por iso presentamos a seguinte proposta de transacción —que cremos que é máis axeitada, e trasladámoslla ao Par-



tido Popular—, pero non temos resposta, e é que se manteñan o uso e actividades autorizados orixinariamente, permitíndose, en todo caso, e no suposto de edificacións de carácter tradicional, o cambio de uso a calquera dos regulados no artigo 40 desta lei co réxime de condicións establecidas no dito artigo. ¡Cambia bastante a cousa! Non tivemos ningunha resposta. Supoño que será porque a cousa vai no outro sentido.

Propoñemos, tamén, a supresión da figura da iniciativa empresarial prioritaria, que se pretende crear coa modificación de hai un ano, aprobada a lei esta de fomento de iniciativas empresariais, que xa preguntarei tamén polos resultados desa Lei de fomento de iniciativas empresariais.

É dicir, como nos proxectos estratéxicos se lles dan a estas iniciativas empresariais prioritarias unha serie de beneficios administrativos, se lles reducen á metade os prazos, e nós cremos que é unha discriminación máis. Aquí queremos unha administración eficiente para calquera iniciativa económica, para calquera iniciativa económica, teña o tamaño que teña ou sexa de calquera tipo, mentres que sexa unha actividade legal. ¿Por que 2 millóns de euros, ou 1 millón de euros, como propón o Partido Socialista de rebaixar que ten que ser o investimento? ¿Por que non pode ser estratéxico un investimento menor de 1 millón de euros? ¿Por que non?

E, ¿por que non esas actividades tamén teñen que gozar dunha administración áxil e eficiente? ¿Cantos negocios ou iniciativas non se veñen abaixo por culpa dunha administración ineficiente e pola burocracia? ¿Cantos coñecemos todos nós? Claro, o que hai que facer é que toda a Administración funcione ben para que as iniciativas grandes e as pequenas gocen das mesmas posibilidades. Non entendemos unha vez máis este tipo de propostas.

Tamén propoñemos a derogación da dita lei, a Lei de fomento de iniciativas empresariais, a lei de depredación, porque implementa un modelo baseado na explotación insostible dos recursos naturais, que xera pouco emprego e pouca riqueza, e non nos cansaremos de repetilo. Cando vostedes veñen aquí e din que nós somos os inimigos do emprego, non, este modelo é o que destrúe emprego, o que destrúe as posibilidades de futuro no rural de Galicia.

Por certo, ¿que efectos tivo esta lei nas deslocalizacións ao norte de Portugal? Que seica era o motivo polo que se aprobou esta lei.

¿Temos algún balance, señor conselleiro? ¿Funcionou? Porque eu creo que esta lei unicamente funcionou para que as eléctricas e os bancos, e os fondos voitres, poidan facer negocio co vento galego, é o único que funcionou, porque se vemos os datos de captación de investimento estranxeiro en 2018 e os comparamos con 2017, vemos que foi a peor a cousa. Se vemos os datos nos seis primeiros meses de 2017 captáronse 94 millóns de euros de capital estranxeiro en Galicia. Nos primeiros seis meses de 2018 foron 32, un terzo. ¿Cal foi o efecto desta lei para captar capital estranxeiro para que non se vaian ao norte de Portugal? É que vostedes pensan que aquí nos chupamos o dedo, ¡claro!

Ben, nós xa sabiamos que non era por iso, nós xa sabiamos —estudando o contido da lei— que era nada máis que para beneficiar o lobby eléctrico, o mineiro e o forestal. ¡Como así foi! No da deslocalización seguimos esperando noticias.

É dicir, nas nosas emendas tamén propoñemos dúas cuestións, que xa sabemos que non as van aprobar, evidentemente, máis que nada para denunciar o modo de funcionar que teñen vostedes. Vostedes fan unha reforma da Lei de minaría total, unha reforma integral o ano pasado, pola porta de atrás e sen dar un debate dun tema que saben que é sensible socialmente, que é moi sensible socialmente e que hai moitos colectivos que están pelexando en contra das agresións de determinadas empresas mineiras, e vostedes fano pola porta de atrás para evitar ese debate, para evitar as protestas.

Ben, pero vostedes seguen sen aprobar o principal instrumento de planificación mineira explicitado na Lei de ordenación mineira de 2008, o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia. ¿Como un goberno pode ter sen desenvolver o principal instrumento de planificación en Galicia?, ¿por que?, ¿por que? Non sei, xa sei que son preguntas retóricas, xa sei que non me van contestar.

E despois, tamén, ¿como poden reformar o sector eólico, a Lei do sector eólico completamente, cambiar as regras do xogo, sen abrir un debate? Nun sector que podería ser absolutamente decisivo no desenvolvemento do rural galego se se democratiza e se deixa de ser negocio para as grandes empresas, e se se fai como en moitos países europeos que esa riqueza reverta na sociedade. Vostedes pola porta de atrás, porque non poden explicarlle á sociedade realmente a que intereses están servindo.

Tamén se modifica, outra vez máis, a Lei de patrimonio, e non para garantir mellor a protección do patrimonio, senón para volver rebaixar as garantías. Sométese á tutela do patrimonio cultural, á dirección do departamento forestal correspondente, integrando na autorización forestal —incluídos os bens de interese cultural— o que é o informe de patrimonio.

E claro que os informes de patrimonio están tardando, e claro que atrasan determinadas actuacións que non teñen ningún problema que se fagan, determinadas cortas que non hai ningún problema que se fagan, pero o que hai que facer é poñer recursos humanos, técnicos e materiais para que se fagan os informes en tempo e forma, pero non se trata de desprotexer. Nós cremos que o patrimonio é un pilar de futuro para este país, e non se pode desprotexer, e vostedes saben que determinadas actuacións de cortas e de plantación forestais están provocando danos no noso patrimonio. Hai denuncias, decenas de denuncias, todos os anos por culpa de agresións ao patrimonio de cortas e plantacións, e iso non significa que todo o mundo que faga cortas e plantacións o faga, pero hai denuncias das asociacións que defenden o patrimonio, e vostedes estanlles dando máis facilidades.

Tamén se modifican os criterios de cambio de uso agrícola a forestal. Tamén se cambian e modifican as condicións do cambio do uso do terreo forestal queimado, por indefinidas razóns —como di— derivadas das necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio. Se non se precisa máis, aquí cabe de todo, e estamos falando de cambiar o que é un solo rústico e forestal que está queimado, darlle un cambio de uso, e iso non pode estar tan aberto, no noso criterio, evidentemente.

Despois vólvense facer, non teño moito tempo, pero vólvense facer moitos cambios na Lei de montes e na Lei de prevención de incendios, nas que nalgúns estaremos de acordo e nou-

tros non, pero é unha vez máis sumir no caos unha lexislación que se foi modificando ata dúas veces por ano no último ano, na Lei de acompañamento, na Lei de fomento de iniciativas empresariais, agora outra vez na Lei de acompañamento, e parece que agora, en última instancia, vai volver haber outros cambios na cuestión das distancias, e non nos parece moi serio andar cambiando sempre de criterios, e sobre todo non coñecer cales son as razóns destes cambios, porque hai cousas que nós, a verdade, non entendemos.

Ben, quedame moi pouco tempo.

Despois, tanta modificación lexislativa, con cambiar a lei non se soluciona todo. É dicir, vostedes fan moita propaganda, falan dese consenso histórico no ditame da Comisión Forestal, paréceme moi ben. Pero vostedes propoñen as conclusións dese ditame, como son, por exemplo, que se fagan todos os plans de ordenación de recursos forestais antes de 2024. Non fixeron nin un dende 1992 en vinte e cinco anos, e cos mesmos recursos pensan facer en cinco anos todos os plans de ordenación de recursos forestais, e nos orzamentos deste ano non hai ningún cambio no que é a dotación de recursos humanos para os distritos forestais, para que poidan facer ese labor de dinamización que tamén consta no ditame forestal. Iso é un engano, é dicir: si que imos facer isto, imos facer o outro; pero sen os recursos, evidentemente, van quedar sen facer unha vez máis. Por iso pedimos menos propaganda e máis realidades.

En canto a Sogama, e xa o dixemos, proponse a rebaixa do canon dun 10 %, despois de subilo un 33,4 %, rebaixado despois en 2015 —creo recordar— un 10 %, e agora un 10 %. ¿Por que un 10 %? Se vemos as contas de Sogama dan perfectamente para rebaixar un 20 % o canon e deixalo como anteriormente.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Se para vostedes a súa preocupación é trasladarlles a mellora económica á xente, fágano. ¿Por que non? ¿Por que imos seguir financiando Gas Natural Fenosa ou Naturgy cando gañan 16 millóns de euros antes de impostos, e cando xa teñen pagados todos os créditos do *Project Finance* e os préstamos participativos coa Xunta e coa propia Gas Natural Fenosa? Un dos motivos polos que se fixo esa subida do canon, que non foi o cambio retributivo, foi para pagar todos estes préstamos, entre eles os préstamos que se pagaron a vostedes mesmos, ou á Xunta e a Naturgy, tamén.

Polo tanto, e xa remato, que se me fixo moi curto, señor presidente. Como conclusión, nin nos parece serio nin nos parece democrático, estanse cambiando constantemente cuestións moi transcendentales de sectores moi transcendentales para o futuro de Galicia; estanse facendo dun xeito escondido, porque os seus desexos moitas veces son inconfesables.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidente.

Señorías.

Ben, chegamos hoxe ao final do debate da Lei de medidas, despois de tela debatido varias veces previamente, non só no pleno do debate á totalidade, senón que tivemos oportunidade de debater nas dúas reunións da Ponencia que mantivemos con todos os grupos parlamentarios, e ademais o pasado día 11 tamén tivemos o debate das emendas na Comisión.

Quen escoite hoxe as súas intervencións, igual pensan que falamos de textos lexislativos diferentes. Vostedes falan de falta de debate, de falta de transparencia, de opacidade, pola porta de atrás. Que eu saiba a Lei de medidas entrou polo rexistro, pola porta de adiante, creo que con todas as follas, creo que non se agochou ningunha, e eu dou por suposto que todos vostedes saben ler, e por tanto foron capaces de lela, de interpretala, e en ningún caso a Lei de medidas tiña artigos con tinta china desa que de repente aparece soa.

Penso, señorías, que dende hai dous meses, dous meses que entrou por rexistro a Lei de medidas, foi suficiente para que vostedes tiveran tempo de lela, de estudala, de emendala —que así foi— e de debatela, como fixemos en varios debates.

Di o señor Sánchez que será legal, pero non é democrática. Mire, señor Sánchez, vivimos nunha democracia porque grazas a unha constitución que sobreviviu corenta anos —e moi a pesar de vostedes agora mesmo, que seica non lles gusta— hoxe vivimos en democracia, e mire, o que é democrático é legal, porque se este texto non fose democrático, estou convencida, e vostede tamén, de que non sería legal.

Miren, eu dicíalles cando debatemos por primeira vez esta lei que había que votala por tres motivos: primeiro, porque modifica a tributación para baixarlle os impostos á sociedade galega; segundo, porque inclúe melloras no ámbito do benestar social; e terceiro, porque hai modificacións que favorecen a protección do medio ambiente no que se refire á mellor xestión do monte e protección dos incendios forestais, e tamén se incrementan as sancións para as empresas que xestionan a minería.

Ben, pois eu creo que tras a aprobación da Ponencia na Comisión da pasada semana e tras o trámite de engádegas de emendas e demais, pois eu creo que a lei foi mellorada no trámite parlamentario. Hoxe mesmo imos falar tamén dunha previsible transacción, da que xa lle adianto, señora Rodil, que non vén dunha emenda, vén do texto orixinario. Se o BNG non foi quen de ler nese texto orixinario e darse conta de que había un erro técnico, En Marea, si; En Marea, por exemplo, emendouno, quizais porque En Marea atendeu máis e leu mellor, probablemente, ese artigo e non estaba nin pola porta de atrás, nin era opaco, nin era oculto. Quero dicir que se hai un grupo que o emenda é porque era claro, se hai grupos que non o emendan, sinto dicirlles que non é porque non estivera no texto lexislativo.

Eu dicía, primeiro, que esta lei favorece que se baixen os impostos dos galegos. Claro está que xa sabemos que iso de subir impostos é de esquerdas. Non sei, din que isto que é regresivo, eu creo que o que é regresivo é subir impostos e ademais alonxado da equidade. Supoño

que cando falan de progresivo se refiren a ese imposto ás medidas azucradas co que agora imos pagar 8 ou 9 euros *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* polo litro de Coca-cola, señora Rodil. E eu creo que agora, a partir desa medida, os pagafantas terían moitísima cotización á alza, *(Aplausos.)* todos queren un pagafantas na súa pandilla. *(Aplausos.)*

Ben, brincadeiras á parte, eu creo que vostedes —que fala da mofa dese imposto— si se moraron dos impostos cero no rural. E hoxe é unha realidade que grazas aos impostos cero no rural en Galicia se incrementaron as transaccións no medio rural. Vostedes mofáronse da rebaixa no imposto de sucesións e doazóns, e hoxe é unha realidade que houbo moitísimos pactos de mellora e moitísimas doazóns e actos inter vivos dende que se aprobou esa modificación impositiva. Por tanto, a mofa que vostedes facían aos galegos non lles pareceu tal mofa e aproveitaron a conxuntura desa rebaixa impositiva para ter máis cartos no seu peto, que é do que se trata.

Señorías, con esta lei —como dicía— implantamos novas rebaixas fiscais, melloramos as condicións de traballo e de conciliación dos empregados públicos, incluimos unha rebaixa do canon do 10 % aos concellos que o certifiquen. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ao señor Sánchez non lle parece suficiente. Pero, señor Sánchez, mellor iso que nada, podería entrar aquí a debater sobre toda a traxectoria e todos os anos de crise de subidas e baixadas de Sogama. En calquera caso, dicirlle que se está a traballar coa Federación Galega de Municipios e Provincias e creo que eles son os interlocutores válidos para falar deste asunto. Permitirase a reconstrución de edificacións afectadas por catástrofes que sexan declaradas de emerxencia. Evitaremos os riscos derivados do estado de abandono de parcelas forestais e será posible compatibilizar o acceso á Risga a aquelas persoas que estean traballando pero teñan baixos ingresos.

Esta mañá escoitabamos un voceiro socialista dicindo que só había unha cousa coa que estaba de acordo co Partido Popular, e era coa creación de emprego. Resulta sorprendente que xusto sexa o Partido Socialista o que presente unha emenda de supresión a este artigo, que o que fai é que as persoas que cobran a Risga poidan compatibilizala cun traballo. ¿Que máis dignidade hai para unha persoa que que os seus ingresos veñan do seu traballo? *(Aplausos.)* E non, en ningún caso, da súa forma de entender a política social como asistencialista. Supoño que para vostedes a Risga é un recurso asistencialista, para nós non.

Ben, vostedes están moi preocupados polas emendas que presenta o Partido Popular. Eu, a verdade, como vostedes están gobernando en Valencia cun bipartito, e os partidos que sustentan o bipartito valenciano —PSOE, Compromís e Podemos— presentaron nin máis nin menos que duascientas oitenta e catro emendas ás súas leis de medidas e de orzamentos, señorías, que veñan vostedes aquí falar das emendas que presenta o Partido Popular pois resulta, cando menos, sorprendente.

Das cincuenta e oito emendas que presentamos, trece son á exposición de motivos, porque cando un emenda o texto lexislativo, loxicamente ten que trasladalo á exposición de motivos.

Vostedes non emendaron a exposición de motivos, vostedes emendan todo o texto lexislativo pero a exposición de motivos que quede como estaba. Se nós só lles aceptáramos todas as súas emendas a verdade é que sería un texto lexislativo absolutamente caótico, cunha exposición de motivos que propón unha serie de cuestións e cun texto lexislativo que difire absolutamente da exposición de motivos. Por tanto, creo que é importante tamén esa apreciación de técnica lexislativa.

E dicía que trece eran á exposición de motivos por unha cuestión de lóxica lexislativa e de técnica lexislativa. ¿As restantes? Corenta e cinco, pois, mire, aproximadamente a metade —vinte e unha— refírense a cuestións reguladas nos artigos 19 e 22, relacionadas coa prevención de incendios forestais e para dar cumprimento a ese ditame —que a vostedes non lles gusta, señor Sánchez, nunca lles gustou— da Comisión de Estudo Forestal. E en ningún caso, señora Rodil, é unha improvisación.

Estes dous grupos de emendas supoñen case o 60 % do total. As emendas vinte e unha, vinte e dúas, vinte e tres, vinte e seis, vinte e oito, trinta e tres, trinta e seis, corenta, corenta e unha e corenta e dúas introducen cuestións absolutamente gramaticais, correccións de erros mínimas. Ou sexa que vir falar aquí de que non temos unha idea de país cando moitas das emendas son por correccións gramaticais, señora Rodil, resulta tamén simpático. A emenda vinte e catro é unicamente unha referencia á Lei do solo estatal. A vinte e cinco, para evitar graves consecuencias que terían por dar lugar á eliminación desproporcionada da biomasa —como lles dicía antes—. Ou a vinte e sete, que elimina os custos de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que eran asumidos polos concellos —¿non están de acordo, señorías?, bueno, pois díganlo—. A emenda vinte e nove, que se refire á referencia a terreos que estean incorporados por esta causa ao patrimonio do Estado e que non se poden equiparar ao suposto de propietario descoñecido —¿tamén están en contra diso?—. Ou a trinta, trinta e cinco e trinta e sete, sobre silvicultores activos.

E así poderíamos estar falando de todas as emendas que dan cumprimento ao ditame. A trinta e unha, referida á recomendación catorce. A trinta e dúas, para a Lei 39/2015. A trinta e catro e a trinta e oito, tamén. Todas elas para o ditame da Comisión Forestal.

E, señor Sánchez, as modificacións que estamos debatendo refírense... Cando vostede falaba da axilización de procedementos de corta de piñeiros e eucaliptos en ningún caso se desprotexe o patrimonio. Vostede pode dicir aquí o que queira, pero en ningún caso se desprotexe o patrimonio. A mellora da xestión dos montes veciñais co fin de protexelos dos riscos do abandono das parcelas colindantes, así como favorecer e apoiar as iniciativas de xestión forestal sostibles. Tampouco están vostedes de acordo, pero non é unha cuestión de que o Partido Popular diga agora cousas que van empeorar o noso territorio ou a cuestión forestal.

Señora Rumbo, vexo que están vostedes moi ofendidos porque o noso secretario xeral dixo das súas emendas que pretendían eliminar o papel na Xunta de Galicia, a tinta das impresas, a luz, a auga e mesmo a calefacción dos edificios da Xunta de Galicia; e como dixo que eran emendas, iso a vostede pareceulle pouco elegante. ¿Como teríamos que estar no Grupo Parlamentario Popular despois de escoitar cousas como que somos unha manada, que



somos uns corruptos, que somos uns ladróns, que somos asasinados de mulleres, que somos fascistas...? E esta mañá chamáronnos franquistas. Moi elegante, señora Rumbo, moi elegante. ¡Iso si que é elegante! (Aplausos.)

Miren, aquí hai titulares: «Los Populares son unos nazis que cavan la tumba en el Parlamento»; «O la ciudadanía barre a esta chusma a votos o a pedradas o tendrá que asumir ser esclava»; «Villares cualifica a Feijóo como a peor bacteria para este país»; «Villares tacha de covarde e refugallo a Feijóo»; «Beiras llama al PP mafia que apesta»; «Beiras llama mamarracho e narcopresidente a Feijóo». E así poderíamos seguir unha tras outra. (Murmurios.) Señora Rumbo, hai que encaixar un pouquiño mellor. E creo que chamarlles emendas lixo a aquelas que paralizan a Administración non lle debería parecer tampouco tan ofensivo.

Ben, gustárame tamén facer referencia a certas emendas que xeraron algunha polémica pola súa inclusión na Lei de medidas por non ter conexión coa materia que regulaba, segundo o Grupo Socialista. O sorprendente é que só recorran a aquelas que viñan do Grupo Parlamentario Popular, porque —como xa lle dixen en comisión— algunha emenda do Grupo do Bloque Nacionalista Galego tamén incluía cuestións que non estaban reguladas na Lei de medidas, como era a emenda dezasete para solicitar o carácter público das tres fundacións hospitalarias. E dicía vostede, lamentábase, que esta inclusión impediría que os demais grupos parlamentarios puideran exercer a súa facultade e dereito de exame e presentación de emendas aos proxectos de lei. ¿Como cre que nos sentimos nós cando vostede presenta unha corrección de erros que non é outra cousa que unha modificación dun artigo enteiro? Non puntual e ningunha corrección de erros, un artigo enteiro cunha corrección de erros que presenta vostede despois de pechar o trámite da ponencia, señora Rumbo. Isto si que limita e quita a posibilidade de exercer a nosa facultade de exame das cuestións, pero non é máis que o Partido Socialista en estado puro.

Mire, no Partido Popular si que respectamos os principios de transparencia, publicidade e libre concorrência, que son os que deben rexer en todo procedemento público, co máximo respecto ao interese xeral: nin pola porta de atrás, nin con opacidade, nin sen debate. Precisamente grazas ao debate e grazas a reunírnos con colectivos afectados, grazas a ler as consideracións e as recomendacións que nos mandan colectivos —como foi esta última carta que mandou a semana pasada Unión Agrarias—, a transacción á que imos chegar hoxe... (A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) Bueno, señora Rodil, pois iso, dáños a razón de que, efectivamente, é unha lei que le a xente, que ten exposición pública, que os de Unións Agrarias foron quen de lela.

Señora Rodil, non estaba tan escondida nin tan agochada. Alguén mellor que vostedes, que non presentaron emenda, polo menos en Unións Agrarias, que non están nesta cámara; nalgún sitio estará publicada para que eles puideran lela, señorías. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Por tanto..., (O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.) o artigo, señor Rivas, o artigo... (O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.) ¡Non se enfade!

**O señor PRESIDENTE:** Non, non dialoguen.

Señor Rivas, silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Quero dicir porque a señora Rodil dixo antes que era froito dunha emenda, que non é certo, non é froito dunha emenda, está no artigo 21.

Ben, a vostedes tampouco lles gusta a irrupción dunha nova expansión do xabaril, xa sei que non é algo novo; pero, bueno, é certo que se aproveita esta lei para introducir unha modificación na Lei de caza, que cremos que pode frear ou paliar un pouco os danos que están sufrindo os agricultores.

E, señor Sánchez, sobre a cuestión de Mos. Mire, precisamente para evitar as malas interpretacións intencionadas que fixeron vostedes dese artigo concretamente, precisamente por iso presentamos nós esa emenda. E esa emenda en ningún caso introduce a figura do axente urbanizador de Valencia, léaa vostede con calma, é simple e llanamente recoller a lexislación estatal, rescatar os decretos de 1978. Pero mire, como vostedes agora gobernan no Estado español, pode vostede falar cos seus compañeiros do Congreso dos Deputados e derrogala, ¿se é tan simple como iso! ¿Por que non o fan? Se a vostede lle parece tan mal que nós recoñecemos en Galicia unha lexislación estatal que está vixente a día de hoxe e que para nada é o axente urbanizador de Valencia, non intente confundir nin manipular. Quero pensar que vostede —como acaba de dicir aquí— non foi intencionado... Eu tamén quero pensar que vostede non fixo de forma intencionada a súa manifestación.

En calquera caso, nós temos falado co resto dos grupos, fixemos unha proposta de transacción, señor presidente, porque no artigo 21, apartado 20, que modifica o anexo II da Lei 7/2012, de montes de Galicia, nas letras b) e c) houbo un erro técnico de metros, nunha pon «cinco metros» e na outra «dous metros»; sería cambiar o «cinco» por «dez» e os «dous metros» por «catro metros». Esta transacción faríase coa emenda número sesenta e dous do Grupo Parlamentario de En Marea. Doulles traslado do texto aos grupos que están informados, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si.

Ben, unha última. Bueno, teño moitas, pero quería dicirlle ao señor Sánchez que cando fala de que nos terreos que foran incendiados se poida facer... Vostede sabe que chegamos a un acordo, a unha transacción, nós aceptámoslles a súa emenda na que vostedes dicían que «se poderá autorizar a reconstrución coas mesmas características volumétricas que tiñan os edificios de construcións e instalacións». Se a vostede non lle gusta esta modificación lexislativa, que foi proposta polo alcalde das Neves, pois aquí non é ningunha cuestión do Partido Popular. É dun alcalde que sufriu a vaga de incendios nunha parte moi importante do seu territorio e agora quere reconstruír, loxicamente, esas vivendas e esas instalacións...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e nós a través da lei facilitámolo. Non hai ningunha cuestión nin escura, nin opaca, nin nada que vostede pense...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...ou sempre estea trasladando que pareza que o Partido Popular fai as cousas de xeito...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...oculto para logo facer algo...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...diferente ao que pon na lei.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Diso nada, señor Sánchez.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Xa lle digo, vén do alcalde das Neves.

**O señor PRESIDENTE:** Ben, grazas. Terminou o seu tempo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Ben, boa tarde outra vez.

Un erro técnico de metros —di a señora Prado— que fai referencia a unha carta remitida por Unións Agrarias a todos os grupos parlamentarios con data 13 de decembro de 2018. Eu voules ler sucintamente unha lectura vertical, que é o que di Unións Agrarias; Unións Agrarias fala de algo máis que dun erro técnico de metros. E di Unións Agrarias: «Visto o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, e a respecto daquelas modificacións que esta introduce na Lei 7/2012, de montes de Galiza, por medio da presente queremos deixar constancia do seguinte: en primeiro lugar, no que atinxe ás reformas das distintas disposicións lexislativas con repercusión directa nos sectores agrogandeiro, forestal e de desenvolvemento rural que se conteñen neste proxecto de lei, de ningún modo se lle deu traslado previo a esta organización agraria; non tendo, por tanto, ocasión de opinar ou aportar ningunha consideración sobre o contido das mesmas, aínda existindo foros específicos con esa finalidade, como o Consello Agrario e o Consello Forestal». Isto é o que nós denunciámos, que é falta de transparencia, *(Aplausos.)* de debate social e de diálogo político.

«En segundo lugar,» —continúa Unións Agrarias— «reitérase o procedemento de reforma da distinta lexislación de calado pola vía da súa inclusión na Lei de acompañamento dos orzamentos, de carácter anual, mediante un procedemento que impide o axeitado tratamento, debate e consulta pública que seguirían as distintas iniciativas lexislativas polas canles ordinarias». É dicir, o que acaban de denunciar as forzas da oposición neste pleno; non podo poñerme a detallar toda a carta, pero é ben interesante e eu recoméndolle a súa lectura a todo o mundo.

En relación con ese erro técnico de metros do que falaba a señora portavoz do Partido Popular, o que había era unhas distancias que vostedes ampliaron con motivo da Lei de acompañamento do ano 2017, despois da fatídica vaga de incendios que vivimos en outubro do pasado ano. Agora o que se pretendía con esta Lei de acompañamento era que persoas que tiveron que asumir o talado das súas árbores para cumprir con esas franxas de protección de dez metros, agora de repente os dez metros pasaron a dous metros, e a partir de agora podían talarse unhas distancias distintas. Isto o que xera, entre outras cuestións, é unha inseguridade xurídica para as persoas propietarias de predios forestais enorme.

E, claro, vés aquí, Lei de acompañamento do ano 2017, e dise unha cousa; volves ao ano seguinte, Lei de acompañamento para o ano 2018, e dise outra completamente contraria. ¿E a iso que lle chamamos? ¿Rigor? ¿Proxecto de país? ¡A iso chamámoslle impulso, (*Aplausos.*) ocorrencia! (*Aplausos.*) É vir aquí e como se ten unha maioría absoluta pensar que non fai falta nin tan sequera contrastar minimamente cuestións de absoluto calado, de absoluta importancia e absoluta transcendencia para o futuro do país. Porque o que non podemos é estar cambiando as distancias de protección, un ano unha cousa e ao ano seguinte a contraria, e iso no que ten a ver coa Lei de montes neste aspecto do anexo II especificamente.

Pero é que o mesmo se fai coa Lei de minaría, coa Lei de prevención de incendios, reformárona tantas veces que é que da do ano 2017 debe quedar o título. Se se quere —e díxollelo o CES e repetímosllelo agora desde o BNG aquí— introducir unha reforma da Lei de prevención, da Lei de montes, da Lei de minaría, da Lei do sector eólico, da Lei de montes veciñais en man común..., de toda a lexislación que se queira, que se impulse pola vía ordinaria unha reforma para permitir a exposición pública, o debate sosegado e transparente, non coas forzas da oposición, senón con todas as organizacións e entidades sociais que teñen moito que dicir naquelas cuestións, porque á fin e ao cabo o que aquí se aproba mañá ten un efecto directo na vida das persoas.

E agora como Unións Agrarias tocou onde tiña que tocar —imaxinamos que tocou ben e que tocou onde tiña que tocar—, o que se aproveita é esa emenda de En Marea para recuar. Para recuar, ademais, nunha parte do ditame que xa fora aprobada pola incorporación da emenda que presentou o Partido Popular. De verdade que é unha chafallada, jé unha chafallada e é unha trapallada! (*Aplausos.*) E ademais —insisto moito nisto— é que xera unha inseguridade tan grande nas veciñas e nos veciños que teñen que atender o cumprimento da lei para garantir esas distancias mínimas de protección que, de verdade, é que se están rindo directamente da xente, ¡directamente da xente!

Nós insisto que desde o BNG non imos apoiar, pero é que nin por asomo, este uso que se está facendo absolutamente fraudulento da Lei de acompañamento para facer unha reforma lexislativa de máis de vinte textos normativos dun plumazo.

E supoñemos que vostedes hoxe pola mañá deulles un acordo e despois de defender unha cousa na Ponencia, de defender unha cousa na Comisión, agora pois chegaron pola mañá e dixeron: nada, imos defender outra completamente distinta e aproveitamos que o Eo pasa pola Ribeira de Piquín e a emenda de En Marea, e volvemos recuar. Miren, non é serio, non é rigoroso —como tanto gustan de dicir vostedes—, e ademais xera unha inseguridade enorme para as persoas que teñen que cumprir o que aquí se aproba.

Pola nosa banda, bueno, é que da Lei de caza, de verdade... E o do xabaril xa llelo dixen na Comisión e non llelo vou repetir agora. Hai moitos anos que este país ten un problema enorme co xabaril e parece que lles chegou o acordo tamén pola vía da tramitación da Lei de acompañamento, cando os xabarís cruzaron a AP-9 para o outro lado. Non se vai resolver o problema deste país co xabaril e reducindo o número de persoas que integran...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...unha batida de dez a oito. Hai que falar de ordenación do monte, hai que falar da ordenación do territorio, hai que falar da xestión que se fai dos predios forestais e da actividade e da recuperación agrogandeira neste país. E iso exige non unha lei de acompañamento...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...senón sentarse e falar das cousas en profundidade...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...e con quen sabe delas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Mire, señora Prado del Río, o debate conxunto que vostede propón sabe perfectamente que impide facer un debate con maior profundidade en cada un dos temas afrontados. Ademais, sabe vostede perfectamente —e seguro que moito mellor ca min— que non é un trámite ordinario, senón que é un procedemento lexislativo especial; polo tanto, non intente aquí convencernos do que non é. Nós, ademais, poderíamos estar de acordo nalgúns dos cambios lexislativos que vostedes propoñen, pero é que non podemos votar porque está conxunto con outras moitas cousas coas que nós non estamos de acordo.

E mire, señora Prado del Río, de verdade, paréceme un insulto que vostede nos diga que como hai dous meses que nola trouxeron e que como ademais sabemos ler, e que como ademais podemos emendar —¡só faltaría, porque se por vostedes fora seguramente nin iso poderíamos facer!—, que, polo tanto, este procedemento non ten ningún problema e que é

exactamente igual ao trámite de calquera outra lei. A verdade é que o seu propio discurso se bota a abaixo co que nos di.

Por certo, señora Prado, nós non insultamos nunca a ninguén, saímos aquí defender os nosos ideais e tratando a todo o mundo con respecto. Non é o mesmo a elegancia do seu compañeiro, dista bastante do noso trato habitual. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Señora Prado del Río, tamén lle volvo dicir algo que lle trasladei na Comisión, que houbo un problema administrativo e na plataforma. Creo que vostedes tamén tiveron un problema de similares características e, desde logo, nós non o traemos aquí ao debate parlamentario. Para iso tamén hai que ser máis elegante. *(Aplausos.) (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señora Prado del Río, por moito que non lle guste.

En canto ao réxime orzamentario na Lei de medidas —voume centrar—, o Goberno Feijóo presenta un proxecto de lei que pretende reducir a cantidade de modificacións orzamentarias, pero dun xeito bastante curioso, e é cambiándolle o nome e facendo unhas determinadas vinculacións que tapen a denominación de modificacións. É dicir, maior escurantismo para que os grupos da oposición non nos enteremos desas modificacións orzamentarias. Que, claro, neste exercicio supuxeron arredor do 10 % do total do orzamento da Xunta de Galicia, desvirtuando así o compromiso inicial unha vez que se aproban eses orzamentos para un ano determinado. O Goberno dota orzamentariamente diversas partidas que despois non executa, e moitas que quedan cuns niveis de execución que moito deixan que desexar.

Fronte a isto nós, os socialistas, presentamos unha emenda na que pedimos a creación dunha oficina de control orzamentario no Parlamento de Galicia, que actúe como coordinadora e mediadora entre esas oficinas de control que prevén nesta lei nas distintas consellerías e o Parlamento galego, para que nós tamén poidamos facer unha xestión de seguimento e de control da execución orzamentaria e que ademais sirva, tamén, como asesoramento aos grupos parlamentarios. Iso é o que pide o Partido Socialista, maior transparencia e maior coñecemento de todos os grupos.

En sanidade vostedes, o Goberno Feijóo, intentan facernos crer que con esa creación pola porta de atrás dese persoal especialista en pediatría de área se organizaba un sistema sanitario coordinado e integral. Garantindo unha interrelación entre os diferentes niveis asistenciais, adecuándose aos principios de eficacia, celeridade, economía e flexibilidade, quixeron implantar unha figura ás agochadas, posto que o propio Grupo Parlamentario do Partido Popular tivo que emendar unha vez que as protestas do sector e da cidadanía lles viñan encima. Porque o Goberno Feijóo, unha e outra vez, ten un sentido economista dos servizos públicos, é dicir, custo fronte á calidade; sempre custo fronte á calidade.

No medio rural, como o tempo é moi curto, non vou entrar. Pero é bastante curioso que a través das emendas teñan que vostedes meter o que se ditaminou na Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas de política forestal, porque este informe foi publicado o 10 de agosto de 2018. Daquela alguén non fixo os deberes. ¿Foi o Goberno galego, polo tanto, e tivo que emendar o Partido Popular metendo o que se aprobou nese informe?

¿Ou é que unha vez máis o Partido Popular fai informes e fai documentos para nunca ser cumpridos? Sempre facer que fan, señora Prado del Río, ¡sempre facer que fan!

Mire, a lexislatura do rural, esa lexislatura do rural que defende o Partido Popular, revélanos que nesta lexislatura en dous anos temos no rural 1.546 afiliados menos e 4.000 ocupados menos, señora Prado del Río, ¡menos! E nós, os socialistas, estaríamos de acordo coa tramitación desta lei se vostedes afrontaran temas de crucial importancia para a nosa poboación. Miren, levan tres plans demográficos e parece que non deron resultados positivos; ao mellor en vez de tirarlle pedradas á oposición tiñan que ter en conta as aportacións que fai a oposición.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Porque nos gobernos Feijóo levamos 95.000 persoas menos, e por cada menor de dezaseis anos temos dous maiores de sesenta e catro anos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Co crecemento vexetativo máis baixo de todas as comunidades autónomas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e o saldo de parados —remato xa, señor presidente—...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...nos gobernos Feijóo é que en nove anos só baixaron 8.100, e os ocupados baixaron en 60.000.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** 60.000 ocupados menos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...durante os gobernos Feijóo.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Ese é o seu saldo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas.

*(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, señora Prado, vostede que sabe ler e sabe apartar dos coches, tamén, (*Risos.*) creo que sabe realmente a diferenza que hai entre un procedemento lexislativo ordinario e o que están facendo vostedes aquí, ¿verdade? O que quixo dicir, ¿era con retranca ou algo así...? Non sei se pensa que isto, que hai que facer unha reforma integral da Lei de ordenación mineira do 2008, como se fixo o ano pasado na Lei de acompañamento, é o mesmo que facer un procedemento ordinario de reforma da Lei de ordenación da minaría. Se vostede pensa que iso é así, veña aquí e dígao, hai moitas diferenzas e non llas vou explicar a vostede, que as sabe de sobra. Se vén aquí defender iso é que vén facer un exercicio de cinismo; polo tanto, explique aquí cal é a súa posición.

Claro, para defender iso volveu sacar o comodín da Constitución, esa constitución que vostedes incumpren reiteradamente nas cuestións máis progresistas da mesma: no dereito ao traballo, no dereito á vivenda, na progresividade fiscal... Que son capaces de cambiala dun día para outro nun pacto co Partido Socialista en maio de 2010. Esa constitución é a que saca vostede para xustificalo todo, o inxustificable tamén.

Ben, e vostede dixo que —esta é unha frase para a historia— «o democrático é legal»; ben, ¡frase para a historia tamén! Non sei se é de Churchill, de Tellado, ou de quen, pero o democrático é legal. Ben, entón vostede, cando se pon ese exemplo de Rosa Parks cando ía no autobús, era legal a segregación racial, señora Prado, ¿verdade? E, ¿era democrático?, ¿parecíalle a vostede democrático? Parecíalle a vostede democrático e era legal. E aquí no franquismo había moitas cousas legais, e se non houbera desobediencia e houbera protestas e houbera o que vostedes chaman golpes de Estado, que é practicar a democracia, non se cambiaban as leis e seguiríamos indo cara á democracia, ¿verdade, señora Prado? Vostedes por iso son os conservadores, cando non os reaccionarios. Porque nós somos os que queremos cambiar as cousas.

E despois di outra frase que, claro, cando se pretende dar discursos a golpe de tuit é o que pasa. O regresivo é subir impostos, ¡home!, pois depende a quen, se lles subimos ás rendas altas non é regresivo, é o que di a Constitución, señora Prado. Baixar impostos é regresivo e é progresivo, depende a quen, claro, se fan como a amnistía fiscal que lles fixeron aos seus amigos, vostedes cando gobernaban en Madrid, iso é regresivo. Se se lle baixan impostos á xente traballadora iso non é regresivo, ¿verdade? Se se lle sobe o IVE, como fixeron vostedes, é regresivo. Se se soben os impostos indirectos é regresivo, se se soben os directos non é regresivo, que é progresivo. Parece que estamos en *Barrio Sésamo*, pero é que é así, señora Prado.

Afine un pouco máis o argumentario, afíneo un pouco máis. Despois dixo Sogama, ¡outra tamén! Está sementada, mellor iso que nada. E, ¿como fan os cálculos vostedes? Ímoslles dar un 10 %, mellor iso que nada. Moi ben, vivamos como galegos.

E, ¿por que non un 20 % cando están tendo 16 millóns de beneficios antes de impostos, cando ese 10 % son 5,6 millóns de euros? ¿Por que non? Pero explíqueno, estouno dicindo



en serio, explíqueno. ¿Por que?, ¿que cálculos fan? Cando mentiron vostedes que subiron o 33,5 %, dicindo que era o cambio retributivo do sistema eléctrico, era mentira: tiñan que pagar os préstamos participados, eses TIC dos que o Consello de Contas fixo un informe demoledor. Préstamos que —coa Xunta de Galicia o 51 % e o 49 % de Gas Natural Fenosa— quería cobrar, que se podían converter en capital social de Sogama, se vostedes non lle quixeran pasar a factura á xente. E non quixeron, aínda que aquí houbo propostas neste sentido; cando tiveron que pagar o *Project Finance...*, ben, está todo iso pagado, liquidado, ¿por que lle queren seguir dando beneficios a Naturgy ou a Fenosa? Explíqueo.

Despois falou de diálogo coa Fegamp, ja boas horas! Se vostedes a primeira crítica que reciben disto de Sogama foi da Fegamp, que llelo explicaron moi ben, e espero que o entenderan, que hai concellos nos que o servizo é deficitario e que ao mellor o interventor nin lles aproba trasladarlllo ao usuario; polo tanto, teñen que dialogar, pero dialogaron tarde, unha vez máis.

Vostede fala de que o digno é vivir do traballo. Desde que gobernan vostedes hai 42.000 parados de longa duración máis. Eses non teñen dignidade, ¿verdade, señora Prado?, ¿verdade que non? ¿E que fan vostedes para cambiar esta realidade?, con 54.000 parados de longa duración de máis de dous anos sen encontrar traballo.

Dixo que o ditame da Comisión Forestal non nos gusta, é certo, non nos gusta, aínda nos gusta menos como aplican vostedes os ditames, porque aproban o Plan forestal de 1992 e non o aplicaron e aprobarán este e non o aplicarán. E por iso dicimos que hai que dotar de recursos para poder aplicar os ditames, porque senón é pura literatura...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...pura propaganda. E os plans de ordenación de recursos forestais non se fan por arte de birlibirloque, fanse con técnicos que teñen que traballar no campo e que teñen que coñecer os distritos, que teñen que ter tempo para facer eses traballos. E vostedes non poñen nin un euro para cambiar esa realidade.

¡E despois non desprotexen o patrimonio! Xa remato, señor presidente.

¡Home, mire!, aquí hai dous problemas, recoñezo que hai dous problemas: a demora nos informes de patrimonio, que sofren cando se piden os permisos de corta, e iso é certo, pero tamén hai un problema de agresión ao patrimonio no sector forestal. E, se non, déase un paseo pola Mariña de Lugo e verá cantos petróglifos e canto patrimonio se destrúe ás veces...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...coas cortas e coas plantacións.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez. Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Xa remato, unha cousa que teño que dicir.

Di que o 117 bis é para adaptar e trasladar a lei estatal aquí, e entón, ¿por que a retiran agora nas emendas. Se é para trasladar a lei estatal?, ¿para que a retiran? Se é para traer a lei estatal, ¿por que a retiran? E que é falso, é falso.

E despois, xa que queren cumprir coa lei estatal, ¿por que non reservan o 30 % de solo para vivenda de protección?, como di a lei estatal...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, rematou o seu tempo.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...e non cumpren vostedes coa Lei de vivenda galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado Del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Señor Villares, vaille ter que dar unha clase ao señor Sánchez sobre o que é a democracia dende que temos constitución. ¿Verdade, verdade? Di que si coa cabeza.

Mire, señor Sánchez, dende que hai constitución en España vivimos en democracia e, polo tanto, todas as leis franquistas se tiveron que adaptar á Constitución; polo tanto, todas as leis que hai hoxe vixentes en España son democráticas. (*Aplausos.*) Unha lei non é democrática cando hai un sistema totalitario, autoritario, como pode ser o de Venezuela ou como puido ser no seu día o sistema de Franco. O que pasa é que vostedes están instalados no franquismo constantemente e traizóaos o subconsciente.

Señor Villares, vostede que é un militante da Constitución, e así o manifestou nalgunha ocasión, explíquelles ao señor Sánchez o que iso supón e que, efectivamente, eu dixen que cando unha lei é democrática —como vostede dixo— é legal. Non busque vostede ningún filósofo nin ningún tal, non sei se dicir se é misóxino, pensar que non puiden eu dicir esa frase, pero ocorréuseme agora sobre a marcha, non fai falta buscar ningún xurista de recoñecido prestixio para atribuírla.

Dicía vostede agora do desemprego en Galicia. Mire, ¿sabe cando foron as cifras máis altas de desemprego en Galicia? No 2008, 50.000 postos de traballo destruídos polo Bipartito. E vostede daquela, vostede, señor Sánchez, militaba no BNG, antes de levarlle a acta para Anova, antes de vostede ser un prófugo do BNG e levarlle a acta de concelleiro para Anova. ¡Non, non, perdeuno vostede cando falou de Franco, xa!

Falaba vostede sobre o artigo da Lei do solo. Mire, non é o artigo ao que se refire a lei estatal, é a emenda que presentamos agora a que recolle o que di a lei estatal. E por iso lle digo que se non lles gusta, vostedes que gobernan agora no Estado español, fagan o que teñen que



facen e modifíqueno, falen co seu presidente, o señor Sánchez, ou co vicepresidente, o señor Iglesias —calquera dos dous vale—, e modifíqueno.

Mire, señora Rodil, efectivamente, cando falamos de metros de distancia, pode ser que o que vostede di non é un erro técnico, claro, non ten porque ser un erro técnico, é un erro sen máis, pero nós podemos recoñecelo, pero non é unha decisión ao chou, non é unha decisión ao chou, o que pasa é que vostede vén aquí e le o que di Unións Agrarias —por non dicir que vostedes non foron capaces de lelo—, e vostede interveu nesta tribuna hoxe e empezou dicindo que era unha lei escura, que non tiña exposición pública, que non era transparente...

E eu pregúntome como chegou o texto a Unións Agrarias, como foron capaces de lelo. E mire, a proba de que nós non utilizamos o rodillo e de que non traíamos esa modificación para facer dano, nin utilízala de xeito torticeiro, é que cando o venres Unións Agrarias rexistra no Parlamento ese escrito nós chamamos aos grupos parlamentarios para intentar chegar a un acordo e intentar modificalo. Esa é a nosa intención de rodillo, señora Rodil, esa é a nosa intención de rodillo, señora Rodil. *(Aplausos.)*

Mire, señora Rumbo, claro que é un trámite especial, pero pódolle garantir que hai leis que foron tramitadas por trámite ordinario que lle levaron menos tempo e menos reunións de ponencias que esta lei da que hoxe estamos falando. Seguro, señora Rumbo. E mire, claro que fun elegante non falando de erros administrativos, é que vostedes presentaron dúas correccións de erros. Efectivamente, a primeira foi un erro de aplicación, e nós tamén cometemos erros —e xa o recoñecín na Comisión—, o que non lle podo pasar é que vostede nos veña dicir aquí que isto é unha chafallada, que hoxe dicimos unha cousa e a contraria, cando vostedes presentaron unha emenda, un artigo enteiro —non unha modificación pequena—, unha vez pechado o trámite de ponencia, señora Rumbo, ¡iso é así!

E que vostede veña dicir aquí que impedimos o debate —eu non a interrompín, eu agradézolle que me escoite, porque eu estiven absolutamente en silencio mentres vostede interveu—... Mire, nós non impedimos o debate, vostede que forma parte do Goberno de Pedro Sánchez, dese goberno que, efectivamente, que sabe o que é a vía rápida.

¿Saben cal é a vía rápida? Pois mire, a vía rápida é gobernar e lexislar a golpe de decreto. Trinta, trinta leva o señor Sánchez, e eses nin sequera pasan polo Parlamento. Ríase, ríase, señor Sánchez, o galego. Porque vostedes gobernan con ese señor, vostedes danlle o apoio ao presidente do Goberno que lexisla por decreto, sen levalo ao Parlamento. Si, ese é vostede, si, intentaron modificar nin máis nin menos que o Código civil —iso tamén lle pode explicar o señor Villares o que supón —vía decreto lei; a custodia, nin máis nin menos que unha cuestión de custodia.

Señor Sánchez, señora Rumbo, que nos veñan falar aquí de que isto é escurantismo, de que isto é transparencia. Mire, a falta de transparencia é iso, lexislar por decreto, e iso fano vostedes moi ben no Goberno do Estado...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...apoiados pola mareas de Podemos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, remato xa, señor presidente.

Eu sei que é un instrumento criticado a Lei de medidas, xa o dixeran, pode que non sexa o mellor instrumento, pero a través deste texto lexislativo baixamos os impostos, introducimos recursos no ámbito de política social —a pesar de que o Partido Socialista non queira que as persoas que cobran a Risga poidan desempeñar un posto de traballo— e, ademais, introducimos medidas de protección do medio ambiente, de prevención de incendios e de política forestal importantes para o noso país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos cos textos lexislativos.

**Debate e toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

O 80 % dos xefes de servizo de atención primaria dimiten en Vigo como sinal de protesta, e dimiten esgotadas e esgotados ante o abandono da Consellería de Sanidade, ante a precariedade, ante o sufrimento que supón querer facer ben o seu traballo e non dispor dos medios materiais e dos medios humanos, fundamentalmente, para poder desempregalo; iso nos explicaban precisamente nesa comisión alternativa tamén onte eses compañeiros e compañeiras que acudiron a falarnos da situación dos PAC, que desgraciadamente é moi semellante e que é a tónica xeral da atención primaria e da sanidade pública no noso país.

E mentres eses xefes de atención primaria son desprezados, ignorados, ignoradas, nas xefaturas de servizo dos hospitais parece trasladarse a posibilidade de que moitos deses xefes e xefas de servizo sexan colocados dunha maneira pouco menos que opaca.

Durante os últimos anos —si, opacas, si— produciuse unha especie, unha sorte de purga daqueles profesionais da xefatura de servizo que defenden a sanidade pública. No tocante, dende logo, ao que unicamente debера ser importante, que é o mérito, a capacidade e o libre acceso a eses postos de xefatura de servizo, atopámonos cunha acumulación de casos que foron coñecidos en diversas ocasións polas sentenzas que está perdendo a Consellería de Sanidade, na que desgraciadamente hai casos bastante evidentes de nepotismo ou mesmo de procedementos de incumprimento dos procedementos administrativos.

Esta mañá eu case me entenrezo escoitando o vicevoceiro do Partido Popular falando de que se sentía moi orgulloso do que fan na sanidade pública e dicindo que a folla de servizos do Partido Popular é impecable na sanidade pública. A xustiza toma un nomeamento de catro cargos da Xunta escollidos a dedo. Repartir postos entre os funcionarios por libre designación debe ser algo excepcional e xustificado, dita a lexislación que vulnerou o Servizo Galego de Saúde, folla de servizos absolutamente impecable.

A Xunta xustifica a libre designación de varios cargos do Servizo Galego de Saúde que anulou a xustiza, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sentenza firme: «O Sergas asume a parcialidade de adxudicar a xefatura en psiquiatría no CHOU». Esta é a folla impecable de servizos do Partido Popular e ese é o orgullo da xestión da sanidade pública por parte do Goberno actual. ¡Claro que si! Hai que sentirse orgullosos do incumprimento da normativa vixente.

Señorías, o sistema de provisión das xefaturas de servizo no Servizo Galego de Saúde estase usando dunha maneira totalmente discrecional e imparcial, a teor do que acabamos de trasladar e do que estamos a coñecer nos últimos anos. Polo tanto, dende En Marea consideramos que é hora xa de intentar poñerlle freo a esta situación, que é totalmente inxusta, que desprové o noso servizo público de poder ter magníficos profesionais dirixindo, nalgúns casos, as xefaturas de servizos —de servizos do sistema público—, e que ademais supón unha utilización —como a do traslado— bastante escura e espuria por parte do Partido Popular á hora de purgar aquelas persoas que non lle son convenientes e colocar aquelas que están coa boca calada. Acumúlanse, polo tanto, sentenzas que, evidentemente, paga a administración, e, polo tanto, pagamos todas e todos.

Por facernos unha idea deses casos que acabamos de relatar —que son os máis sonados, que discutimos aquí, cando aínda estaba a nosa prezada señora Rocío Mosquera á fronte da Consellería de Sanidade, e seguramente as súas señorías coñecerán eses casos máis coñecidos—: a última noticia á que eu facía referencia era, precisamente, a que relataba a situación do señor Víctor Pedreira, que levaba á fronte da unidade de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra dende o ano 1982 —practicamente dende o inicio, porque foi un dos fundadores desa unidade de Psiquiatría—. Foi apartado e, posteriormente, gañou unha sentenza xa en firme cando, desgraciadamente, o profesional estaba xubilado. O que lles queda aos nosos profesionais en moitos casos é, simplemente, ter a constancia de que tiñan razón, de que fixeron ben o seu traballo e de que o que está a acontecer dentro do Sistema galego de saúde é a continuidade dun sistema que funciona con postos a dedo, como vimos tamén na primeira noticia á que fixen referencia.

Ou o caso do señor José María Borro, ex-xefe de Cirurxía Torácica no CHUAC, que tivo un problema semellante: a Xunta fichouno nos anos noventa, comezou a traballar no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e, tras quince anos de traballo, tras denunciar os actos fraudulentos doutros profesionais que se estaban lucrando enviando doentes do Sergas ás clínicas privadas, tivo daquela unha sanción do colexio médico, que foi revogada e que foi anulada posteriormente. El denunciaba ese funcionamento mafioso e foi apartado do seu cargo.

Ou temos esas sentenzas famosas que discutimos aquí, en relación co ascenso fulgurante do marido da señora Rocío Mosquera: cando o señor Evaristo Bar, o xefe de Cirurxía Dixestiva

de Santiago de Compostela, que tamén chegou nos anos noventa cun goberno do Partido Popular, e fixo un labor moi importante, poñendo en marcha os programas de transplante de fígado, de ril e de páncreas dentro do Sistema público de saúde na unidade de Santiago de Compostela, foi cesado —ou, naquel entón, non puido acceder a aquel cargo—, ese ascenso desta persoa foi anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que obrigou a repetir o procedemento, pero cun procedemento que —agora o imos explicar, e por iso trasladamos esta necesidade de modificar a norma— está, obviamente, viciado dende o inicio.

Hai moitos máis exemplos, pero vou continuar explicando por que traemos hoxe esta proposición de lei aquí; estes son os exemplos máis coñecidos, e trasládoos porque foron debattidos, ademais, nesta cámara en diversas ocasións.

Na maioría dos casos dáse unha circunstancia peor: moitas e moitos dos aspirantes nin sequer o chegan a ser, porque non se atreven a presentarse a unha provisión de postos na que saben de antemán, a maioría das veces, no seu servizo, a quen se lle vai outorgar xa ese posto.

A situación é que desgraciadamente temos un sistema que non é, dende logo, transparente e que ten uns criterios totalmente arbitrarios.

A normativa actual —o Decreto 206/2005, do 22 de xullo—, que emana dese marco legal do Estatuto Marco do persoal estatutario, que ademais foi —casualidade— o último decreto publicado dentro desa consellería do Partido Popular antes do cambio de goberno, e que aínda así foi regulado —é certo, no seguinte Goberno— mediante a Orde do 24 de maio de 2006, marca unha pauta que é utilizada de maneira totalmente incorrecta, e voulles poñer un exemplo que é bastante evidente.

Esta normativa, como explica no seu articulado, permite un sistema que é perverso, porque fala, no artigo 40, entre outros, do procedemento polo que se escolle esa provisión de postos. Para esa provisión dítase unha comisión técnica integrada por cinco membros: catro por proposta da xerencia —e xa sabemos o que ocorre coas xerencias no noso país— ou do centro ou da dirección de área —un dos cales terá a condición de xefe de servizo— e outro por proposta dos servizos centrais do Sergas. É dicir, que practicamente en todos os casos as cinco persoas que teñen que decidir e avaliar os méritos e os proxectos das persoas aspirantes ás xefaturas de servizo son persoas afíns á Consellería de Sanidade de turno —agora mesmo a do Partido Popular; podería ser calquera outra—. Nós consideramos que non pode ser así e que a purga iniciada para apartar aquelas persoas molestas ten que cesar, porque consideramos que aquelas persoas que ascenden a unha xefatura de servizo teñen que ser as máis aptas para o posto —aquelas que teñen a maior formación, a maior experiencia, as maiores aptitudes—, que ten que funcionar segundo mérito e capacidade e que ten que ser o mellor para o noso Sistema público de saúde. Dende logo, as condicións actuais non facilitan isto, porque non son escollidas as persoas que teñen que medir o baremo dunha maneira imparcial. Ese é o problema máis grave que ten a normativa vixente.

Polo tanto, nós facemos unha proposta que vai, obviamente, máis aló diso, que ten como obxectivo principal que se estableza unha regulación transparente en canto ao sistema de

provisión de postos de xefatura e de coordinación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, resolvendo esta situación actual na que se deixa marxe á discrecionalidade, por parte da Consellería de Sanidade, na capacidade de decisión dentro dos órganos, baremos e sistemas aplicables á elección dos postos de dirección.

Para que se fagan as súas señorías unha idea: o baremo decídese habitualmente despois de que xa están coñecidos os candidatos, co cal hai un defecto de forma bastante obvio que condiciona a quen se lle outorga finalmente esa xefatura. Son baremos, como denuncian os profesionais, feitos ad hoc, que permiten igualar currículos con independencia da experiencia profesional. Así, estanse dando moitos casos de persoas que, pese á súa dilatada carreira, como non deciden ou non hai un criterio homoxéneo á hora dese baremo, finalmente son penalizadas a pesar de ter, en moitos casos, máis experiencia. E a decisión final, despois de todos estes elementos, tómase por un proxecto técnico, que se trata dunha valoración subxectiva dentro desta norma aprobada en 2005 en que —entre comiñas— se cita que se adapte mellor ao hospital. Claro, o criterio de que se adapte mellor ao hospital é unha valoración subxectiva que fan, obviamente, as persoas dese tribunal, que —¡casualidade!— están escollidas por parte das xerencias que, neste momento, están escollidas, á súa vez, por parte da Consellería de Sanidade. É dicir, temos un sistema perverso no que as cinco persoas que teñen que avaliar os profesionais están directamente escollidas pola consellería de turno.

Polo tanto, nós presentamos esta norma, que non vai en función das opinións dos profesionais que queren acceder a esas xefaturas de servizo, da súa condición política, das súas ideas, da situación da consellería de cada momento, senón en aras de que se estableza un procedemento que sexa un sistema de elección dun órgano que sexa totalmente transparente e non condicionado ás decisións de ningunha xefatura, de ningunha consellería e, dende logo, de ningunha xerencia.

Créase, polo tanto, un órgano colexiado que se encarga de levar a cabo os procedementos de provisión dos ditos postos mediante unha escolla que se fai dun xeito que vén estipulado na nosa proposta, non só nos principios xerais —no artigo 3—, senón obviamente tamén no propio artigo 5 —relativo ao procedemento—, no artigo 9 —relativo á avaliación— e, fundamentalmente, no que ten que ver co artigo 6 —referido á Comisión da avaliación—. Ese órgano colexiado encargado de levar a cabo ese procedemento de provisión de postos estará formado por cinco persoas, pero obviamente escollidas mediante un sorteo na mesa sectorial de sanidade entre o persoal que cumpra os requisitos contemplados na propia norma. Dúas destas persoas serán nomeadas secretario e presidente do tribunal por proposta da xerencia; polo tanto, xa existe incluso unha organización que permite participar ás propias xerencias do Servizo Galego de Saúde. Sen embargo, desta maneira solvéntase ese problema de que sexa a propia consellería a que acabe decidindo o baremo e decidindo que persoas teñen que facer ese baremo e ese criterio, como sucede ou como acontece ata o momento. Hai outra serie de novidades sobre esta lei, obviamente non tan importantes coma esta.

É unha lei pequena pero é unha lei importante, ao noso parecer, que vai rematar cunha situación de discrecionalidade dentro da Consellería de Sanidade á hora de escoller estas xefaturas de servizo, e que, obviamente, se se vota a favor desta toma en consideración, está

aberta ás aportacións dos grupos parlamentarios, e nós cremos que seguramente exista marxe de mellora nese sentido.

Hai que dicir, ademais, que introducimos elementos, como a imposibilidade de que accedan persoas que estean condenadas por delitos relacionados coa violencia de xénero ou con outros tipos de delitos que non estaban contemplados na normativa previa, feito que foi avaliado de maneira positiva tamén nese informe de impacto de xénero que tivo esta proposición de lei ao pasar o seu trámite previo antes de poder chegar a esta toma en consideración, e que, polo tanto, permite actualizar tamén noutras materias a normativa existente ata este momento.

Unha avaliación que vai, ademais, contemplar o currículo profesional das persoas aspirantes, o proxecto técnico sobre a xestión da unidade, cun informe razoado xustificando eses criterios de avaliación antes descritos. Nunca máis volver a baremos que se deciden despois de coñecer as candidaturas, nunca máis volver a baremos ad hoc, creados por persoas escollidas a dedo por parte da Consellería de Sanidade.

Nós cremos que, con todo o que está caendo dentro da Consellería de Sanidade, é hora xa de que se empecen a corrixir as cousas e que se poña negro sobre branco sobre o que está a pasar dentro do Sistema público de saúde.

Hai un mantra que se repite continuamente —e vou rematar xa—, e onte dixéronnos os profesionais, nesa comisión paralela, que estaban cansos de escoitalo: que temos magníficos profesionais. Sempre se utiliza isto para xustificar todos os recortes e todos os problemas que hai dentro do sistema público. Efectivamente, hai magníficos profesionais, pero en moitas ocasións non se lles deixa acceder a poder dar o mellor da súa profesión dentro dos seus servizos. Poñamos remedio a un dos problemas que temos xa dende o ano 2005.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Censura, veto, peche das portas comúns das salas deste parlamento, imposición de persoas para comparecer na Comisión de investigación fraude... Vexo que se aburre, señor Núñez Centeno. *(O señor Núñez Centeno pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, a cuestión non é para menos; deberían de facelo mirar, eu supoño que si, deberían facer mirar o que están vostedes facendo, esa Comisión de investigación fraude, que non me extraña que vostede estea nesa situación que lle fai facer eses xestos. *(Murmurios.)* Esa Comisión de investigación fraude que están levando a cabo, onde vostedes están escoitándose a si mesmos, aplaudíndose a si mesmos.

Desde o ano 2009, en que vostedes volveron ao goberno da Xunta, para levar a cabo a folla de ruta de deterioración da sanidade pública, do sistema sanitario público, e para levala a cabo do xeito en que o están facendo, non tiveron outra que poñer nos sitios clave do sistema



sanitario persoas que estiveran dispostas a facer un control totalmente férreo, discrecional do noso sistema sanitario, incluídos nomeamentos a dedo. Incluído, pois, o nepotismo.

O Partido Popular, para executar a súa folla de ruta de desmantelamento do sistema sanitario público, de deterioración do público para gloria do privado, tivo que ir poñendo en sitios clave persoas que estiveran —insisto— dispostas a exercer, sen ningún tipo de desviación, esa folla de ruta dirixida directamente por Núñez Feijóo e logo executada desde a consellería, desde as xerencias e desde as xefaturas de servizo. Porque ese proceso de privatización e deterioración que padece a sanidade pública galega, que o Goberno de Núñez Feijóo empezou a executar en canto chegou á Xunta no ano 2009, non podía levarse a cabo sen colocar en postos clave persoas totalmente afíns, e eses piares da política sanitaria foron laminando todas aquelas persoas que podían ser referentes na política sanitaria ou que nalgún momento puideran facer de dique de contención a esas pretensións do Partido Popular. E foi destituíndo deses postos clave persoas que non estaban dispostas a facer seguidismo desas políticas, que non estaban dispostas a camuflar listas de espera, que non estaban dispostas a efectivizar recortes —estamos vendo cal é a situación en que teñen a sanidade pública de Galiza— e que non estaban dispostas a facer de diques de contención dos profesionais nin da resposta da poboación diante das consecuencias deses recortes.

E para efectivizar esa folla de ruta precisaban un control absoluto político desa xestión en todos os niveis, incluído o clínico, o asistencial ou o docente. E cun dobre obxectivo: primeiro, ter todo baixo control e, logo, a colocación da familia en sentido amplo, no sentido de familia siciliana: familiares, militantes, *influencers* e incluso o poder económico. Un poder exercido mediante enchufismo de amigos, de familiares e de altos cargos, empezando pola familia do presidente, da conselleira de Sanidade, de ex-conselleiros, de parentes directos e ata de parentes de calquera que o puidera necesitar. Os directivos da sanidade galega, incluídas as xerencias, e logo xefes de servizo, direccións e demais: (*Murmurios.*) nomeamentos a dedo dos postos directivos da sanidade pública de Galiza.

E ás probas remítome, probas públicas e publicadas. Vou reincidir nalgúns dos exemplos que se acaban de dicir aquí, pero creo que por repetidos non deixan de ilustrarnos.

Podemos empezar pola propia curmá do presidente da Xunta, a señora Eloína Núñez —si—, xerente da EOXI de Ourense, onde, á parte de ser ela a xerente... (*Murmurios.*) Si, digo como se controla a sanidade pública tendo persoas perfectamente afíns dispostas a implementar, contra vento e marea, contra os profesionais, contra a propia poboación, a folla de ruta do Partido Popular. Eloína Núñez, curmá directa do presidente da Xunta, estivo primeiro á fronte da EOXI de Ourense, e non soamente estaba ela á fronte, senón que intentou crear aquela cuestión da coordinación de Urxencias onde puxo directamente o seu marido á fronte. Isto non é nepotismo, isto xa é o seguinte, isto é como controla o Partido Popular a sanidade pública de Galiza. Logo pasa á EOXI de Santiago, onde está facendo un traballo fantástico: os traballadores e traballadoras do Servizo de Urxencias do CHUS, en folga desde hai máis dun mes, e nin está nin se espera ningunha solución.

Hai unha morte dunha persoa no PAC da Estrada; ela está de vacacións, non interrompe as súas vacacións nin en ningún momento —onte escoitámolo aquí na comisión de investiga-

ción alternativa, porque na oficial non se quixo escoitar o familiar da persoa morta no PAC da Estrada; escoitamos o que dixo aquí o familiar— se puxo en contacto con eles. ¡Indecente! En ningún momento nin a xerente, nin o seguinte da xerente, nin o conselleiro, nin o presidente da Xunta tiveron a ben poñerse en contacto cos familiares para dicirlles: sentímolo. (*Aplausos.*) Para dicirlles: sentimos o que pasou, imos investigalo, imos tervos ao tanto; lamentámolo, imos facer todo o posible para que non volva pasar. ¡Nin unha soa palabra! Eses son os directivos que ten o Partido Popular á fronte.

Podemos seguir. Efectivamente, a ex-conselleira —nepotismo claro— destitúe o xefe de Servizo de Cirurxía Xeral e Dixestiva, pon o seu marido á fronte e o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza determina que hai que repetir o proceso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non o denunciámos, simplemente hai sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza pola que hai que repetir o proceso por parcialidade, desviación de poder... Todas esas cuestións que vostedes saben perfectamente.

Podemos seguir falando de José Manuel González, ex-conselleiro nomeado director do CHOP, da EOXI de Pontevedra. ¡Que actuación tan presentable! ¡Que currículo tan presentable á fronte da EOXI de Pontevedra! Se tiveramos tempo podíamos facer aquí un relato de como foi destituíndo os xefes de servizo da EOXI de Pontevedra. Podemos falar do xefe do Servizo de Dixestivo, podemos falar do de Psiquiatría, e podemos seguir coa relación. Podemos falar e, efectivamente, seguir polo CHUAC...

Ben, en resumo, este é o xeito de nomear as persoas que están á fronte da sanidade pública, porque, se non é deste xeito, non son capaces de poñer en marcha, de efectivizar a folla de ruta de desmantelamento da sanidade pública do Partido Popular. Necesitan acudir a este sistema de nomeamentos sen o máis mínimo criterio —imprescindíbel— de capacidade, mérito e igualdade. Porque, de ser así, encontrámonos con que logo, efectivamente, neste momento, vinte e cinco xefes de servizo da área sanitaria de Vigo xa están dimitindo. Ou, como no seu momento, o xefe do Servizo de Oftalmoloxía da área sanitaria de Pontevedra e o Salnés dimite porque non está disposto a seguir ocultando o que están facendo coas listas de espera de Oftalmoloxía, de meter nun caixón todas as persoas que tiñan que estar intervinando e que non o están facendo.

En resumo, imos votar a favor desta proposición de lei que presenta hoxe En Marea. Se se admite a trámite, temos cuestións nas que temos matices a respecto de cousas e introduciremos suxestións a respecto dalgunhas cuestións. Pero o que é evidente é que o único obxectivo deste sistema por parte do Partido Popular, desde logo, é ter amordazada totalmente a sanidade pública de Galiza a base de ter nos postos clave persoas que unicamente estean dispostas a defender o proxecto ideolóxico do Partido Popular, que non é outro que o de peor sanidade pública para poder implementar as melloras para a sanidade privada, recursos para a sanidade privada. E, evidentemente, cada vez temos peor sanidade pública e os galegos e galegas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...están máis vendidos. E aqueles que teñen recursos seguiranse zafando, e a maioría, que non os teñen, están nunha situación de indefensión total.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Boa tarde.

Grazas, presidente.

Vai o aviso, señor presidente: vou falar de sanidade. Dígoo porque a última vez que me deron permiso para falar de sanidade, logo quitáronmo aquí neste parlamento. Entón dígoo por se mo permite. ¿Non hai problema, non?

**O señor PRESIDENTE:** Iso non llo cre ninguén.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Non, non mo cre ninguén. Non o cre ninguén pero había unha sala pechada, que é a primeira vez que vin unha sala pechada con chave neste parlamento para falar. Pero está ben.

**O señor PRESIDENTE:** Iso non llo compra ninguén.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Non, home, non, non. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Xa me coñece todo o mundo. Iso non llo cre ninguén. *(Aplausos.)*

**O señor TORRADO QUINTELA:** Señor presidente, xoga vostede con vantaxe, porque me está vostede interrompendo, pero ninguén lle chama a atención a vostede agora.

**O señor PRESIDENTE:** Porque ti te metiches comigo tamén.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ¡En fin! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah! Xa lle chaman a atención aí, non se preocupe. ¡Xa está! *(Balbordo.)* *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah, non! ¡É a min!

**O señor PRESIDENTE:** Espírito navideño. Vamos. *(Murmurios.)*

**O señor TORRADO QUINTELA:** É curioso, nós non podemos falar de sanidade, pero todo o PP pode falar de nós. Isto é unha cousa curiosísima, está moi ben. *(Murmurios.)*

¿Podo falar, non, presidente? *(Murmurios.)*

¡Está aí Gabriel Rufián! *(Murmurios.)* *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Podo falar xa, non?

**O señor PRESIDENTE:** Descóntoche o tempo. (*Murmurios.*)

**O señor TORRADO QUINTELA:** Non, non, chega o tempo.

Grazas, presidente. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Non teñan dúbida de que o presidente ultimamente está mandando calar moito neste parlamento, non vai ter problema en mandar calar a ninguén. Non lles vai pechar unha sala a vostedes; a nós si, pero non lles vai pechar unha sala. (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¡Supoño! Se o presidente lles pecha unha sala, non se preocupen, nós defenderémolles o seu dereito a falar, non teñan problema. Pero, en todo caso, sei que vostedes se defenden ben.

Dende o noso grupo imos apoiar a toma en consideración desta proposta de lei; defende unha liña que nós defendemos nesta cuestión. Creo que no propio debate, de ser aprobada a toma en consideración —señora Solla, permítame ser pesimista sobre a posibilidade de que se aprobe a toma en consideración; pero, en todo caso, nós desexariamos que así fora— poderíamos ter algún debate sobre algunha cuestión de matiz, pero en realidade cremos que é unha proposición de lei de interese.

Nós temos presentado algunha proposición non de lei nese sentido na comisión —non semellante, pero si nalgunha cuestión parecida— e algunhas preguntas ao Goberno sobre algúns dos casos que se mencionaron aquí con moito acerto. E, a verdade, dicimos só algúns dos casos porque hai varios casos: existe máis dun caso, máis de dous casos, máis de tres, máis de catro; existen numerosos casos que, a través de procesos xudiciais, tiveron que demostrar que a Xunta de Galicia estaba ocupando ou cercenando dereitos sobre a ocupación ou a provisión de postos de xefe de servizo en favor dun determinado candidato e en prexuízo doutros candidatos, nalgúns casos. Hai varios deles —como se teñen mencionado— e mencionarei algúns deles.

¿Por que se dan estes casos? Un é unha anécdota, dous é unha tendencia, tres é un patrón, catro é unha estrutura. Entón, a partir de aí —como foron máis de catro e máis de cinco— estamos comprobando con total claridade que hai unha intención do Partido Popular de dominar a coordinación dos espazos sanitarios, a coordinación dos servizos sanitarios, incluso por criterios que non teñen que ver, a priori, cunha cuestión clínica ou de decisión puramente profesional. ¿Por que? Porque hai unha necesidade de controlar o sistema ata estrangulalo.

Estamos xa no debate de se se pode falar de sanidade ou non. Xa non estamos no debate de quen ocupa determinadas posicións, senón que xa estamos no debate en realidade de quen pode falar e quen non. Este parlamento ten debatido sobre que o Partido Popular vetou persoas que non poden falar neste parlamento. E cando viñeron aquí falar —porque hai deputados e deputadas dos grupos parlamentarios que consideran que todo o mundo ten dereito a falar— o Parlamento intentou vetar esas comparecencias ou esas palabras. Porque ao final

son palabras. A ninguén que defenda a verdade lle pode facer dano unha palabra, se é que de verdade alguén considera que falando se lle pode facer dano a alguén. E é certo que, se un considera que a verdade é necesario escoitala, incluso entendendo que as verdades son poliédricas e teñen moitos puntos de vista, non debера ser problema escoitar a ninguén. Pero estamos nese debate.

E se estamos xa nese debate, ¿como non tería ocorrido que os xefes de servizo xa pasaran por ese proceso? Estamos falando de que se teñen ocupado espazos de dirección, xefaturas de servizo no sistema sanitario, ao modo dos comisarios políticos, non de criterios profesionais. Estamos decidindo sobre persoas que deciden sobre a asistencia sanitaria, e estamos decidindo en función non do seu criterio profesional —como teñen acreditado as sentenzas xudiciais—, senón por criterios de afinidade, senón por criterios de non afinidade co que estaba: ás veces nin sequera por poñer alguén en particular, senón moitas delas por quitar alguén en particular, como así o recoñeceron as sentenzas. Sentenzas xudiciais que en principio se dixo que non tiñan fundamento, que logo se dixo que non eran firmes, e que, despois de ser firmes, se tardaron en executar, incluso algunha delas aínda sen executarse completamente.

Falamos de casos nos que houbo persoas apartadas dos seus postos de traballo polo seu único delito de pensar distinto, e que non foron resarcidos pola xustiza ata que xa estaban xubilados. E, por tanto, estámoslles limitando a posibilidade aos cidadáns de ser tratados nun servizo que está ocupado ou dirixido polas persoas que teñen maior capacidade profesional para facelo. E todo iso por unha cuestión sectaria; algúns deles, algúns xefes de servizo, por ser unicamente —¡que problema!— cargos nun goberno que non era do Partido Popular. ¿Cal é a mensaxe? Non te ensines con outros, que te imos fulminar. E esa é a mensaxe que están trasladando a través deste sistema. Polo tanto, é indecente, e como é indecente cremos que é importante que se poida defender a maior das transparencias deste proceso.

Porque, se asumimos que a lei necesita cubrir todos os casos, é porque ningún espazo —¡ningún!— que estea aberto á interpretación e á flexibilidade da ética é posible interpretalo correctamente. En realidade, é unha fraude democrática que teñamos que limitar tanto as normativas porque quere dicir que non estamos preparados —ou que o Goberno non está preparado— para abrir o entendemento a un proceso natural de elixir os mellores, aínda que a lei lles permitira meter a man para elixir outros, e, polo tanto, hai que coartar iso. É un problema xeral que teñamos que coartar tanto a liberdade dos dirixentes, pero o maior problema é que o teñamos que facer porque os dirixentes teñan demostrado non ser capaces de exercer esa liberdade.

Por poñer un caso concreto, ademais do do xefe de servizo, porque a verdade é que xa se falou aquí dos casos: o caso Pedreira, o caso Temes, o caso Borro, o caso Vázquez Astray —se fora Millán Astray igual xa non os molestaba tanto, (*Aplausos.*) pero Vázquez Astray si que os molestou (*Aplausos.*)—. Algún caso concreto que ocorreu é moi chamativo; permítanme o exemplo: Galaria —a empresa pública— abriu un concurso para saber quen dirixía Galaria, quen era director ou directora xerente de Galaria. O día antes de que se abriera o concurso —¡o día antes!— o presidente da Xunta e o conselleiro de Sanidade xa advertiron de quen o ía gañar e que era moi boa; era a exconselleira de Sanidade. ¡O día antes de que se abriera o concurso!

Houbo quince días abertos para que se puidera presentar calquera, pero o presidente da Xunta xa dixo quen ía gañar.

Pero, aínda tendo toda a liberdade —porque así é— de poder decidir por libre designación quen era, ¿nin sequera cren que era normal, decente, razoable, incluso cun pouquiño de educación esperar quince días a dicilo? É dicir, a sensación de invulnerabilidade sobre as decisións do sistema é tal que un pode anunciar antes de que se convoque un concurso quen o vai gañar. Pero todo é normal, aquí está todo fantástico.

A verdade é que, cando falo deste caso, eu lémbrome daquilo que dicía —perdóeme se o cito incorrectamente— creo que o presidente Manuel Fraga: eu non teño culpa de que os do PP sexan máis listos. ¡Pois será iso! Si, será iso; si, pode ser unha cuestión de intelixencia antropolóxica.

En realidade —como dicíamos—, estamos ante un sistema que toma decisións que afectan o sistema sanitario en función de criterios políticos ou de afinidade que estrangulan o sistema. E así pasa o que pasa, é sectarismo. E ese control leva —como vimos esta semana e estes últimos días— a controlar incluso o que se pode e o que non se pode dicir no Parlamento, o que se pode e non se pode dicir sobre o sistema, e a escoitar cousas dramáticas como as que escoitamos estes días. E, de verdade —están gravadas en vídeos as sesións, poden velas—, eu creo que incluso lles recomendaría aos compañeiros deputados e deputadas do Partido Popular —se non o viron, que non sei se o viron ou non— que escoiten —aínda que sexa en privado, coa porta do despacho pechada por dentro— as intervencións que se escoitaron o luns neste parlamento. Porque máis alá dunha cuestión de debate político, máis alá de planificación, é unha cuestión humana, que eu creo que é necesario escoitar, sobre como se tratan algunhas situacións. Situacións como a que ocorreu no PAC da Estrada, que ocorreu porque houbo unha mala e errática planificación que se quixo tapar mentindo neste parlamento. Casos como o que ocorreu alí, que deberían levar consigo a automática dimisión dun conselleiro, e debera ter dimitido só por iso. Incluso só por non ter feito esa chamada. Incluso porque pode seguir volvendo ocorrer, e pode ocorrer hoxe, mañá, pasadomañá; pode volver ocorrer o que pasou no PAC da Estrada e por iso tiña que dimitir.

Non sei, presidente, se se pode dicir iso, non sei se me vai limitar por iso. (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*) Agradézolle que non me limite por iso, digo. Incluso vostede podería ser mellor conselleiro —incluso—, faría un mellor conselleiro de Sanidade, e así evitaría pecharnos as portas do Parlamento tamén, que non é un mal problema.

E así pasa o que pasa, así din os xefes de servizo que dimiten que non os escoita ninguén. Pero é que o din agora, dino sobre o ano pasado, dicíano hai dous anos, dicíano hai tres, dicíano hai catro, dicíano no 2012..., e chega un momento en que dimiten. Por certo —que todos o sabemos—, probablemente —eu non lle pido o voto a ninguén nin lle pregunto quen vota a ninguén— entre os xefes de servizo dimitidos en atención primaria en Vigo existan votantes de todas as cores políticas que seguirán votando todas as cores políticas, pero que asumen que é imposible traballar con esta consellería. Estamos ante un proceso de control e estrangulación do sistema que nunca se viu, e a única maneira de saír do debate para non saír queimado non é resolver os problemas, é tratar de ocultar que se fale dos problemas e



tratar de ocultar que a xente que está no sistema poida falar dos problemas: *(Aplausos.)* ou ben son bloqueados ou ben se nomean xefes de servizo por enriba, aínda que a xustiza diga que se fai de maneira ilegal. *(Aplausos.)*

Por tanto, teñamos a capacidade de entender que estamos funcionando mal como sistema. Probablemente sexa culpa de todos, ¡seguro!, pero teñamos a capacidade de entender que se a Xustiza nos está levantando constantemente nomeamentos e xefes de servizo, se os xefes de servizo que funcionan están dimitindo, se está habendo xente que participa do sistema e que non pode falar, hai un problema de control excesivo do sistema.

Esta proposta de lei trata de reformular algunhas cuestións neste sentido; non todas, pero si algunhas importantes. Nós imos apoiar esta toma en consideración e facemos ese novo chamamento a entenderse, polo menos, polo ben do noso sistema, porque agora estamos debatendo en realidade xa non sobre o sistema, senón sobre se se pode falar ou non do sistema. E é un debate que non debera ser lóxico nun sistema democrático como o noso e nun parlamento onde se debera de promover a palabra e non se deberan de pechar as portas con chave para que outros non poidan falar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Señor Torrado, algún día darase conta de que a decisión da Presidencia foi acertada. *(O señor Torrado Quintela: ¿Perdón?)* A decisión da Presidencia foi acertada. *(Aplausos.)* Comisións constituídas legalmente. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* Co paso do tempo darase conta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, ¡xa está! *(Murmurios.)* ¡Xa está! *(Murmurios.)* Non hai máis comentarios sobre iso. Algún día...

Señor Núñez Centeno, ten vostede a palabra. *(Balbordo.)*

¡A historia xulgará! *(Murmurios.)* *(Un señor deputado: A vostede o primeiro.)* Si, si, para que vexa como son eu, que dixo Fidel. *(Risos.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Núñez Centeno, ten a palabra. Cando queira.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Cando me deixen. *(Pausa.)* ¿Podo? Grazas.

Empezando polo remate, o señor Torrado e a señora Prado falaron moi pouco sobre a proposición de lei que estamos a debater. E o señor Torrado falou de cargos que pertenceran a gobernos distintos aos do Partido Popular, que estaban en xefaturas e que os retirara o Partido Popular. ¿E quen os puxera? É unha pregunta que deixo no aire. *(Murmurios.)*

E tamén falou do señor Millán Astray. Creo que a presidenta da Deputación de Pontevedra fixo uns carteis coa foto do señor Millán... ¿é ese señor ao que se refería? Creo que si, ¿non? Está en Europa Press, se quere ensínolle o cartel tamén. *(Murmurios.)* Está aquí. *(O señor Núñez Centeno amosa unha imaxe no seu móbil.)* Se quere ensínollo, ¿vale? *(Murmurios.)* Ben.

Por certo, señor Torrado: Cayetano Rodríguez Escudero, actual concelleiro da corporación de Vigo, xerente do Meixoeiro —por certo, o do *Aspergillus*—; o señor Julio Villar, directivo no Xeral de Vigo; o señor Xosé Carlos Aval, xerente do Medtec —agora Galaria—. Todos eses son cargos do Partido Socialista. (*Murmurios.*)

E con respecto á señora Prado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu non dixen nada, mentres falou vostede non dixen nada. A señora Prado da lei tampouco falou nada. Faltoulle acusarme a min de ser primo do presidente porque coincidimos no apelido. Calquera día acúsame a min tamén. Non son primo do presidente, señora Prado, doulle a miña palabra de honra. ¡E viva o feminismo! Ou sexa, que o único mérito que ten a señora Eloína Núñez —muller— é ser prima do presidente. ¡Benvida sexa! É o único mérito que lle recoñece vostede. (*Aplausos.*) ¡Moi ben! (*Aplausos.*)

Con respecto á intervención da señora Solla: ao mellor a señora Solla se sente máis orgullosa do Goberno municipal de Santiago de Compostela, o Goberno das mareas, xa que resulta que os nomes dos directores de área se coñeceron na prensa antes de que se convocaran as prazas. (*Murmurios.*) Si, señor, iso é un dedazo de primeira división. ¡Si, señor!

E, ademais, señora Solla, perdeu vostede unha oportunidade magnífica para rexeitar e condenar as palabras da súa eurodeputada —ben, non sei se é súa ou non é súa, porque agora, francamente, é difícil de saber— diante da organización dun acto en Vigo onde se rexeita a vacina do papiloma virus, relacionado co cancro de cérvix, e o cribado do cancro de mama. Xa me gustaría a min escoitar o que dirían algunhas feministas — que, por certo, non se escoitaron neste caso— se o Partido Popular retirara a vacina do papiloma virus ou pechara o cribado de cancro de mama. ¡Manda chover! (*Murmurios.*) Vostede, señora Solla, que se considera sempre defensora da sanidade pública e defensora do feminismo, eu creo que debería rexeitar e condenar enerxicamente as actitudes da súa suposta compañeira. (*Murmurios.*)

Ben, imos falar da lei, entón. Traen a este pleno unha proposición de lei para a provisión de postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. E, dende logo, non parece moi acaído tralo neste momento, posto que acaban de dimitir —como se dixo aquí— vinte e cinco xefes de servizo, que parece que non eran do PP porque dimitiron, ¿non? Dimitiu tamén o xefe de servizo de Urgencias do CHUS, que era sindicalista de UXT no momento en que foi nomeado xefe de servizo do CHUS pola señora Eloína; era sindicalista de UXT. Se quere un exemplo máis, o xefe de servizo do meu centro era liberado sindical da CIG e, despois de dez anos de goberno de Feijóo, segue sendo xefe de servizo do Centro de Saúde de Carballo. Ben, esa é a xente do PP que temos nós nas xefaturas de servizo.

Despois, aquí falouse de miles e miles e centos de miles de casos de xefes de servizo que foron ao xulgado. O señor Torrado dixo que ía falar de cinco ou máis e non chegou a ese número. O señor Bustamante, por exemplo, o marido da señora conselleira: efectivamente, houbo que repetir o concurso para a xefatura de servizo, pero resulta que, cun tribunal completamente novo, despois volveu gañar a praza de xefe de servizo. Doutras casos que se citaron aquí prefiro non falar porque ao mellor me meto nunha lea e case prefiro non falar. (*Murmurios.*)

Afirman vostedes que a situación previa deixaba á marxe a discrecionalidade da Consellería de Sanidade da capacidade de decisión respecto dos órganos, os baremos e os sistemas aplicables á elección dos postos de dirección. Ben, o decreto, efectivamente, foi dos últimos días do Goberno de Fraga, pero houbo a posibilidade completa de modificalo, e modificouse no ano 2008. ¿E sabe para que se modificou, señora Solla? Para substituír a puntuación da oposición pola puntuación do concurso. É dicir, no decreto figuraba que a oposición valoraba os coñecementos e as aptitudes do que se presentaba a unha praza de oposición —refírome de prazas de xefaturas de servizo—, e o que fixeron foi incrementar a puntuación da fase de concurso. Non se modificou absolutamente nada máis.

E, despois, efectivamente, falou vostede de que hai unha orde, aínda que non a cita na documentación da proposta —que, por certo, me gustou moito, agora que recordo, iso que dixo vostede de que o que había que puntuar e valorar era a dilatada carreira profesional; non sabía eu que as xefaturas de servizo pretenden que se dean por antigüidade, non o entendín moi ben—. Esa orde da que falamos é a que desenvolve as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. E esa orde practicamente é a que copia vostede para facer esta proposición de lei, aínda que, por certo, é bastante máis detallada a orde que a súa proposición de lei.

A lexislación xeral mencionada nos antecedentes resulta tamén de aplicación á selección de postos de traballo do organismo autónomo, incluídos os postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade. Por todo o exposto, nós pensamos que é innecesaria esta proposición de lei nos termos nos que se presenta, porque a maior parte do seu articulado vai compilando disposicións xa vixentes, coa única particularidade de incorporar algún pequeno matiz ou propostas de carácter parcial que non alteran o substancial da norma en vigor. Por exemplo, cita na proposta a necesidade de que os membros da Comisión de avaliación sexan persoal estatutario fixo, e a orde que lle dixeran di textualmente: «todos os membros terán a condición de persoal estatutario fixo ou funcionario das categorías sanitarias do grupo superior de clasificación ou titular de praza docente asistencial do mesmo nivel»; ou, tamén, que esas persoas sexan elixidas por criterios técnicos e profesionais, que tamén está contemplado na dita orde, como non podería ser doutro xeito.

Moita da regulamentación específica antes comentada reproducía vostede dun xeito case mimético na proposición de lei. O que cualifica vostede na exposición de motivos como «novos requisitos adaptados a demandas sociais», como a obrigatoriedade de garantir paridade de xénero nas persoas designadas ou evitar que poidan concorrer, tanto para formar parte da comisión como para os postos que se regulan, persoas con conflitos de interese no sector privado vinculado ao posto de responsabilidade ao que se opta ou persoas con sentenzas condenatorias por delitos contra a Administración pública ou de corrupción nos negocios, delitos contra saúde pública, así como aqueles que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual. Son todos eles aspectos que xa vinculan e se aplican aos actuais procedementos de provisión, tanto en virtude da propia lexislación á que fai referencia como doutras disposicións de carácter legal.

Polo que atinxe de xeito específico a aqueles aspectos da proposición que constitúen algunha novidade con respecto ao que hai na normativa actual, esa modificación e o contido da

mesma resulta para o Partido Popular, polo menos, discutible. Na elección dos membros das comisións de avaliación o que se propón é que estean formadas por cinco persoas escollidas por sorteo realizado pola mesa sectorial de Sanidade. Nas funcións da mesa sectorial de Sanidade non aparece para nada —para nada nas funcións reguladas na lei— esa posibilidade; é dicir, aparece negociar e aparecen as materias relativas á selección de persoal estatutario e provisión de prazas, incluíndo a oferta global de emprego do servizo de saúde, pero non a realización de actos materiais que forman parte da tramitación dos procedementos, como é o caso da elección dos integrantes de cada tribunal.

E por outra banda, resulta lóxico que a avaliación colexiada das persoas candidatas ás xefaturas sanitarias sexa feita por unha comisión técnica especializada nomeada polo órgano convocante, de acordo coas potestades de organización normativa e xurisprudencialmente recoñecidas.

A designación das persoas que forman parte dos tribunais de selección parte dun principio esencial, que é a idoneidade para avaliar os coñecementos, e esta designación tense que adaptar ao mandato establecido tanto polas leis estatais de carácter básico como pola normativa autonómica: que as administracións, entidades e organismos públicos seleccionarán o persoal mediante procedementos nos que se garantan os principios de transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos e no funcionamento dos órganos de selección, así como a imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e a independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na súa actuación.

Así pois, a prevención de que o sorteo garanta a imparcialidade das persoas que conforman as comisións de avaliación resulta innecesaria á luz da normativa vixente, e mesmo pode resultar inconveniente que, en procedementos nos que se trata de avaliar un proxecto técnico sobre a futura xestión dunha unidade do servizo clínico durante catro anos —non é a valoración dun currículo, é valorar todo o traballo feito nos catro anos anteriores—, eses encargados de valoralos xurdan directamente dun sorteo, sen garantir que dispoñan da perspectiva, a traxectoria profesional ou os coñecementos suficientes para facelo.

Polo demais, a actual regulación específica dos procedementos de provisión de postos de xefatura responsabilidade do Servizo Galego de Saúde xa recolle en termos idénticos ou substancialmente similares os aspectos relativos aos principios, réxime xeral, procedemento, comisión de avaliación, convocatoria, requisitos das persoas aspirantes e avaliación do desempeño da xefatura contidos na proposición de lei, polo que consideramos que non é necesario a toma en consideración da súa proposición de lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio dos grupos da oposición.

Señor Centeno, se quere aprender algo do feminismo, aprenda hoxe un concepto novo: o *mansplaining*, no que os homes lles din ás mulleres o que teñen que dicir. (*Aplausos*.) Dende logo, non nos vai dicir vostede aquí o que temos que opinar, dicir ou decidir nas nosas intervencións, nin aquí neste parlamento nin fóra del. Deberían aprender moitos homes sobre este concepto.

E, en fin, obviamente, falar de dilatada carreira é falar da experiencia profesional, señor Centeno. Vostede non preparou a intervención, non leu polo miúdo o que tiña que ver coa composición dese órgano que propomos, dese órgano colexiado, e pretende trasladar unha serie de valoracións subxectivas que non están contidas no propio texto. Debería vostede lelo ben.

A vostede parécelle innecesario incluír parte dos contidos que introducimos como unha novidade ou como un elemento que é positivo incluír nunha normativa que está anticuada neste sentido —como xa fixen referencia e vostede leu da propia exposición de motivos que veñen explicados—, relativos, por exemplo, á imposibilidade de que accedan persoas con conflito de intereses ou con evidentes incompatibilidades, ou persoas que non cumpran os requisitos relativos a delitos contra a indemnidade sexual ou relacionados coa violencia de xénero, ou con sentenzas condenatorias contra a Administración pública ou na corrupción dos negocios, e que non veñen incluídos na norma actual.

E, ademais, estaría ben que vostede se puxera de acordo co vicepresidente, porque o informe —repítolle— relativo á cualificación conforme o impacto de xénero desta proposición de lei por parte da Vicepresidencia —da Secretaría de Igualdade, neste caso— fai unha valoración positiva dicindo que actualiza a normativa nese sentido e que hai que actualizar de maneira progresiva a introdución de aspectos en materia de xénero en toda a normativa vixente; neste caso, na lexislación autonómica, pero tamén no resto da lexislación. Polo tanto, non se entende que a vostede lle supoña un problema que introduzamos criterios de xénero ou criterios de que non poidan acceder persoas con delitos sobre a indemnidade sexual, a liberdade ou mesmo a saúde pública, que tampouco teñen que ver coa igualdade, pero que son elementos que non están agora mesmo dispostos no decreto nin na orde que se dá relativa ao servizo.

Nós facemos unha proposta e vostede dixo aquí que era francamente discutible. Se é discutible, ¿por que non votan a favor e a discutimos? ¿Que medo ten o Partido Popular? ¿Que problema ten continuamente —ultimamente— con ocultar información, con impedir que se debata, con non discutir o que se está facendo mal? Se se propón unha proposta diferente de regulamento, é un problema; se conserva parte da anterior ordenanza, é un problema tamén. Aclárese, señor Centeno.

Temos unha situación na que hai, fundamentalmente, na normativa actual, un problema circunstancial relacionado directamente con quen barema e quen valora as persoas e os méritos que se presentan ás xefaturas de servizo. Repito outra vez: cinco persoas escollidas a dedo pola Consellería de Sanidade. Iso é o que hai que mudar. Para preparar esta modificación valoramos a normativa vixente nas diferentes comunidades autónomas e outras normas a respecto de como se regula a provisión de servizos; de feito, hai algunha outra comunidade gobernada por



vostedes na que se modificou de maneira relativamente recente, que é a Comunidade de Madrid. Pero vostedes teñen oídos xordos á hora de revisar o que se está facendo mal.

E miren: nós non temos ningún interese en que ningunha das xefaturas de servizo estea ocupada por ningunha persoa por criterio político de ningunha cor. Queremos que esas xefaturas de servizo estean ocupadas por persoas que teñan demostrada a competencia e que teñan un proxecto avaliado de maneira correcta, e que o criterio sexa igual para todos e todas. A realidade é que antes de outorgar esas xefaturas de servizo, os aspirantes —ou non aspirantes, porque xa nin aspiran— xa saben a quen se lles van dar. (*Murmurios.*) ¡Por favor! Son casos claros de nepotismo e de enchufismo dentro do Servizo Galego de Saúde, coñecidos por todas e todos, que frustran a carreira profesional de moitas persoas que poderían estar desempeñando un labor magnífico á fronte de diferentes servizos, pero que, ademais, constitúen un elemento máis de falta de democracia neste sistema, no Sistema público de saúde.

E estamos fartas xa, ultimamente, de que non se queira dar debate ningún sobre unha situación que está chegando a un punto que, como saben as súas señorías, e como saben por todas as protestas e por todos os problemas que hai día si e día tamén nos medios de comunicación, está chegando a ser realmente insustentable. É unha pena que non estea aquí o señor Almuíña para aproveitar o tempo que lle queda nese sillón, é unha pena que non estea para escoitar este debate. E é unha pena tamén que vostedes non estiveran onte para escoitar ese debate prohibido e censurado por parte da Presidencia deste parlamento, porque parece ser que aquí non se poden escoitar as voces das persoas que molestan, como acontece tamén nas xefaturas de servizo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Lembrarán —quen foi, polo menos— que, na histórica manifestación convocada o 8 de setembro, as traballadoras e os traballadores da Corporación da Radio e da Televisión públicas de Galiza reclamaron que os discursos deixen de ser só palabras e que, quen temos a posibilidade e a responsabilidade de actuar, impulsemos medidas necesarias para garantir medios de comunicación públicos e, sobre todo, libres.

Hoxe, desde o Bloque Nacionalista Galego defendemos a reforma da Lei de medios audiovisuais públicos de Galiza para avanzar na necesaria reforma legal que permita despolitizar a



Corporación Radio e Televisión de Galiza. Dicían en setembro as traballadoras e traballadores que, se os cambios nas direccións destas empresas públicas de comunicación están vencellados aos cambios de goberno, é case imposible combater as inxerencias políticas. Por iso propomos reformar —hoxe iniciar, polo menos, a tramitación coa toma en consideración desta proposta de lei— a Lei 9/2011 e introducir o concurso público como procedemento para a escolla das persoas que integran a Dirección Xeral e o Consello de Administración da CRTVG.

Recollemos así as demandas non só do cadro de persoal da CRTVG, senón tamén a proposta feita xa pola Federación de Sindicatos de Xornalistas, que vén reclamando desde hai tempo mudanzas e iniciativas para que as direccións das radios e televisións públicas —de todas— sexan elixidas mediante concurso público entre persoas de recoñecida cualificación e experiencia profesional, e non pola súa afinidade política co goberno de turno. Tamén a Rede de Colexios Profesionais de Xornalistas, que integra nove colexios profesionais —tamén o de Galiza—, vén reclamando que a Presidencia e demais cargos directos dos medios públicos deixen de saír dun mercadeo de nomes máis ou menos do gusto dos partidos para ser elixidos a través de procesos abertos e transparentes que avalíen os méritos, as traxectorias profesionais, as capacidades demostradas e as propostas de actuación a futuro que pretenden levar a cabo.

Onte mesmo, a Rede de Colexios Profesionais de Xornalistas facía público un novo manifesto instando a blindar a calidade, a profesionalidade, a independencia, a pluralidade e a viabilidade dos medios públicos como servizo fundamental para garantir o dereito do acceso universal á información, que é un dereito humano; unha demanda na que coinciden as profesionais integradas no colectivo Defende a Galega e o Comité Intercentros da CRTVG.

Por iso, desde o BNG propomos, con esta lei, con esta proposta de lei de reforma, seguir o camiño trazado polas entidades profesionais, un camiño iniciado xa por outras corporacións máis ou menos próximas á nosa contorna. Primeiro, pola Radio e Televisión pública valenciana no ano 2006, o antigo Canal Nou. Lembrarán que foi pechado e clausurado despois de ser desmantelado e da manipulación das súas profesionais durante anos polo Partido Popular, o mesmo Partido Popular que agora usa Canal Sur como moeda de cambio nas negociacións para se facer co Goberno andaluz. Negocian o peche dos medios públicos, mercadean cos dereitos e cos servizos fundamentais que pertencen ao conxunto das poboacións de cadanseu territorio. E en segundo lugar —digo que comezou a Radio e Televisión pública valenciana—, máis recentemente, este mesmo ano 2018, tamén iniciaba ese proceso de selección dos seus órganos de dirección a través de concurso público a Corporación de Radio e Televisión Española.

A selección tanto da Dirección Xeral como do Consello de Administración mediante concurso público non está exenta de tensión, de tirapuxas, de debate, de intento —seguramente— por exercer control e presión política; iso é evidente e sería infantil pensar o contrario. Máis é un elemento democratizador fundamental. E dicimos desde o BNG que é un elemento democratizador por tres razóns, fundamentalmente:

Primeiro, por transparencia; transparencia fronte á política de despacho, fronte ás negociacións de mesa camilla. Tal e como formulamos, a proposta de reforma de lei fixa luz e

taquígrafos durante todo o proceso, obrigando a facer públicas todas as propostas, todos os informes de avaliación e todas as decisións que se tomen.

En segundo lugar, como garantía de participación das e dos profesionais da comunicación, fixando un prazo mínimo de dez días para que as organizacións sindicais e as entidades profesionais e asociativas do ámbito da comunicación formulen as súas propostas para a creación da comisión de persoas expertas encargada da avaliación das candidaturas.

E, en terceiro lugar, para despolitizar o proceso e a propia Corporación. O concurso público racha a inercia instalada na CRTVG durante estes máis de trinta anos de existencia, permitindo que poida candidatar-se calquera profesional que cumpra as condicións de idoneidade, de capacitación e de prestixio profesional que se establezan na convocatoria, que deben ser avaliadas —insisto— por un comité de persoas expertas, persoas que han de acreditar recoñecida competencia profesional docente ou investigadora no ámbito da comunicación e que deberán contar con experiencia acreditada, respectando sempre a presenza equilibrada entre mulleres e homes. Será este comité quen efectuará unha valoración fundada das persoas que concorran ao concurso público, facendo públicos os informes de avaliación e elevando unha proposta de selección á comisión permanente de control para que, posteriormente, sexa ratificada no Pleno por maioría de dous terzos.

Na reforma propomos que sexa o Parlamento quen acorde e impulse a convocatoria e elabore as bases do concurso público, toda vez que non existe no noso país autoridade audiovisual ningunha, a pesar de que aparece prevista a súa creación, por certo, na Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza.

Aquela lei, a través da disposición derradeira quinta, fixaba un prazo de nove meses á Xunta de Galiza —naquel ano 2011— para que se remitise a esta cámara unha proposta de lei que recollase as funcións e o procedemento tanto de selección como de actuación desa autoridade audiovisual. Até hoxe non foi creada, e van sete longos anos: 2.555 días, a maior parte deles hábiles. Alguén terá que explicar por que non se crea. Ás veces, eu creo que hai que preguntarse quen toma as decisións cando non se crea unha entidade que debe cumprir, ademais, unha misión de control externo desde o ámbito profesional. ¿Quen exerce as funcións desa autoridade audiovisual toda vez que non foi creada? Pois o organismo da Xunta de Galiza con competencia en medios de comunicación audiovisual e social: a Secretaría Xeral de Medios, ¡ollo aí! Ou, no seu defecto, habería outro organismo, que é o CATA, o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual: foi creado no ano 1995, ten unha composición de cento oitenta persoas —pouco manexable— e non ten actividade ningunha, no mínimo, desde outubro de 2010, que foi a última vez que se reuniu a súa comisión permanente. É un organismo absolutamente morto que non atende nin sequera aquelas cuestións para as que foi deseñado e creado.

Señorías, a situación actual da CRTVG é insustentábel. É insustentábel e, ademais, esa insustentabilidade faise evidente cada venres negro, e van trinta; faise evidente con cada paro parcial, con cada folga e mobilización convocada polo colectivo Defende a Galega e o Comité Intercentros. Mañá mesmo inician unha folga de vinte e catro horas, que seguirá dando continuidade a eses paros parciais do mes de novembro, e hai outra xornada de folga de vinte e catro horas tamén convocada para o 22 de decembro, coincidindo co sorteo da lotaría de Nadal.

A actual Dirección Xeral e o Consello de Administración incumpren, desde o ano 2011, a Lei de medios, negándose a crear o Consello de Informativos, a redactar o estatuto profesional e a asinar o contrato programa, todo previsto na Lei 9/2011: artigos 36.1 e 36.2 e artigo 33. Porén, de entre todos os incumprimentos —e non son poucos—, un dos máis gravosos para o correcto funcionamento da Corporación da Radio e da Televisión públicas de Galiza é o mantemento da Dirección Xeral en mans dunha persoa que non foi elixida polo procedemento disposto na lexislación vixente desde o ano 2011, senón que se mantén despois de ser elixida a dedo, e mantense, ademais, nunha situación de interinidade prorrogada sine díe a través dunha disposición adicional da Lei de acompañamento do ano 2016. A Lei de acompañamento que tanto nos vale para franxas de protección, para a Lei da minaría, para o concurso eólico ou para manter *sine die, vitam aeternam* —todo apunta a que será así— o actual director xeral. Unha Dirección Xeral que non conta nin co respaldo do persoal nin co respaldo de dous terzos desta cámara, como exige a propia Lei 9/2011, cuestión que ficou, ademais, en evidencia o pasado mes de setembro, cando o Pleno votou a proposta de reprobação impulsada polo Bloque Nacionalista Galego.

Os medios de comunicación públicos deben atender única e exclusivamente os intereses de quen os sostén, e esa non é a Xunta de Galiza, é o pobo galego e as traballadoras e os traballadores deste país.

Desde o Grupo Parlamentario do BNG estamos convencidas de que, para garantir o dereito a que todas as persoas de Galiza dispoñan dun sistema audiovisual que reflecta a realidade con obxectividade e con imparcialidade, é preciso desvincular a designación da Dirección da CRTVG do Goberno e promover a selección das persoas que integran o Consello de Administración e a propia Dirección Xeral a través dun concurso público, reforzando a súa independencia e o desenvolvemento da misión de servizo público baixo criterios de estrita profesionalidade.

Por iso impulsamos esta reforma, que non é punto de chegada, senón punto de partida para recuperar uns medios públicos ao servizo do país: iniciar o proceso de renovación dos órganos de dirección da CRTVG a través dun concurso público para que as persoas que dirixan a Corporación Radio e Televisión de Galiza deixen de ser o brazo executor da Xunta e a correa de transmisión do gabinete de propaganda do Partido Popular.

Dicían naquela histórica manifestación, no mes de setembro, as traballadoras e os traballadores da CRTVG: «Non somos nin debemos de ser o gabinete de comunicación de ningún goberno, sexa da cor que sexa. Non somos nin debemos ser o altofalante das súas mensaxes. Non é a nosa misión nin a nosa responsabilidade cambiar ou prorrogar executivos, mudar ou perpetuar intencións de voto. Non deixedes que ningún vos convenza do contrario».

Unha nova gobernanza é o que estamos propoñendo hoxe a este pleno do Parlamento de Galiza. Leva implícito ese novo modelo de gobernanza un cambio no modelo, e pasa por unha maior representación social nos órganos de decisión, por exixencias de capacitación e por consensos parlamentarios. E os consensos —e con isto xa remato— non se impoñen, constrúense.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Rolda dos restantes grupos parlamentarios. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

O pasado xoves, despois da tradicional rolda de prensa do Consello da Xunta, un reporteiro gráfico de Radiotelevisión Española preguntáballe ao presidente se ía facer algún comentario sobre o feito de que se fora xa celebrar o trixésimo venres negro na CRTVG. Exactamente a conversa era a seguinte: señor presidente da Xunta, mañá está convocado o venres negro nos medios públicos galegos, o trinta xa. ¿Ten pensado tomar algunha medida ao respecto ou ten algún comentario que facer?

O presidente da Xunta, bastante alporizado —todo hai que dicilo—, (*Murmurios.*) abaneando os folios que tiña enriba da mesa, contestáballe: eu contestáballe con moito interese, o que pasa é que o meu deber é contestarlle aos xornalistas.

Ante esta falla de respecto, ante esta actitude, este modo Trump que adoptou o señor Feijóo, ante unha persoa que reparte agora tamén carnés de xornalista no noso país, pedímoslle que, ante este ataque de soberbia que lle dá cada vez que lle cae a careta, se desculpe con este profesional e con todos e todas as profesionais dos medios públicos galegos. (*Aplausos.*)

Reiterámoslle esta pregunta e facémolo para que a voceira do Partido Popular lla transmita, posto que agora mesmo non está na Cámara, e reiterámoslle esta pregunta en nome de todos os profesionais e tamén dos 254.552 cidadáns e cidadás que votaron esta formación política: ¿ten previsto, señor presidente, tomar algunha medida ante a situación da CRTVG ou ten algún comentario que facer?

Porque é certo, señorías, que, como din os profesionais en moitas ocasións, sen xornalistas non hai xornalismo e sen xornalismo non hai democracia. Pero que haxa un presidente da Xunta que non responde á cidadanía —votáranos ou non— non é un síntoma de boa saúde da nosa democracia. (*Aplausos.*)

A situación da CRTVG, a situación que se está a vivir, é sen dúbida a peor dende que se creou este ente hai máis de trinta anos. Os traballadores e as traballadoras levan máis de seis meses de mobilizacións; esta semana celébrase xa o trixésimo primeiro venres negro. Houbo —como xa se dixo aquí— unha masiva mobilización, unha masiva manifestación en Santiago de Compostela o pasado 8 de setembro, os paros intermitentes no mes de novembro e dous días de folga que están convocados para mañá e para este sábado. Por certo, seguen sen aprender: de novo, servizos mínimos abusivos, a pesar de que houbo unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que condenaba a CRTVG e tamén o Goberno galego por servizos mínimos abusivos na folga feminista do 8 de marzo.

¿E por que? ¿Por que estas mobilizacións? ¿Por que mobilizacións que nunca se produciron ata chegar a este nivel? Pois miren: unha manipulación informativa de tal calibre que levou, antes do verán, a dimitir a Tati Moyano e a Alfonso Hermida como presentadores do *Telexornal*.

A eliminación das desconexións locais da Radio Galega a poucos meses das eleccións municipais. Claro, debe de ser casualidade que, de sete cidades, o Partido Popular só governe nunha, en Ourense, e en Ourense o único que haxa que contar dende hai anos é que somos a única capital de provincia de toda España que non ten orzamentos, cun alcalde que foi absolutamente incapaz de aprobalos. (*Aplausos.*) Claro, ante esta situación, ¿que fixeron? Pois chamar a CRTVG e dicir: apagón informativo municipal, que non nos convén.

Supresión do *Diario Cultural* despois de máis de vinte e oito anos e unha produción propia que segue minguando a pesar deses datos adulterados que dan, onde se contan tamén as redifusións.

Algo gravísimo: unha política represiva, propia de réximes totalitarios, contra os traballadores e as traballadoras da CRTVG que se atreven a alzar a voz e a denunciar o que está acontecendo nos nosos medios de comunicación públicos; traballadores e traballadoras ás que nós volvemos, unha vez máis, agradecerlles a súa valentía e a súa insistencia, o cal é unha mostra non soamente da súa profesionalidade, senón tamén dese compromiso de servizo público que teñen coa sociedade galega. (*Aplausos.*)

Lembremos ese expediente disciplinario aberto a Tati Moyano por ter a ousadía, por atreverse a dicir diante do presidente da Xunta de Galicia, nunha gala da Asociación Española contra o Cancro, que había manipulación, ou insinualo. Pero é que vostedes non aprenderon; tiveron que pechar ese expediente informativo polas mobilizacións que houbo dos traballadores e das traballadoras. E volven á carga, agora contra outro traballador —o locutor Carlos Jiménez— como castigo non soamente por ser unha persoa significada nestas mobilizacións, senón tamén despois de ganarlle ao ente público máis de once sentenzas nos tribunais.

A estratexia, señorías, parece clara: cargar contra os máis mediáticos para que treman de medo os que están detrás das cámaras ou os que están contratados e os que non teñen tanta visibilidade. Pero non teñen medo, e así o levan amosando estes últimos meses.

Pero, sobre todo e fundamentalmente, estanse a mobilizar por un incumprimento flagrante da Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación. Imos repasar unha vez máis estes incumprimentos; xa o faciamos o outro día cando lle preguntabamos —sen obter resposta, como soe ser habitual— ao vicepresidente da Xunta de Galicia por este tema:

Artigo 5. Obriga de servizo público: incumprimento, porque a Televisión galega e a Radio Galega non están prestando un servizo público, están prestando un servizo ao Partido Popular.

Artigo 23. Nomeamento do director da CRTVG. Voltamos repetilo unha vez máis, como xa se dixo aquí: ten que ser nomeado por esa maioría de dous terzos en primeira votación e de

tres quintos en segunda. Dende o ano 2015 está prorrogado a través desa Lei de acompañamento do ano 2016, unha actuación que atenta claramente tamén contra o que di esta lei.

Artigo 27. Consello asesor.

Artigo 33. Obxectivo do servizo público: ese contrato programa que segue sen existir.

Artigo 36: redactar o estatuto profesional e crear o Consello de Informativos, que ¿para que serven? Pois nin máis nin menos que para fortalecer a calidade, a profesionalidade e a independencia dos contidos informativos, que tampouco existen.

Artigo 39: garantir o dereito de acceso a través da participación dos grupos sociais e políticos representativos. Ben, non fai falla máis que ver a repercusión que teñen as iniciativas da oposición nos medios de comunicación públicos. Iso por non falar das mobilizacións da sanidade pública galega, que están completamente ocultas nos informativos, tanto da radio como da televisión.

Artigo 48. Control parlamentario do contrato programa: claro, non pode haber porque non hai contrato programa.

Ata as disposicións adicionais e as transitorias están incumprindo.

Señora Rodil, non podemos saber se esta lei funciona ou non; non o podemos saber porque son xusto os artigos que están adicados a garantir o pluralismo e o servizo público da CRTVG os que non se cumpren sete anos despois da aprobación desta lei.

Nós imos votar a favor desta proposición de lei. Non imos, dende logo, ser un atranco para volver debater e para mellorar o que sempre se pode mellorar, e máis cando xa pasaron sete anos. O certo é que a súa proposta non modifica demasiado a situación actual: tocan apenas creo que catro artigos de corenta e sete da lei. Simplemente o que fan é crear un concurso público, que hai que dicir tamén que é a través dun comité de expertos que está nomeado tamén polos grupos políticos; iso hai que especificalo tamén.

Co cal, o único que pode garantir que cambie a situación actual dos nosos medios de comunicación públicos é que haxa un goberno galego que non considere que os medios de comunicación públicos son da súa propiedade, que non haxa un presidente da Xunta de Galicia que di que non ve a televisión. Claro, non necesita vela porque el mesmo dita ou intenta ditar aos profesionais da CRTVG como se foran o seu gabinete de comunicación. E iso non se muda, non se cambia cunha lei; iso múdase nas eleccións, señorías.

Cremos realmente que o que falla neste caso é a vontade política de quen está no Goberno de non respectar as normas que nos demos entre todos e todas; de respecto tamén á democracia e á pluralidade política da sociedade galega que, a pesar de que hai unha maioría absoluta, existe, señorías, existe. Porque é propio de quen confunde maioría absoluta con absolutismo e de quen considera —e iso é o que de verdade hai que mudar— que a propiedade pública da CRTVG é propiedade pública do Partido Popular.



Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora Blanco.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Cuña Bóveda.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Realmente —xa o dixemos, e repetímolo— o conflito da CRTVG é un conflito que afecta todo o sistema público galego e toda a cidadanía galega.

Dito isto, hai que considerar que a folga de mañá, a folga do 22 e os trinta venres negros non se fan porque si. En tres décadas de historia da CRTVG nunca antes se producira unha mobilización tan prolongada no tempo e multitudinaria. Porque non só saíron á rúa os xornalistas e as xornalistas, os montadores, operadores de cámara, persoal de produción..., saímos moitas e moitos a defender o que é de todas e todos os galegos: a televisión pública. Esa mobilización, polo tanto, é unha mobilización histórica. A resposta é facer ouvidos xordos, cando o que demandan tanto o Comité Intercentros como a plataforma Defende a Galega é simplemente a defensa íntegra da lei, o cumprimento íntegro da lei.

Dende logo, o Colexio de Xornalistas defende a total lexitimidade das reivindicacións, xa que están a comprometerse co dereito á información da cidadanía, un dereito que exige tamén o cumprimento dunha lei que está vixente dende hai sete anos. Exercer o dereito á discrepancia por compromiso coas obrigas profesionais non pode ser castigado nin supoñer unha condena ao ostracismo; ben o contrario: a calidade da información e o deteriorado clima laboral beneficiaríanse moitísimo dun diálogo aberto que debe producirse en todos os medios e que non se está a producir.

Necesitamos e apoiamos, por iso, medios públicos dignos de todas e todos: plurais, imparciais, xustos, libres, independentes e veraces, xornalismo honesto, contra os intereses alleos á profesión, sen mordazas, sen censuras, sen sancións, sen manipulacións, sen prácticas deontoloxicamente intolerables —como a de modificar o traballo de redactores e redactoras—, sen inxerencias nin represalias que son irracionais e que están máis achegadas á corrupción que á democracia. Hai moitos exemplos de falta de hixiene e de falta de democracia, exemplos moi, moi alarmantes e moi preocupantes.

A resposta —xa citada aquí— do señor Alberto Núñez Feixóo (*Murmurios.*) —si, Feixóo— a un reporteiro gráfico podía ser amable, podía ser digna, e o que é é unha resposta, diante dun asunto de tan grande interese, de xactancia, de menosprezo; é unha resposta indigna. Un marabilloso autor que escribe artigos moi recomendables, ao escoitar a resposta de don Alberto Núñez, asociouna cun libro —recomendable tamén para todos os deputados e deputadas que gusten da lectura— de Maurizio Ferraris. O libro ten un título parlante: *A imbecilidade é unha cousa seria.* *(Aplausos.)* É unha cousa moi seria. *(Aplausos.)*

A pregunta do reporteiro gráfico —xornalista— digno é unha pregunta sinxela, pertinente, ben acaída, unha pregunta que nos facemos todas e todos e que deberan terlle feito cincuenta mil xornalistas en calquera rolda de prensa nestes seis meses. E nós reiteramos a pregunta: ¿ten previsto tomar algunha medida ou facer algún comentario? A esta pregunta o señor Alberto Núñez Feixóo contestou dicindo: é un asunto ao que eu podería contestar, teño algo que dicir. É serio que el diga isto. Segunda parte: sumamos algo serio con algo máis serio e é serísimo, jé moi serio! A segunda parte da resposta é: pero non teño que contestarlle a un xornalista gráfico. Tampouco teríamos imaxe do señor Alberto Núñez se non existisen xornalistas gráficos.

Isto, que é tan serio, o que define é cal é a idea do público, do servizo público, e dos medios que ten este goberno e a actual dirección, que utiliza a CRTVG como un medio de propaganda propio. Isto de considerar a CRTVG como un couto privado parece que ten moito rédito, e a manipulación caciquil, dende logo, dá resultados electorais substanciosos. Afirmar que non ten competencias, dicir que a el non se lle consulta e que non ve a Galega non dá máis que vergonza, moitísima vergonza. Están incumprindo a lei e a resposta é o silencio. ¡Vergonza! ¡Inmensa vergonza!

O noso grupo parlamentario vai apoiar a admisión a trámite da proposición de lei do BNG porque entende que a renovación da actual dirección é só o primeiro paso. En Marea defende que a Dirección sexa elixida por concurso público, naturalmente: é a única opción capaz de garantir a independencia e a pluralidade.

É certo que o PP xa modificou a lei unha vez; fíxoo a través da Lei de acompañamento dos orzamentos xerais de 2016, cunha reforma que, na práctica, supuxo manter por tempo indefinido o señor Sánchez Izquierdo, evitando así que sexa substituído por unha persoa avalada, cando menos, por dous terzos do Parlamento —deste parlamento—, o que supón cincuenta escanos. ¿Que significa isto? Que, de non acadarse, obrigaría a que sexa apoiado por un mínimo de tres quintas partes, e, en todo caso, por algún grupo máis que non só o Grupo do Partido Popular. (*Murmurios.*) Naturalmente, é un riso ¿verdade? Fíxérono por detrás e dunha maneira, dende logo, nada transparente.

As traballadoras e traballadores sinalan a Alfonso Sánchez Izquierdo, no cargo dende maio de 2009 —que, por certo, ten un salario maior que o propio presidente deste goberno, por se non o sabían—, como o máximo responsable das prácticas de manipulación informativa. O actual director e os seus sucesivos directores de servizos informativos da Radio e da Televisión de Galiza designados por el veñen incumprindo de forma sistemática a obriga legal de garantir a obxectividade, a veracidade e o pluralismo da información. E isto foi levado mesmo ata a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo, fíxense se a cuestión é seria. Temos a responsabilidade de apoiar as reivindicacións para devolverlle á Corporación a credibilidade e o prestixio que nunca debeu perder, e o dereito, sobre todo, que ten toda a cidadanía, á información, que foi secuestrado polo Partido Popular.

É imprescindible chegar a acordos. Supoño que vostedes non estarán dispostas nin dispostos a esta necesaria reformulación dalgúns artigos. Nós consideramos que é o primeiro paso. O artigo 14, o artigo 15 e a disposición transitoria cuarta é importante que se revisen e que se modifiquen, porque estamos falando de ferramentas normativas eficaces que poden permitir

a erradicación da inxerencia política nos labores xornalísticos. Con respecto ao 14, a elección e o nomeamento do Consello de Administración, é importantísimo que esa pluralidade sexa contemplada e, dende logo, que as persoas que estean propostas para formar parte teñan xustificada a súa excelencia e experiencia recoñecidas. Con respecto á experiencia e ao recoñecido prestixio, tamén as candidaturas deberán comparecer —e nós tamén estamos de acordo— diante dun comité de expertos.

E, para rematar, é moi importante garantir esta renovación, fomentar o consenso e rematar coa inxerencia, as represalias, a opacidade e a vergoña ás que o Partido Popular está sometendo os medios públicos que son de todas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Cuña.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señorías, o BNG trae hoxe aquí a toma en consideración da modificación da Lei 9/2011, de medios públicos audiovisuais de Galicia, o mesmo BNG que hai uns cantos meses trouxera aquí —e mesmo na súa intervención de hoxe tamén o dixo— a necesidade de cumprir de forma urxente e en todos os seus apartados a Lei de medios de Galicia. O mesmo tamén foi o que pediu no mes de setembro En Marea: o cumprimento da Lei de medios de comunicación audiovisual de Galicia. Pola súa parte, o PSOE pediu ata en dúas veces que se modificara a Lei de medios audiovisuais de Galicia. E todos teñen en común que uns apoiaron o que pedían os outros; é dicir, BNG, PSOE e En Marea piden ao mesmo tempo que se cambie a lei e que se cumpra.

Vamos ver, ¿que facemos? (*Murmurios.*) Un pouco de seriedade. (*Murmurios.*) ¿Que facemos? Porque se non saben que queren, dificilmente se pode falar con vostedes deste tema con algo de seriedade. Porque, de verdade, cos vaivéns que vostedes teñen respecto da CRTVG, dificilmente se pode tomarlos en serio. Vostedes o único que están demostrando é moi pouca credibilidade e moito oportunismo neste tema.

Pois ben, nós mantivemos e mantemos sempre o mesmo criterio: a lei é unha boa lei e estase cumprindo, aínda que coincidimos con vostedes en que sería desexable que fose máis rápido. Pero si se está cumprindo, e cambiar á metade de camiño o que funciona non parece unha boa idea. A CRTVG é líder en audiencias, ten as contas saneadas, é a mellor dotada tecnoloxicamente de Europa e garante escrupulosamente o mandato de servizo público e a independencia respecto do Executivo.

É unha lei que nace para modificar a anterior adaptándose ao novo contexto económico e ao novo contexto tecnolóxico; por tanto, é unha lei que facilita esa adaptación tecnolóxica e mellora a eficiencia económica ata o punto de que o director pode ser cesado se non cumpre ese mandato de eficiencia económica. Co cal, hai que ver onde tería que estar o da CRTVG do

Bipartito, tal e como vostedes a deixaron. Pero si se cumpre ese mandato: garante esta lei a independencia, a obxectividade e a veracidade da información, reforza a capacidade de control do Parlamento e a independencia do Executivo e introduce cambios substanciais nos órganos de goberno, precisamente para favorecer e para que quede clara esa independencia do Executivo e a profesionalización da súa xestión.

Por certo, é un texto que foi pactado entre o Partido Socialista e o Partido Popular, por iso sorprende aínda máis a emenda á totalidade que nos últimos meses está facendo reiteradamente o PSOE respecto a esta lei. E, miren: eu non quero ser malpensada, porque se un é mal pensado podería pensar que a vostedes non lles importa nada como estea a lei e como estea a CRTVG, a vostedes o que lles importa é borrar calquera pegada dalgún líder que xa non está no PSOE e que participou na conformación desta lei. (*Murmurios.*) Pero eu non quero ser malpensada.

E respecto a En Marea, eu creo que é simplemente cuestión de ser un pouco máis sinceros, porque coas declaracións que aquí se teñen feito de que lles daba igual que se dedicaran corenta segundos que catro minutos a unha información, que o importante é «difama, que algo queda»... (*A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.*) O que vostedes terían que facer é ser máis sinceros e facer como Pablo Iglesias, que claramente di: *para vosotros los ministerios, para mí los telediarios.* (*Murmurios.*) E xa o conseguiu na Televisión Española. ¡Díganlo claramente! (*Aplausos.*) A vostedes o que lles pasa é que son uns nostálgicos e o que lles gustaría é volver a esa época do Bipartito. Pero, en fin, mellor non falar dela, mellor non lembrala. (*Murmurios.*)

Señora Rodil, ¿que é exactamente o que lle molesta do actual Consello de Administración? ¿Que fosen elixidos por maioría reforzada deste parlamento? ¿Non lle parece suficiente garantía? ¿Ou quizais lle molesta que sexa un consello de administración paritario, seguindo, por certo, a recomendación da lei? Porque, mire: vostede fala na súa proposta de hoxe de paridade, pero só de paridade para o comité de expertos; un comité de expertos, por certo, que propón que sexa quen o designe o Parlamento; iso si, tres grupos do Parlamento. ¡Si, señores! Iso é unha regulación ad hoc, ¡claro que si! Talvez vostede non sei se caeu en que con esa idea de paridade nunca vai haber unha Televisión Española, porque dos vinte candidatos propostos só hai catro que son mulleres. Pero, en fin, da Televisión Española falaremos máis adiante, porque ten moito do que falar hoxe.

¿Quizais, señora Rodil, non lle gusta que as decisións que se están tomando nese consello de administración sexan por consenso? ¿Quizais non lle gusta? Porque, mire, estanse tomando decisións: no 2017 apróbase a Norma reguladora de publicidade e no 2018 os Criterios reitores da dirección editorial. Estas dúas normas son necesarias para poder aprobar o estatuto profesional e o Consello de Informativos; por certo, textos nos que se está xa traballando logo das reunións cos sindicatos. E, sinceramente, se vostede está pedindo continuamente que se cumpra esta lei e que se cumpra xa, ¿como pode ser que queira cambiar agora o Consello de Administración, cando se está a piques de redactar e de aprobar o estatuto profesional e o Consello de Informativos? ¿De verdade a vostede lle importa algo o futuro da CRTVG? Sinceramente, eu creo que lle importa ben pouco.

E, precisamente, vostedes falan da independencia respecto do Executivo: precisamente, esa independencia respecto do Executivo é polo que se di que o mandato dos mesmos será de cinco anos —perdón, respecto do Executivo non, respecto deste parlamento—, para que non teñan que estar suxeitos simplemente a unha lexislatura; por iso é polo que se pon.

Pero mire, señora Rodil: a min non me molesta, pero si que me sorprende bastante de toda a oposición, e de vostede especialmente por ser unha profesional dos medios, que non lles preocupen en absoluto —ou se lle preocupa, que eu estou segura de que si que lle preocupa, pero aquí non o manifesta porque igual non convén neste momento— os retos máis importantes que ten a Corporación por diante para os vindeiros anos: nin un minuto para falar da adaptación da Corporación aos avances tecnolóxicos, nin como afrontar a competencia das novas plataformas dixitais, nin as novas formas de consumo, nin a incidencia do novo dividendo dixital. O futuro e a supervivencia da CRTVG eu creo sinceramente que a vostedes, polo que aquí vemos, non lles interesa moito.

Porque, miren: vostedes levan meses en bucle falando de supostas manipulacións que unha e outra vez foron desmentidas. ¡Unha e outra vez desmentidas! (*Murmurios.*) Corenta segundos da Gürtel, por poñer un exemplo, xa moi manido aquí, pero é que é curioso ese exemplo, porque como a vostede lle dá igual, pois eu dígolle que non é o mesmo... (*Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Non é o mesmo corenta segundos que cinco minutos e dez segundos! (*Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Mire: de falta de pluralidade fálase aquí. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Non se pode falar de falta de pluralidade cando hai máis de cen persoas na Radio e na Televisión que diariamente expoñen a súa opinión, de todas as ideoloxías e de todos os ámbitos.

Aquí falouse de que non había o *Diario Cultural*, de que desaparecera o *Diario Cultural*. (*Murmurios.*) ¡Misterio! O EXM di que corenta e cinco mil oíntes conectan co *Diario Cultural* de luns a venres, e cen mil a fin de semana; que ten cen minutos diarios. (*Murmurios.*) ¡Por favor! Unha e outra vez desmentidas as súas acusacións de manipulación. Nin unha soa denuncia en ningún tribunal contra a CRTVG, nin unha soa denuncia da Xunta Electoral. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** No Bipartito: catro anos, doce denuncias. (*Murmurios.*) Dez anos, cero denuncias. Ese é o balance.

Por certo, aos que tanto lles gusta o exemplo de Televisión Española, quero dicirlles que Rosa María Mateo acaba de ser hoxe mesmo condenada a readmitir... (*Balbordo.*) ¡Si, si! A readmitir a Álvaro Zancajo como responsable de Canal 24 horas, (*Murmurios.*) porque se de-

mostrou que o que se fai en Televisión Española é purga, purga e purga, simplemente. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¿Vostedes queren o modelo de Televisión Española? Non. (*Murmurios.*) Nós tampouco queremos o modelo de Televisión de Aragón, onde ata os informativos están externalizados. ¡Ata os informativos! (*Murmurios.*)

Tampouco queremos —¡claro que non!— o modelo de Canal Sur, que despois de trinta e sete anos de socialismo está nas cotas máis baixas de audiencia. Hai catro anos que ten o Consello de Administración prorrogado, non ten director... En fin, un desastre orzamentario esa Televisión, e sen ningunha reforma tecnolóxica. Unha televisión que, por certo, non se preocupen, vai seguir, ¡claro que vai seguir! Se o recolle o propio estatuto. ¿Que medo teñen? (*Murmurios.*) O que terán que ter é unha televisión eficiente.

Miren —remato xa—: se estas razóns non foran suficientes, hai unha aínda máis determinante, que vostedes coñecen ou deberían coñecer, para non cambiar neste momento a lei, e é que esta lei se vai ter que adaptar á Directiva comunitaria sobre servizos audiovisuais unha vez que se traspoña á lexislación española. Polo tanto, non é o momento nin se dan as circunstancias para modificar unha lei que funciona, unha lei que ten a Televisión galega como líder en audiencia, coas contas saneadas, a mellor dotada tecnoloxicamente, que cumpre o mandato de servizo público e que, por certo, terá que seguirse desenvolvendo, e nós somos os primeiros que traballaremos tamén con todos vostedes para que así sexa.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Aprobar a iniciativa que hoxe traen vostedes aquí sería irresponsable; para iso, con nós, non contén.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arias.

Grupo autor da proposición de lei, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Antes de máis, tamén quero agradecer o apoio tanto do Partido Socialista como de En Marea.

Mire: preguntanos se nos preocupa a CRTVG, e, efectivamente, si. Si, porque levamos, ademais, moitas iniciativas traídas a esta cámara; temos traído o debate sobre a situación e o futuro dos medios de comunicación públicos deste país en máis dunha ocasión. A min preocúpame ou intrígame bastante se lle preocupa ao Partido Popular —e a vostede como portavoz agora, señora Arias—, porque é que sempre que se fala da CRTVG pasan vostedes máis tempo falando sobre Radiotelevisión Española, sobre Canal Sur, sobre a Televisión pública de Aragón e sobre a Televisión pública catalá (*Aplausos.*) que da realidade que se vive nos medios de comunicación públicos deste país. Entón, case lle fago a repregunta: se lle preocupa a vostede a situación que viven e que atravesan os medios públicos deste país.



Eu dicía na miña primeira intervención que viviamos ese 8 de setembro unha manifestación histórica. E era unha manifestación histórica porque por primeira vez —¡por primeira vez!— en máis de trinta anos de historia da Corporación se convocaba unha manifestación desa envergadura e desa magnitude —por primeira vez: nunca antes na historia da Corporación da Radio e da Televisión públicas deste país se convocara unha mobilización—, e se estaban a denunciar durante tantas semanas, durante tantos días ininterrompidamente o control, a manipulación, as inxerencias políticas e a necesidade de abordar un debate serio e en profundidade a respecto do futuro, en termos tamén de dirección e de procesos de toma de decisións, que é o que o BNG trouxo hoxe aquí.

Tamén lle teño que dicir que non me estraña a posición do Partido Popular a este respecto. A min faime graza: é unha lei moi boa e estase cumprindo. O artigo 23, que é o que se refire ao proceso de elección da Dirección Xeral da CRTVG, non se cumpre. Vostedes usaron o subterfuxio da Lei de acompañamento dos orzamentos para 2016 para poder prorrogar *sine die e vitam aeternam* a actual Dirección Xeral fóra do proceso que marca a Lei 9/2011.

Artigo 33. Sinatura do contrato programa: non, non está feito, e, ademais, é que se xacta a Dirección Xeral na Comisión de control da CRTVG de que non ten intención ningunha de cumprilo.

Artigo 36.1. O estatuto profesional: ese estatuto profesional que, no caso da Radiotelevisión Española, reconece que ese reporteiro gráfico é un profesional da información e que merece que lle respondan as preguntas como a calquera outra que vaia con tableta ou bolígrafo.

Artigo 36.2. O Consello de Informativos: sete anos. Eu pregunto, e dígollo porque parece que vostede ten acceso a unhas actas das reunións do Consello de Administración que polo menos o BNG non ten, o Partido Socialista di que tampouco e En Marea tampouco ten. A min gustaríame saber, porque na Memoria de servizo público nunca se deu conta do contido das reunións que abordaron supostamente no Consello de Administración, por que se tarda sete anos en crear un Consello de Informativos e un estatuto profesional; 2.555 días, a maior parte deles, hábiles. ¿A que andan? Porque, ademais, a resposta que a nós se nos dá é que á Dirección Xeral non lle compete iso, e a resposta que se lles dá ás traballadoras e aos traballadores é que os representantes da Dirección da Corporación da Radio e Televisión pública tampouco teñen competencia niso. E eu preguntome: ¿quen a ten? Porque a lei é absoluta e meridianamente clara, e di que é ese consello de administración quen ten que elaboralo.

Artigo 49. Mecanismos de control externo e profesional da propia Corporación: o control e o seguimento do que pasa nos medios públicos non pode depender en exclusiva dunha comisión permanente non lexislativa dun parlamento. Ten que crearse esa figura, esa autoridade audiovisual que aparece prevista tamén na lei —disposición derradeira quinta, que non se cumpre—, que tampouco se crea. Eu explicaba por que razón tiña que ser un parlamento quen crease as bases e convocase o concurso público que nós propoñemos: porque é que non crearon a autoridade audiovisual en sete anos. O que vemos, se facemos comparativa con outros territorios —tanto o caso catalán como o caso valenciano—, é que son os seus consellos audiovisuais os que desenvolven estes procedementos. Pero é que en Galiza non o temos porque o Partido Popular decidiu que non había que desenvolver tampouco ese artigo da Lei 9/2011.

A min daríame un pouco de vergoña, de verdade, co panorama que teñen enriba da mesa, con esas mobilizacións continuadas do cadro de persoal, con esas dúas convocatorias de xornadas de folga de vinte e catro horas, e con esta listaxe ou restra de artigos —que son, ademais, núcleo duro da propia Lei 9/2011— incumpridos durante sete anos, dicir que vai todo estupendamente. E a quen quere abrir o debate sobre a transparencia —luz e taquígrafos— nos procesos de selección das persoas que van tomar decisións sobre algo tan importante e fundamental para a democracia como os medios públicos, a quen vimos aquí abrir un debate para garantir a participación da parte social, dos profesionais, na toma de decisións e, sobre todo, a quen vimos aquí, como o BNG, propoñendo unha reforma da lei que permita rachar os fíos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...que unen a Xunta de Galiza e o partido político que a sostén, o Partido Popular, coas decisións que se toman dentro da Corporación, a min vergoña me daría —tamén llo digo— votar en contra disto.

Nós seguiremos adiante, seguiremos traendo as propostas, seguiremos defendendo os medios de comunicación públicos deste país, porque son un elemento fundamental para crear unha sociedade verdadeiramente libre e verdadeiramente democrática.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Rematado o debate, procedemos á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

### ***Votación dos textos lexislativos***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando o Ditame emitido pola Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos sobre o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e hai unha petición do Grupo Parlamentario Socialista, en concreto, de separar as emendas da 1 á 6, da 8 á 15 e 17 e 18 —isto nun primeiro grupo— e, despois —noutro grupo—, a emenda número 7.

Entón, votamos en primeiro lugar o bloque da 1 á 6, da 8 á 15 e 17 e 18.

*Votación das emendas 1 a 6, 8 a 15, 17 e 18 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a emenda número 7.

*Votación da emenda 7 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporada ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 51.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación da emenda 16 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporada ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 37; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

E aquí imos ver como ordenamos isto, porque hai tamén... Señora Prado, había unha transacción, ¿non? Pero imos ordenar porque hai unha petición por separado. Imos facer primeiro as emendas do que piden os socialistas: separar as emendas de En Marea, en concreto, da 1 á 23, 25, da 31 á 33, 35, 37, 39, 41 e 42, da 44 á 68, da 74 á 80, da 82 á 84, 88 e 92. Isto nun primeiro bloque. (Pausa.)

(O señor Calvo Pouso: A 62 non debía de ir votada nesta, que é onde hai a transacción.)

**O señor PRESIDENTE:** Volvemos empezar as votacións. En primeiro lugar vai a transacción na que chegaron a un acordo, que é unha transacción para a que se toma como referencia a emenda número 62 do Grupo Parlamentario de En Marea. ¿Coñecen a transacción todos os grupos? (Asentimento.)

Votamos esta transacción.

*Votación do texto transaccionado da emenda 62 do G. P. de En Marea ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada o texto transaccionado desta emenda.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto, menos a 62.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

**O señor PRESIDENTE:** A ver, señor Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Eu pediría que votáramos primeiro un grupo —serían a 34, a 36 e a 81—, outro grupo —24, da 26 á 30, da 69 á 73, 86, 87 e da 89 á 91— e, nun terceiro grupo, o resto.

**O señor PRESIDENTE:** Primeiro grupo. Imos resumir, se non, é un lío. (Murmurios.) (Risos.)

Votamos o primeiro grupo que comentou o señor Fernández Leiceaga.

*Votación das emendas 34, 36 e 81 do G. P. de En Marea non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.*  
*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 51; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o segundo grupo.

*Votación das emendas 24, 26 a 30, 69 a 73, 86, 87 e 89 a 91 do G. P. de En Marea non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 37; abstencións, 20.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** E votamos o terceiro grupo. Xa están todas incluídas.

*Votación das emendas 1 a 23, 25, 31 a 33, 35, 37 a 68, 72 a 80, 82 a 85, 88 e 92 do G. P. de En Marea non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 37; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Están todas as emendas de En Marea votadas.

Entón agora o que procede é a votación do ditame da Comisión, que incorpora a transacción.

*Votación do texto transaccionado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 34.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este ditame.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario de En Marea.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto segundo da orde do día, de mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2017-2021**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Débese substituír no texto do punto 1 da moción o seguinte:*

*«No texto do punto 1 da parte resolutiva, onde di: “...un exhaustivo Plano Estratéxico de Galicia que contemple...”, debe dicir: “...un exhaustivo Documento Estratéxico de Galicia que contemple...”.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** «Con un sombreiro de palla, / un galego a Belén foi, / mentras adouraba o neno / comeulle o sombreiro o boi.» (Fortes aplausos xeneralizados a esta panxoliña.)

Moitas grazas.

Cando a sacha ou o arado fenden a terra chamando á súa porta, procurando a súa fecundidade neste labor, é posto aínda polos labregos todo o saber, o empeño e a esperanza na consecución do alimento que dará vida á nosa vida como especie. Este feito cíclico e os seus ritmos dependen da luz solar como a fonte de enerxía primeira e última. Pois ben, cando a luz amortece, cando sempre é noite, cando os labregos e as labregas viraban os ollos para as tullas do gran, para o millo do hórreo, para o pataqueiro, para o unllar, para o escaso canizo, botando contas das reservas do alimento necesario para o clan familiar do inverno que se



anunciaba, era Nadal. Porque Nadal é o tránsito na escuridade en busca da claridade, é o cosmos que se volve contra os humanos e dificulta a vida, é a cristianización da ancestral festa da luz: solsticio de inverno, esperanza que precede a primeira labra do ano, a que se facía encertando xaneiro.

Señorías, a panxoliña vén a conto por dous motivos: un, por ser xa Nadal, e, outro, por esta moción que hoxe presentamos desde o BNG. O galego da panxola vai buscando a luz pequena nun neno de luz, nun suposto portal de Belén, e pasma; e mentres pasma, o boi pápalle o sombreiro. Quero chamar a atención neste feito, porque Europa, a vantaxe ou desvantaxe da nosa pertenza a ese mercado, non é a discusión de hoxe. O noso debate vai da nosa situación actual e futura nese mercado; non poderemos pasmar. Porque o rural galego está en Nadal; tempo, pois, de botar contas de como estamos e o que teremos de facer para encarar o inverno que nos vén enriba. Non son supostos, son certezas. E non é cousa de que o leite defenda o leite, a carne defenda a carne e o viño defenda o viño, non. ¿E que ninguén defenda a ninguén?

Queiran que non, somos nación, país de noso con intereses plenamente diferenciados, especialmente no sector primario, e a PAC que se avexia e se empeza a discutir vai ser crucial para Galicia. Porque Galicia, este país que nos ocupa e nos posúe, non se pode subtraer da súa posición xeográfica, nin da súas condicións orográficas de solo, nin, por suposto, do peso do tempo compartido cos seus moradores seculares: nós, galegos e galegas.

Por iso, polas súas e as nosas condicións singulares, a nosa actividade agrogandeira non pode ser absorbida nin anulada por plans que non partan da nosa máis xenuína realidade e dos nosos intereses futuros. A alta política da Unión Europea pode circunscribir os límites dos plans estratéxicos aos estados, pero en materia agrogandeira e forestal Galicia é un estado ou, o que é o mesmo, ten plenas competencias, e os seus intereses coliden cos intereses doutra agrogandería e doutro monte que está presente no resto do Estado. É por iso polo que facemos a primeira proposta de acordo neste espírito de reconto de existencias que nos marca o Nadal: vexamos que temos, que nos caracteriza e que nos dá forza, que conforma a nosa singularidade a defender, para así recontala, expoñela e defendela coa determinación que nos dá sermos pobo e terra en busca da luz do novo ciclo solar.

E para iso non neguemos a realidade que nos impide medrar e que non nos deixa situarnos en pé de igualdade con outras realidades rurais europeas. É teimosía temeraria negar a forestación desmesurada e progresiva. É teimosía temeraria negar a eucaliptización desenfreada, o despoboamento masivo e progresivo de máis da metade do territorio, o peche de catrocentas dezanove explotacións leiteiras no que vai de ano, a perigosa diminución das SAU, a perda de servizos básicos no mundo rural, a ausencia de industrias transformadoras de produción primaria. É teimosía temeraria negar a realidade.

Señorías, é suicidio afirmar que isto é a Arcadia feliz, porque neste estado de cousas, que se ben non é catastrófico, si é moi preocupante, xorde a pregunta: ¿que facer? O señor conse lleiro no pleno pasado afirmou que roldaba a ameaza dun corenta e seis por cento de diminución das axudas directas. Polo de pronto xa temos asegurada unha diminución, e a loita sitúase en non baixar do setenta por cento, dixo.

O plan que propoñemos desde o BNG debería estar aberto e en consulta permanente cos sectores afectados, porque vai ter vaivéns, vai ter presións. A nosa teimosa insistencia é por aquilo de «ghato escaldado da augha fría foxe», e a Galicia xa lle chegou dabondo coa nefasta negociación da entrada e coas negociacións posteriores de cada período da PAC. O Estado non vai aceptar de bo grao as especificidades do campo galego, e imos ver o papel que representan os deputados e as deputadas europeos nados aquí cando estea en xogo o futuro do noso campo, do galego.

Non é tarde aínda para comezar a planificar o que nunca se planificou ao dereito. Si, señorías, no BNG somos teimosos ata a pesadez. Pero non somos tontos, e non chegamos á política agora. Están desmantelando o rural e non lles vou permitir que nos chamen «catastrofistas».

Vostedes deben sabelo: ¿en cantos municipios galegos están iniciando modificacións do PXOM, no sentido de facilitar o cambio de uso de terras agrarias para eucaliptizar? Non me poden negar o feito, porque é unha realidade. Pode ser a nova arma electoral. O razoamento é contundente: máis da metade das explotacións gandeiras non teñen continuidade, están rexentadas por xente moi maior. «Eu non vou malvender as miñas fincas a calquera, eu teño dereito a plantalas». E ante isto, ¿quen se atreve a falarlles das SAU?, ¿quen se atreve a falarlles das necesidades do país, de superficie estratéxica?, ¿quen se atreve a darlles razóns de ben común se no rural todos sabemos que o rural só lles interesa a catro que trafican coa inframadeira ás ordes de varios lobbys, e que agardan que a xente canse e venda a baixo prezo? O resto non existe, queda para morrer de noxo.

Os estertores do rural sófrense en silencio. Perdidos os horizontes moita xente entrégase, e a administración deixou de ter presenza, as oficinas agrarias están baleiras de contido, o asesoramento faise privadamente e co consello técnico vai o produto que tes que mercar. Da investigación pública non tería tempo para falar dela.

Por iso cantei a panxoliña. Se o Nadal é todo un rito de fecundidade e de esperanza do retorno da abundancia, teremos que comezar un Nadal no que en seis anos da futura PAC fecundemos o país, que as cantidades conseguidas tanto no primeiro como no segundo piar sexan investidas nun fortalecemento dos sectores primarios de agricultura, gandería e monte. Elaborar un catálogo de medidas urxentes de estimulación e desenvolvemento do rural galego, para poñer en práctica nos próximos sete anos, para que a fins do 2027 se atopen condicións competitivas para o acceso a unha posible liberalización dos mercados agrarios europeos. Con sentidiño, poñendo terra en alugueiro nas mans de quen a queira traballar, abaratando así os custos de produción, ordenando o territorio e diversificando as producións, facéndoas sostibles, incentivando a transformación nas cercanías, potenciando o comercio de proximidade, recuperando servizos públicos perdidos. Saben todo isto que todos sabemos que fai falla e que se pode facer, só falta vontade.

Bo Nadal. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Está claro que quen tivo, retivo, ¡eh! *(Risos.)* Diso non hai ningunha dúbida. ¡Quen tivo, retivo, eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, ben, gañamos un bo deputado,

pero perdemos un bo cantante. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Cantor? Ben, cantor.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Ben, eu cantar, cantar, cantar como que non, ¿non?

Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boa tarde a todos e a todas. Señor conselleiro, tamén boa tarde.

Debatenos hoxe esta moción sobre a política agraria común para o período 2021-2027. E é que a reforma da política agraria común para o período 2021-2027 ten e vai seguir a ter nesta cámara nos vindeiros meses un merecido protagonismo. Ten e terá protagonismo nesta cámara, mais tamén ten e terá protagonismo na sociedade, e máis intensamente no mundo rural. Un mundo rural necesitado de políticas activas e de recursos para desenvolver as súas moitas potencialidades. E a política agraria común pode e, en todo caso, debe ser esa ferramenta e ese instrumento que potencie o medio rural en múltiples facetas.

Do seu relevante protagonismo xa demos conta no pleno anterior e estamos a dar no de hoxe. No pleno anterior cunha interpelación e unha proposición non de lei, e hoxe con esta moción, que substancia a interpelación no pleno anterior do Bloque Nacionalista Galego.

A moción do Bloque Nacionalista Galego proponnos no seu punto 1: «Elaborar un exhaustivo Plan estratéxico de Galicia que contemple todos os aspectos diferenciais galegos a protexer para que a futura PAC non lesione os intereses do rural galego». Recoñezo que a denominación de «Plan estratéxico de Galicia» sen máis nos ofrece dúbidas que pretendemos aclarar a través da emenda de modificación que presentamos a esta moción. Máis adiante clarificarei esta emenda e a súa razón de ser.

Antes, é dicir, agora, relatarei cuestións que fundamentan e serven de base á emenda que presentamos. O artigo 93 do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello 28/2016, a arquitectura dos plans estratéxicos da PAC, establece que cada Estado membro establecerá un único plan estratéxico da PAC para todo o seu territorio. Tamén di no punto 3 do artigo 94 que cada Estado membro establecerá unha asociación coas autoridades locais e rexionais competentes e organismos pertinentes que representen a sociedade civil, e cando proceda os organismos encargados de promover a inclusión social, os dereitos fundamentais, a igualdade de xénero e a non-discriminación.

Os estados membros encargaranse de que os ditos interlocutores participen na elaboración dos plans estratéxicos da PAC. E o Ministerio de Agricultura xa publicou un documento a respecto da política agraria común post-2020, unha resposta desde España, que entre outras cousas di: España aposta por un plan estratéxico común, no que se preserve o papel das comunidades autónomas no segundo pilar.

No punto 2 defende a existencia dun plan estratéxico nacional, en cuxa elaboración deben ter un papel clave as comunidades autónomas, tanto no que se refire ás intervencións do primeiro piar como especialmente nas intervencións do segundo piar.

No punto 3, o Plan estratéxico debe ser unha oportunidade para mellorar as sinerxías entre as medidas do primeiro e segundo piar, para acadar os obxectivos comúns da PAC.

No punto 4, as intervencións no primeiro piar deben ter carácter nacional, mentres que as do segundo piar deben ter vocación rexional e ser deseñadas polas propias comunidades autónomas, pois son elas as mellores coñecedoras da realidade e das necesidades dos seus territorios.

E, por último, no punto 5, o modelo de gobernanza do Plan estratéxico debe incorporar as autoridades das comunidades autónomas responsables da xestión, ao tempo que ten que asegurar a necesaria coordinación a nivel nacional.

Señorías, o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello e mais o documento do Ministerio de Agricultura da política agraria común post-2020 son concretos e precisos respecto do contido, a tramitación e o papel das diferentes administracións, como acabo de dicir. En todo caso, concretan moi claramente que cada Estado membro propiciará o escenario apropiado de participación institucional e sectorial, para impulsar a toma en consideración dos elementos específicos e singulares, e con iso garantir a participación activa na elaboración e na xestión do Plan estratéxico nacional. Tamén, cada Estado membro establecerá un único plan estratéxico da PAC para todo o seu territorio.

Nós cremos que Galicia debe dotarse dunha estratexia propia diante da PAC 2021-2027; unha estratexia que contemple todos os aspectos diferenciais galegos e sexa quen de incluílos no único plan estratéxico posible: o Plan estratéxico nacional.

A nosa emenda só pretende evitar confusións innecesarias, denominando o «Plan estratéxico de Galicia» no punto 1 da iniciativa como «Documento estratéxico de Galicia». Con esa modificación clarificamos e simplificamos o escenario: Plan estratéxico nacional/Documento estratéxico de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Cónstame que o señor Blanco Paradelo tamén ten feito os seus *pinitos* como cantor; o señor Fernández e eu témolo complicado aquí neste parlamento. (*Risos.*)

Ben, cando meses atrás o comisario europeo de Agricultura presentaba os textos lexislativos cos que Bruxelas está a deseñar a nova política agraria común, que entrará en vigor a partir do ano 2020, xa nos avisou de que o que se está debuxando alá vai deixar unha PAC moito máis centralista e que, polo tanto, non vai recoñecer as peculiaridades de cada territorio.

O orzamento á baixa e marcado polo *Brexit* é unha das principais preocupacións que hoxe temos as gandeiras e os gandeiros galegos, pero non é a única preocupación. Dende En Marea lamentamos que unha das únicas aportacións para priorizar estas axudas se quedara nun cambio de denominación, e o que antes era un «agricultor activo» pois agora pasa a ser un «agricultor xenuíno», ademais de criticar que a proposta da Comisión engada unha maior complexidade á condición dos pagos directos. Isto non o di só En Marea, isto dino distintas organizacións, como pode ser a Fruga, como pode ser o Sindicato Labrego Galego, como pode ser a propia Vía Campesiña, que aseguran que os textos presentados sentan as bases para dinamitar a única política común de toda a Unión Europea.

Aínda que a Xunta de Galicia o negue, a Comisión Europea é consciente de que existen fortes desequilibrios na aplicación da PAC e é consciente de que a renda agraria segue estando moi lonxe da renda media doutros sectores. É consciente a Comisión Europea de que as axudas da PAC representan entre o 20 por cento e o 50 por cento da renda que obteñen as familias agrarias, e que ademais en moitos casos, se se descontaran as axudas directas, a renda incluso sería negativa.

Algúns pros desta nova proposta: hai un teito para axudas directas, hai un pago redistributivo á renda, un sistema de asesoramento. Pero hai moitos temas que no día de hoxe se están a obviar:

Non se brinda a actividade agrícola labrega orientada á produción de alimentos en todos os territorios rurais, e dar prioridade á mocidade labrega; pero non só durante os primeiros anos de actividade, senón que tamén na distribución de axudas e na reserva dos seus dereitos de pagamento.

Non se fala nada de conceder un pagamento directo obrigatorio aos labregos e ás labregas de pequena escala, a partir dun valor mínimo de axuda.

Non se fala de manter o actual nivel das axudas acopladas e non aceptar que os cultivos destinados a agrocarburentes se beneficien desta axuda.

Non se está a falar daquelas granxas baseadas en modelos agroecolóxicos que deben ser recoñecidos dentro dos ecoesquemas. Estes últimos deben ser unha axuda e apoio a sistemas modelo a favor do clima e do medio ambiente, e non unha axuda a prácticas específicas dentro dun sistema agrícola intensivo.

Dende En Marea rexeitamos rotundamente que haxa financiamento obrigatorio aos seguros agrarios para afrontar as crises de mercado. A xestión dos riscos debe atenderse con políticas claramente públicas, como, por exemplo, a regularización dos mercados.

En ningún caso podemos permitir o fomento desas macroexplotacións e sistemas de integración que desprazan as profesionais e os profesionais implantando un modelo de agricultura sen agricultores ou sen agricultoras.

Pedimos apoiar un modelo agrícola sostible, que sexa xusto e saudable para o campesiñado galego, que sexa xusto e saudable para a cidadanía galega e que sexa xusto e saudable para o medio ambiente galego.

E esta PAC non representa adecuadamente Galicia. Non se vai romper a unidade de España mañá porque o Partido Popular vote a favor desta moción. Dende En Marea gustaríanos que a nova PAC sexa flexible para que se adapte ás necesidades de cada territorio e que, polo tanto, apoie as singularidades propias de Galicia. ¿Coma quen? Pois como o fai, por exemplo, o País Vasco, onde vemos os seus datos do ano 2016 e observamos como o tecido agrogandeiro representa o 10 por cento do seu produto interior bruto e dá emprego a máis de cen mil persoas. En Galicia, no ano 2017 a agricultura representou só o 4,7 por cento do PIB, e en canto a emprego está a rexistrar un descenso interanual dun dous por cento. ¿Como fan os compañeiros e as compañeiras vascos? Pois teñen un plan estratéxico propio que coida especificamente as explotacións familiares, para as que demanda a maior parte do financiamento da política agraria común. Xa que son as persoas que viven e explotan as súas terras as que realmente traballan a favor do sector agrario, as que coidan a paisaxe, as que coidan os produtos e as que coidan a terra.

Estamos a favor de elaborar un exhaustivo plan estratéxico para Galicia que contemple todos os aspectos diferenciais galegos por protexer, para que a futura PAC non lesione os intereses do noso medio rural. E estamos a favor de elaborar un catálogo de medidas urgentes de estimulación e desenvolvemento do rural galego para poñer en práctica nos próximos sete anos, para que —como dicía o compañeiro Rivas— a finais deste 2027 estes atopen condicións competitivas para o acceso a unha posible liberación dos mercados agrarios europeos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Antes de comezar, eu agradézolle moito ao señor Rivas que nos agasallara nestas datas con esa bonita canción «Cun sombreiro de palla». Teño que dicir que é a primeira canción que eu tiven que montar como mestre cando chegaron as panxoliñas, e non pensaba que ía coñecer o autor, nin moito menos escoitala no Parlamento. Así que para min, desde o punto de vista profesional, pois foi un momento que o recordarei moitos anos, e cando volva ao colexio diréillelo aos alumnos.



No BNG, é certo, cantan ben. Na lexislatura pasada tiñamos o señor Pombo, o deputado de Lugo, que tamén cantaba ben. (Risos.) Cantan ben pero mire, señor Rivas: o BNG non é un partido de fiar, non só polos socios que elixen para ir ás eleccións, senón porque tamén sempre teñen ese costume de dicir o que hai que facer cando están na oposición e de facer o contrario cando teñen a ocasión de gobernar. Eu podía recordar, por exemplo, os ataques aos proxectos mineiros, pero cando gobernaron vostedes concederon cen permisos de investigación e corenta e tres licenzas de explotación; ou as críticas feroces ás grandes superficies, pero cando gobernaron concederon en catro anos o dobre de permisos que o PP en oito anos.

E hoxe estamos ante un exemplo máis, porque se vostedes estiveran gobernando, ¿que sucedería con este tema da PAC? Pois eu estou convencido de que vostedes terían acompañado o ministro de Agricultura español a Bruxelas —como o fixo o conselleiro do Rural de Galicia, que lle agradecemos que estea hoxe tamén neste debate importante— para defender os intereses dos gandeiros e dos agricultores.

Señor Rodríguez, de En Marea, todo o que dixo vostede agora é o que toca nesta seguinte fase de debate. E, ademais, vostedes, señores do BNG, saben que a representación nas institucións europeas lles corresponde aos estados membros, é dicir, a España. E vostedes supoño que tamén aceptarían, cumprindo coa normativa comunitaria, que España presentase un único plan estratéxico nacional no que se inclúan as características das comunidades autónomas. E loitarían, como o está a facer o Goberno galego, para que se teñan as propostas galegas en conta, atendendo as nosas especificidades e os nosos propios retos e desafíos. Porque —repito— cumprindo o Regulamento europeo non pode ser doutro xeito, señor Rivas, aínda que vostedes lle chamaran plan galego ou galeplán, ou buscarían outro nome máis nacionalista para contentar os seus fieis —por certo, cada vez menos.

Señor Rivas, se queremos que as institucións nos respecten e nos tomen en serio, hai que ser respectuosos e ser serios. E por iso non pode dicir que o Goberno galego renuncia a defender os intereses de Galicia, que abandona os gandeiros e os agricultores, que o rural só lle interesa a catro que queren traficar co forestal —creo que dixo—. De verdade, señor Rivas, non fai falta —xa llo dixen o outro día— que sobreactúe. Mesmo chegou a dicir que podería considerarse como unha traizón a Galicia. Claro, eu quero lembrarlle que o Goberno galego estivo dous anos traballando duramente. E a cadea Ser publicaba: «Galicia planta cara a Bruxelas en materia agraria», e a anterior conselleira reuníase coas organizacións sindicais, cos produtores e demais colectivos. Por certo, onde estaban en todas as reunións tanto Unións Agrarias como o Sindicato Labrego, que hoxe puxeron vostedes de exemplo, pero espero que o fagan sempre. Porque nós facémolo sempre, e moitas veces ou xeralmente dannos bastante caña.

E, polo tanto, houbo un acordo o 22 de agosto que vostedes queren obviar. Un acordo que foi remitido ao ministerio e que defende precisamente unha PAC baseada en dous piares: axudas directas ao desenvolvemento rural e a necesidade de establecer medidas que recoñezan as peculiaridades de cada territorio. Se se quere ter credibilidade, a súa eurodeputada, onde se está debatendo isto, creo que tería que estar un pouco máis informada. *«Ana Miranda denuncia que el sector agroganadero tiene que ir a Bruxelas para tener informa-*

*ción de la PAC».* ¿É certo isto, señor Rivas? A min gustaríame que vostede me dixera se iso é verdade. E ademais di: «Denunciamos non ter información por parte das autoridades galegas e españolas dunha reforma que pode afectar profundamente a estrutura agraria do noso país», «*dijo Miranda que pidió al presidente de la Xunta que se implique en este asunto*».

E tamén lle vou dicir que o Sindicato Labrego lle manda un correo electrónico á consellería: «Bo día. Antes de nada queremos agradecervos o proceso de consulta e participación que puxestes en marcha sobre esta cuestión». ¿Vostedes con quen falan?, ¿con Unións Agrarias? Non. ¿Co Sindicato Labrego? Tampouco. Entón, eu creo que deben deixar de dicir algunhas cuestións que non van a conto.

Dixo tamén esta eurodeputada en Bruxelas —estas son unhas declaracións moi importantes—: «O señor Feijóo non sabe nin o que é unha leira, nin unha vaca, nin un viñado. Quere destruír o agro e non lle importan todas as ameazas que están vivindo». (*Murmurios.*) ¿Vostede está de acordo con estas declaracións, señor Rivas? Porque, claro, se imos a Bruxelas contar chistes sobre un tema que é tan serio, desde logo, paréceme unha falta de rigor e seriedade falar así do presidente de Galicia, que foi votado pola maioría do pobo galego, acaando tres maiorías absolutas. Por certo, tamén dixo a súa deputada que vai presentar emendas. Ben, eu non as vin, pero sei que alguén xa as viu e son unhas emendas moi bárbaras que xa poderemos analizar cando chegue o momento.

Polo tanto, e remato. E quero dicirlle, señor Rivas, como dixo o conselleiro do Rural: agora toca traballar unidos da man do sector e dentro dunha estratexia nacional para loitar, primeiro, porque non se reduzan os orzamentos da PAC e tamén loitar para que se teñan en conta as peculiaridades de Galicia, —insisto— líder no sector lácteo ou cárnico en toda España. Xogámonos moito. A PAC que vostedes deostan permitiu que Galicia recibira, por exemplo, nos anos 2015, 2016 e 2017 cincocentos dez millóns de euros, neste caso para preto de trinta e dúas mil solicitudes cada ano. O ministro Planas anunciou que o vindeiro 21 de xaneiro reunirá as comunidades autónomas para seguir avanzando na estratexia común, na que, por suposto,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...estará Galicia defendendo os intereses dos nosos gandeiros.

—Remato, presidente.— Onte mesmo o conselleiro en Bruxelas anunciou a creación dun grupo de traballo independente que elaborará a proposta galega que se remitirá ao ministerio para ser incluída no plan nacional.

Así que, señor Rivas, señores da oposición, súmense a traballar e non pretendan ir por libre, unidos somos máis fortes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco Paradelo.

Grupo autor da moción, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Blanco Paradelo, ¿por que non responde ao caso? Claro que vostede sacou aquí papeis. Por certo, sacou unha comunicación que eu non sei se pode sacala, que é a comunicación dun sindicato á consellería. ¿Un deputado do Partido Popular ten acceso a esas...? En fin, vostede terá que explicar algo diso.

¿Tomaron en serio as artes artesanais de pesca en Europa desde o Goberno central? (*Murmuros.*) De verdade, cando nós estabamos no Goberno sacamos da manga os contratos homologados para regular prezos do leite, non estaban na lei nin se podían facer, ¡e sacáronse! (*Aplausos.*) E sacáronse mesas de negociación e harmonizáronse. (*Aplausos.*) Vostedes non tiveron nunca valor para facelo. Esa é a diferenza. E vostedes non poden dicir o que fariamos nós hoxe fronte a Bruxelas para defender..., non o poden dicir porque non se dá o caso, teñen que responder do que vostedes están facendo e do que vostedes van facer, e a nosa moción vai diso.

Por certo, non son o autor da panxoliña. As panxoliñas no 99,99 por cento son tradicionais. Posuímos da mellor música de Nadal do mundo, e nace na época das cantigas, é dicir, que ten tea. (*O señor Blanco Paradelo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Risos do señor Rivas Cruz.*) ¡Xa estamos!

Precisamos dun documento exhaustivo. A nós tanto nos ten que sexa un documento, un plan, unha relación de medidas..., o caso é facelo e que sexa exhaustivo, señor conselleiro; que lle pegue unha radiografía, un TAC intensivo á nosa situación, e que a partir de aí se actúe. Porque nós podemos facer menos ferinte e catastrofista a realidade do campo galego razoando con cifras, tantos por cento e estatísticas. Pero ¿quen me porcentualiza o abandono das caducifolias en Rede Natura e non-Natura na montaña de Lugo, na nevada ceda que veu a partir dos catrocentos metros? Hai que ir por alí e ver os carballos, os rebolos, hai que ilos ver tronzados. ¿E que se vai facer con iso? Iso é cuantificar as nosas especificidades, e hai que ir aí porque a PAC ten que ir aí.

¿Hai algunha planificación en curso e ao longo prazo que intente reverter a caída libre no abismo do despoboamento e da diminución da superficie agraria útil, da forestación progresiva e do peche de explotacións? ¡Claro! Porque o tempo perdido está aí, está nos sucos baleiros das nosas leiras. Irlanda soubo aproveitalo, aproveitou ese diñeiro que nomeaba o señor Blanco Paradelo desde os anos oitenta e pico, aproveitouno e colocouse en pé de igualdade nos mercados europeos. Nós non. ¿Sabe por que? A diferenza está na fe, e non na relixiosa, pero si na valoración positiva do propio, na crenza nas potencialidades da terra e da xente e máis en albiscar un futuro acorde con ambas as dúas: terra e xente. Vostedes nisto sempre se distinguiron por un ateísmo, un ateísmo feroz; foron e son —e, créanme, sinto dicírllelo— ateos insubmisos.

Non vaia dicir en España que defendemos o noso desde un principio insolidario diante de quen nunca amosou solidariedade connosco e quen domina as liñas mestras da PAC do Estado español. Quedou claro nas respostas do presidente no pleno pasado. Para estes labores, señor

Blanco Paradelo, de negociación e defensa dos intereses, hai que facer antes profesión de fe: fe na Constitución, fe na transición, fe nas autonomías, pero, sobre todo, fe de non facer barullo. Non vaíamos molestar cos nosos posicionamentos. Entremos pois pedindo perdón...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...coa pucha na man.

Enténdannos ben, non podemos pasmar, temos que conservar o sombreiro e comprar algún outro. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Acepta a emenda do PSOE?

**O señor RIVAS CRUZ:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** ¿É de modificación?

*(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, pero ¿acéptalla?

**O señor RIVAS CRUZ:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** Vale. Grazas.

Seguinte moción.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Débese substituír o texto do punto 3 da moción polo seguinte:*

*«3.- Presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das prazas vacantes.»*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir no punto 4 desta moción, despois da palabra «pediatría»: «e médicos de familia».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde case noite. Non imos discutir outra vez, ¿non, señor presidente?

O modelo sanitario da Xunta de Galicia é Camerún. Bo exemplo, Camerún. Boa selección de fútbol, Camerún.

A interpelación que dá lugar a esta moción de hoxe foi presentada, obviamente, no anterior Pleno. Debatenos aquí —algúns intentamos debater e outros seguro que intentaron algunha outra cousa, aínda non sabemos que— sobre modelo sanitario en virtude dos datos que se teñen, dos que temos algúns, dos moitos que teñen outros. Hoxe ata ensinan aquí correos dun sindicato ou dunha consellería, ensínaos un grupo parlamentario, pero hai algúns datos que son públicos e que plantexan diferencias de modelo. Dende o noso grupo plantexamos que aqueles datos do CIS permiten comparar comunidades autónomas, pero a maneira de rexeitar que aqueles datos non eran bos era defender que o sistema sanitario español tiña algunhas boas referencias e estaba moi ben ubicado nalgúns rankings internacionais. Xuntáronse dous aquí con vehemencia, con eficiencia e con orgullo, que foi o informe Bloomberg e o informe do Banco Iberoamericano de Desenvolvemento.

Por permitirnos un pouco de análise sobre os informes, xa que vexo algunha mirada inquietante sobre por que, o informe Bloomberg tan demandado na consellería como un valor do noso sistema. Somos o terceiro sistema sanitario despois dos gobernos do PP. Ademais, curiosamente, a avaliación nos últimos bloques, neste caso de oito anos, coincidiu cos anos de goberno do PP en España.

O informe Bloomberg coloca como primeira sanidade máis eficiente do mundo a Hong Kong, segunda Singapur e terceira España. Dende o noso grupo, para ver se queda claro, non nos parecen modelos a seguir Hong Kong e Singapur para a nosa sanidade pública. *(Aplausos.)* O outro ranking que se cita como evidencia de que estamos moi ben e de que os socialistas estes son uns alarmistas que están aquí dicindo que o sistema está moi mal... Miren vostedes o que di o informe do Banco Iberoamericano de Desenvolvemento, que nos di que somos a quinta sanidade máis eficiente do mundo, ja quinta!

Estamos preto de coller á cuarta, que segundo ese informe é Vietnam, e temos como referencia mundial a primeira dese informe, Camerún. Vietnam, Camerún, Hong Kong e Singapur.

Polo menos, xa sabemos que modelos sanitarios son referentes. A pregunta é, por que ese ranking lle parece ben á consellería, e entón a que modelo aspira; porque se lle parecen ben, seguro que aspirará a encabezalos.

O informe Bloomberg, unha financeira privada, obviamente, que se dedica a mellorar os seus produtos financeiros para os seus clientes, normalmente traballa niso que estratexicamente é algo tan complexo como que: «O que teña cartos, a ver se consegue ter máis. E o que non teña cartos, non chame aquí á porta que non traballamos con el.» Basicamente esa é a empresa que fai ese informe que ao PP lle parece moi bo.

Hong Kong e Singapur, dous terzos dos centros sanitarios neses países son privados. O 90 % da atención sanitaria deses países faise mediante seguros privados, e o outro 10 % é o que cobre o sistema público. País con maior mellora nestes últimos anos, neses que agora resulta que España somos boísimos, resulta que o país con mellor mellora dun informe a outro é Tailandia. Gran modelo, Tailandia. ¿Grazas a que? A que diminuíu un 40 % o gasto público en sanidade.

Entre os 25 primeiros países dese informe que a consellería —ou o conselleiro— considera como referente para a nosa sanidade están: Emiratos Árabes Unidos, Líbano... Para as referencias sanitarias, sen ningunha dúbida.

Miren, Chile, probablemente, igual ata... Chile é un país que podemos estimar. Chile é un caso curioso nesa avaliación, incrementou algo máis de 20 puntos básicos do PIB o seu investimento en sanidade. ¿Sabe o que fixo segundo o informe Bloomberg, do que o PP presume? Baixou 23 postos.

Porque, basicamente, isto é unha cuestión que mide a eficiencia. ¿Entre que? Entre o gasto —non menciona se público— e o rendemento dese gasto. É unha mención absolutamente utilitarista do sistema. É máis, para mellor rendemento, avalíase a esperanza de vida. Xa sei que ao PP lle gusta moito avalialo como criterio, pero é que a esperanza de vida —como di calquera análise minimamente seria— ten influencia na asistencia sanitaria, pero entre un 15 % e un 20 %. ¿Saben onde está o 80 % restante? Na calidade de vida e na pobreza, que é o que determina a esperanza de vida.

Non se ten máis esperanza de vida unicamente por ter mellor sistema sanitario, sobre todo tense por non vivir en condicións de pobreza. Por iso mellor esperanza de vida que nós, ou equilibrada á nosa, ten Suíza, que tampouco é un modelo sanitario público que nos deba valer.

Polo tanto, cando se avalía hai que saber que criterios se toman, e se non se saben, calar. E se se saben —que sería peor—, polo menos asumir que un está defendendo modelos nos que o sistema público desaparece. Porque isto da eficiencia que plantexa este modelo o que vén dicir é —por utilizar o segundo criterio, o do Banco Iberoamericano de Desenvolvemento— que nos pon en liña con Camerún, e publican ese informe. ¿Saben vostedes que di o informe que a consellería adxunta, que é moi boa referencia e nos coloca nun bo lugar? Un abre a portada e... —de verdade que lles prometo que non está modificada, non a fixo este deputado— Camerún. Primeiro país do mundo segundo este ranking que á consellería lle gusta moito. Fan un informe que se titula no subtítulo: «*Hacer más con menos*». (Aplausos.) «*Camerún: hacer más con menos*». Ese é o referente do modelo sanitario para o conselleiro e para a Xunta de Galicia: Camerún. Por certo, un país onde non hai moito unha muller embarazada morreu



ás portas dun hospital, desangrándose, con dous xemelgos mortos, porque non tiña seguro sanitario, porque a súa sanidade pública non a cubría. Tiña que ter un seguro privado. Ese é o modelo ao que aspira a consellería.

E a verdade, agora enténdense moitas cousas, porque a eficiencia o que di... Ímolo explicar cun exemplo. Cando un ten que transportarse 100 quilómetros, ¿cal é o modelo máis eficiente para moverse 100 quilómetros? Pois probablemente desde este modelo do Partido Popular: o que poida ir nun Ferrari, que vaia nun Ferrari. Pero claro, non hai Ferraris para todos. Entón, ¿cal é o modelo máis eficiente? Que vaian andando. Por certo, e descalzos, que así non hai que pagar nin zapatos. Iso é o máis eficiente: andando e sen zapatos. E o que poida, que se pague un Ferrari.

Hai outros modelos nos que o investimento é necesario para poder ter transporte público, para poder garantir que todo o mundo ten, polo menos, un nivel digno de atención, que iso é para o que valen os servizos públicos e especialmente a sanidade. E non se pode medir unicamente en termos de eficiencia. O sistema pode ter un debate entre non poder dar servizos ilimitados. Pero tampouco pode ser que por equilibrio teñamos que dar unha eficiencia ilimitada, porque a eficiencia ilimitada supón basicamente a lei da selva: o que teña, que pague; e o que non teña, que se arranxe, que é normalmente o sistema que lles gusta aos que teñen. Aos do informe Bloomberg, por certo.

Polo tanto, cando collan ese exemplo, saiban que vostedes cando defenden... Por certo, un informe que vostedes pediron na Comisión de Investigación de Sanidade. Rexeitaron todos os que pedimos desde a oposición, pero ese pedíano, e case creo recordar que é o primeiro documento que piden no seu plan de traballo como documento da sanidade. Ese informe di que queremos ser Hong Kong, e xa lles adianto que nós, no noso grupo, non queremos ser Hong Kong. Sanitariamente non queremos ser Hong Kong, nin Singapur, nin Líbano, nin Emiratos Árabes Unidos. Non queremos. Se vostedes defenden ese modelo... Está ben, por certo, que empecen a quitar a careta. Nós queremos un modelo de equidade, e a iso é ao que destinabamos a nosa iniciativa, a través daquela interpelación e hoxe desta moción, a defender cal é o modelo, e posiblemente acabamos de quitarlle a careta á consellería.

Por iso nós agora, xa que non queremos ser Camerún, traemos as posicións políticas que defendemos, que inicialmente —aínda que sexan moi básicas— traemos a través desta iniciativa e que veñen falar basicamente de plantexar —¡fíxense que cousas tan revolucionarias!— un catálogo de servizos mínimos para os hospitais de Galicia e que a xente poida ter a garantía de que os servizos máis básicos os ten o seu hospital, non como agora, que llelos están quitando aos hospitais comarcais.

Que teñamos un plan de contratación. Porque o problema deste sistema é que non hai persoal suficiente, como di —por certo— agora mesmo todo o mundo menos a consellería. ¡Todo o mundo menos a consellería! Xefes de primaria que se suman ás folgas, xefes de primaria que apoian os dimitidos, folgas no PAC, folgas no CHUS de Santiago, folgas que veñen das ambulancias e que volverán, folgas dos médicos. Todo o mundo defendendo que temos un problema de persoal, e por iso é necesario afrontalo.

Necesitamos formar máis persoal, por iso é importante que se acordaran vostedes de solicitar prazas MIR soamente 13 días despois de que comezara a gobernar Pedro Sánchez (*Aplausos.*), é importante. Por certo, cando din agora que a culpa é do ministerio, olvídanse de que en 13 días xa lle estaban pedindo máis prazas MIR. ¿E sabe que pasou cos médicos de familia? Que lles deron todos os que pediron. A ver se se acordaron agora en agosto que había que ter máis médicos, e vai haber que telos estudados, formados, contratados e moi coidadiños xa en decembro. ¿E a culpa de quen é? De Touriño, de Zapatero e de Pedro Sánchez, porque aquí en nove anos non gobernou ninguén que tivera ningunha responsabilidade. ¡Claro!

E por certo, sobre persoal, estamos ante un problema grave, e as dimisións dos xefes de servizo de Vigo demostrano. É só o principio, porque empeza unha onda de xubilacións grave e vostedes en ningún momento a planifican. É máis, con autocompracencia, din sempre que están facendo as cousas moi ben.

Nós plantexamos esta moción como punto básico, pero tamén coa intención de demostrar cales son os modelos sanitarios. O noso, que é o gran modelo español que si que se defendeu durante moitos anos e que pode seguir sendo un gran modelo se cambiamos as políticas, e algúns outros modelos, pero o noso é válido. E dentro de España válenos o modelo vasco ou o modelo asturiano, e o seu é Camerún.

Non concordamos niso, a ver se é posible que cambien esas políticas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

O modelo do Bloque Nacionalista Galego é unha sanidade pública, galega, universal e gratuíta, e é evidente que non imos en Galiza por ese camiño. Trouxémolo aquí para brincadeira do Partido Popular e do conselleiro, a quen lle preguntamos pola baixa valoración da sanidade pública galega. E xa digo, pareceulle gracioso ao conselleiro e aos deputados e ás deputadas do Partido Popular, e cando lles preguntamos que actuacións ían facer respecto desa baixa valoración que se estaba a percibir en todos os inquéritos e prospeccións que se estaban a facer, tomárono a brincadeira. E claro, parece que *daqueles polvos, estes lodos*.

Paréceme que agora xa non o van poder tomar tanto a brincadeira, porque parece evidente que esa baixa valoración vai en aumento, e a frustración dos profesionais, e é evidente que é a punta do iceberg. E desa baixa valoración, desa frustración e de non soportar máis esa folla de ruta do Partido Popular de deterioración da sanidade pública, vén a dimisión xa non de 22, senón de 25 xefes de servizo da área sanitaria de Vigo, e está saíndo á rúa a poboación de cada vez máis sitios: en Cambados, en Moaña, en Aldán, en Cuntis, en Moraña, en Mondariz, en Covelo. Case podía pasarme os cinco minutos que teño de intervención enumerando. ¡Pero

é que son situacións reais! Vostedes poden seguir encastelados, vostedes poden seguir na súa burbulla, vostedes poden seguir crendo que non pasa nada aí fóra, na Galiza real. Vostedes poden seguir coa súa montaña de propaganda, intentando facerlles crer aos galegos e ás galegas que á sanidade pública de Galicia non lle pasa nada. Vostedes poden facerlles crer que non hai listas de espera. Vostedes poden intentar facerlles crer que cando levantan o teléfono ou se acercan aos centros de saúde non hai demoras de 7, 10 e 15 días para o seu médico de familia. Vostedes poden facerlles crer que non están intentando que desaparezan os pediatras da atención primaria, pero a realidade é teimuda e os veciños e veciñas tópanse con esa realidade todos os días, por iso están saíndo ás rúas a dicir que non aceptan a súa folla de ruta, e esa é a realidade, señoras e señores deputados do Partido Popular. Igual que vostedes poden intentar dicir que hai máis profesionais e máis médicos que hai non sei canto tempo, pero a realidade é teimuda e nos orzamentos non hai máis pediatras ou profesionais. Igual que nos informes do Consello de Contas. No último que temos resulta que a media diaria real de profesionais, a media diaria de profesionais nos centros de saúde, di que hai menos no 2016 que no 2015. ¡Esa é a realidade!, logo vostedes estruguen, manipulen, retorzan todo o que queiran os datos para que lles acaben dando o que vostedes queiran que dean, pero a realidade —insisto— é teimuda e non dan o que vostedes queren que dean.

Por iso temos unha sanidade infradotada de profesionais. Estes nove anos de goberno do Partido Popular supuxeron retroceso nas condicións laborais, precarización e recorte de profesionais, póñanse vostedes como se poñan. Imos apoiar esta iniciativa que trae hoxe aquí o Partido Socialista, á que lle presentamos dúas emendas; unha, porque nos parece que o que di no punto cuarto, de solicitar o aumento da formación de especialistas en pediatría, cremos que tamén debe ser para os médicos de familia, porque parece que neste momento hai un déficit moi importante nestas dúas especialidades. Hai tamén noutras especialidades, sobre todo en atención hospitalaria, pero diso falaremos noutro momento; neste momento a urxencia é en atención primaria nestas dúas especialidades. Entón, parécenos que ademais de pediatría está o tema de médicos de familia.

E logo hai unha cuestión, nós negámonos un pouco a constrinxirnos a este volume de prazas para ofertar nas oposicións nos dous vindeiros anos, porque estamos vendo que no último concurso de traslados se ofertaron 5.000 prazas, iso significa que hai, como mínimo, 5.000 vacantes no sistema. Entón, se hai 5.000 vacantes no sistema, hai que ofertar esas 5.000 prazas vacantes para eliminar esa precariedade enorme que existe. Precariedade enorme no relato que fan os profesionais do día a día e no que onte fixeron aquí, neste Parlamento, da situación de precariedade na que están todos os días e que temos que ir eliminando.

Por iso nós o que propoñemos é que vaian eliminando esa precariedade, que se negocie...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...a estabilidade na mesa sectorial para que se establezan os cadros de persoal coas ratios necesarias para esas vacantes que realmente existen.

Acabamos de aprobar hai pouco tempo neste parlamento —e remato, presidente—, por unanimidade, unha iniciativa instando o Goberno español a eliminar a taxa de reposición.

Eu, dende logo, agardo que o Goberno galego faga o seu traballo e que insista. Non soamente que se aprobe neste Parlamento, senón que faga o seu traballo insistindo ao Goberno do Estado para que elimine esa taxa de reposición, e que por parte do Goberno do Estado se elimine...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...para que, realmente, se poidan convocar todas esas prazas vacantes, porque o sistema sanitario galego necesita que se poida convocar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...toda esa bolsa de traballo precario que se ten que converter en estable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Miranda.

**A señora MIRANDA PENA:** Grazas, señor presidente.

Eu, pola mañá, tería agradecido unha mostra de dó, un minuto de silencio, pola muller asasinada, vítima de violencia machista, Laura Luelmo. Non será porque a miña compañeira non o propuxera. En calquera caso, aspirarei a que os meus fillos e as vosas fillas vivan no futuro nunha sociedade menos desigual e con outras formas de interactuar e de relacionarse. (*Aplausos.*)

Por unha vez estou de acordo co señor Feijóo. Tiñamos un bo sistema sanitario público, eficiente, universal, accesible, pero estano facendo desaparecer cunha privatización cada vez menos encuberta e cunha xestión nefasta, que abandona os seus activos máis valiosos: as súas profesionais e a atención primaria de saúde.

No último barómetro sanitario, a xente valorou a confianza e a seguridade que lle daban as súas profesionais sanitarias, pero penalizaba a tardanza nas citas e o pouco tempo que lles poden dedicar. Ou sexa, a xente valora moi positivamente os datos e os factores dependentes dos profesionais e moi negativamente as eivas dependentes do sistema sanitario. Máis das tres cuartas partes do país pensa que as listas de espera empeoraron ou seguen igual; e ata 108.000 persoas en Galicia non poden pagar os seus produtos farmacéuticos.

Señor Torrado, vostede propón facer unha enquisa. Adiante, pero a realidade está á vista. O barómetro é claro, e calquera que leve vinte anos traballando no sistema sanitario, ou calquera que estea en contacto con e, pode pulsar ese descontento. Eivas na accesibilidade a probas complementarias e listas de espera incluso en atención primaria. E isto, cun panorama epidemiolóxico absolutamente desalentador, de cronicidade e de avellentamento.

Fai falta investir no accesible, no equitativo, no xusto e no resolutivo. Fai falta que sexamos sensibles ao malestar social. Fai falta que fomentemos o reequilibrio, ou sexa, que fagamos políticas de esquerda, para a xente, e non para as multinacionais.

Di Feijóo que nunca gastaron tanto nin tiveron tantos profesionais. Talvez, pero fixérono mal. Gastaron onde non debían: en tecnoloxía e en recursos privados, e esqueceron coidar o máis valioso: os profesionais e a atención primaria. Xestionaron mal.

¿Por que non teñen profesionais, señor Centeno, que me mira así? ¿Será porque, tras décadas de abandono dos profesionais, lles está estoupando na cara a súa dinámica de precariedade? ¿Será que as profesionais empezan a estar fartas? ¿Escoitaron onte as compañeiras dos PAC Pilar Rodríguez e Eduardo Díaz? O seu relato era absolutamente demoledor.

Vostedes non saben xestionar a demanda, porque iso require compromiso e valentía. Chamaron a unha experta en economía sanitaria que pensaron que lles ía reforzar o seu discurso. Vin a comparecencia, nos cinco primeiros minutos dixo que baixara o gasto público, que aumentara o gasto privado das familias e que se contratara a máis xente gastando menos. Isto é fomentar a precariedade laboral. ¿É así como queren fidelizar profesionais? E eu engado, ¡miren que o fan mal! Gastan mal, tratan peor je por riba non son capaces de manexar a demanda! Calquera diría que o fan a propósito. Porque vostedes non queren dismantelar o sector público, ¿verdade? Vostedes non teñen ningún interese no sector privado, ¿verdade?

Señor Torrado, estamos parcialmente a favor da proposta de incrementar persoal, pero sobre todo hai que xestionalo ben. Ese persoal ben valorado nas enquisas que compensa co seu lombo eses aspectos menos valorados. Sabemos do que falamos. Ese persoal está en pé de guerra; están en pé de guerra os PAC, os xefes de atención primaria de Vigo, as urxencias do Clínico, as auxiliares, técnicos de coidados auxiliares de enfermería, as ambulancias, o 061. ¿Sabe por que o Sergas de momento é ben valorado? Polas súas profesionais. E ¿saben o que está pasando? Que chegaron ao límite, que están dicindo ¡basta!, ¡plantámonos!

¿Sabe o que din os enfermos en Matamá, en Sárdoma ou no Porriño? Que como poden axudar. Que como poden axudar, din os pacientes. ¿Queren que lles deamos ideas? Pois botándoos, con «b».

¿Queren que lles desmonte o argumento de por que non teñen xente para contratar, que si que a teñen? ¡Alá vou! Non teñen xente porque o Sergas é peor que unha ETT, pero con obscuridade institucional: néganse permisos, contrátase por días.

No meu propio rexistro persoal de contratos, no meu FIDES, hai 109 expedientes. No Sergas non teñen xente, pero cando convocan unha OPE con 160 prazas aparecen 800 persoas. Vaian a Euskadi e miren como fidelizan alí a xente, con contratos dun ano cando rematan a residencia, e busquen alí as profesionais que nós perdemos. Pregúntenlle a Diana Antón por que marchou a Suecia e que tal a tratan alí. Señores do PP, xestionar a curto prazo só apaga lumes.

¿Queren que lles poña outro exemplo? No Servizo de Urxencias do Clínico reorganizaron a demanda e sobrecargaron as enfermeiras e os técnicos de coidados auxiliares de enfermería. ¿Tampouco había enfermeiras para contratar ou será unha coartada?

No que respecta a pediatría, que tamén o comentaba o señor Torrado, non hai capacidade para formar pediatras a curto prazo. Formar unha pediatra leva doce anos, é unha aritmética básica. Queremos saber como se vai afrontar a demanda da asistencia pediátrica. Terán que explicarlle á poboación, aos pais e ás nais, se pensan instaurar unha pediatra por cabeceira de comarca, deixando os pobos pequenos desabastecidos; se pensan utilizar médicas de familia, que tampouco teñen, ou se van seguir prometéndolle a alcaldes afíns unha cobertura que nin poden dar nin van poder garantir. Ou tamén poden facer maxia e cubrir a praza de Cuntis, como pasou hoxe mesmo, ¿vale?...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora MIRANDA PENA:** ...tendo unha pregunta parlamentaria xusto mañá.

Non teñen recursos e tampouco teñen plan. Non planificaron con tempo, levan anos cos deberes sen facer.

Cando baixou a natalidade, pensaron que podían aforrar pediatras. ¿Que pasou? Que a demanda medra, e non están sendo eficaces abordando un asistencialismo desmedido. Non abordan a frecuentación, non fomentan a autonomía das familias resolvendo problemas banaís de saúde, non fomentan a educación para a saúde...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora MIRANDA PENA:** ...e isto está abocado á insostibilidade —xa remato—, e vostedes sábeno.

E non lle poñen solución porque vostedes non apostan pola sanidade pública, non lles importa que a xente, desesperada, gaste os cartos que non ten indo á privada.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora MIRANDA PENA:** Xestionan mal, gastan onde non deben. Non gobernan para as persoas, fano para os intereses económicos das multinacionais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Miranda, terminou o seu tempo.

**A señora MIRANDA PENA:** Nós propoñemos o contrario, investir os cartos na xente, por iso, votaremos a favor. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.



**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde novamente, señorías.

Dende logo, señor Torrado, pouco teño que dicir. Se gastou oito minutos no informe Bloomberg, mal imos. E se sobre a sanidade galega gasta oito de dez... Ben, eu pensei que viña falar da sanidade galega e non dese informe, pero será así.

Hoxe foi a señora Prado a que falou do Barómetro sanitario, pero esqueceulle dicir que a nota do Barómetro sanitario deste último ano é a máis alta da historia de Galicia. Por suposto, moitísimo máis alta que a do Goberno bipartito do Bloque e do Partido Socialista. Pero é igual, *(Aplausos.)* iso non se di nunca, iso son datos, iso non interesa.

O señor Torrado insistía no pasado pleno, e acaba de falar a señora Miranda, sobre a profesora Beatriz López Varcárcel. Claro. Falou dos cinco primeiro minutos e non falou do resto. Pero esa señora, que foi acusada polos grupos da oposición de palmeira e botafumeiro do Partido Popular, resulta que foi nomeada membro do Consello Asesor da Sanidade en Madrid polo ministro Bernat Soria, foi condecorada polo señor Zapatero e figurou —polo menos andou cerca— como número dous da candidatura do señor López Aguilar ás eleccións canarias. Está claro que as tres persoas que veño de citar son próceres e militantes do Partido Popular de toda a vida. Esta mesma semana vén unha entrevista a esta señora nun xornal galego na que explica claramente o que dixo e o que non dixo. Non vou perder máis tempo neste tema porque eu veño falar da moción do señor Torrado.

Fala de pediatría. Sempre se fala de pediatría aquí, pero nunca se aporta unha solución real, unha solución viable. A pediatría de área podería ser unha solución neste momento para algunha urxencia que temos de persoal, pero tamén hai que recordar que os nenos e nenas galegos son privilexiados porque o 88 % deles están atendidos por pediatras, cousa que non ocorre noutras comunidades autónomas. E eu teño aquí abundante hemeroteca sobre o que din os profesionais, eses profesionais que rexeitaron a pediatría de área, e a consellería fíxolles caso. Respondeu o grupo parlamentario, presentou unha emenda sobre ese tema. Pero eses mesmos profesionais, a Asociación Galega de Pediatras de Atención Primaria, a Sociedade de Pediatría de Galicia e inclusive o xefe de servizo do hospital de Ourense, din que queren agrupar os pediatras nas cabeceiras de comarca, que é o que dixo a señora Miranda. Non o di o Partido Popular, dino os profesionais. O Partido Popular non fixo caso das demandas deses profesionais e non se instaurou a pediatría de comarca. E a día de hoxe é moito máis preocupante o problema da falla de profesionais que o problema do financiamento.

Eu estou de acordo por unha vez coa señora Prado: non hai pediatras, non hai pediatras. O Consejero de Sanidad de Castela-A Mancha pide nunha entrevista que se leve ao Interterritorial o problema do déficit de médicos en España xunto co financiamento das CAR-T, estas terapias novas tan caras. A ministra, a señora Carcedo, diante da pregunta dun diario galego, contesta: «Ya existe en el Interterritorial una conferencia específica de recursos humanos que se reúne periódicamente. La carencia de profesionales no se resuelve con una reunión del Interterritorial.» Iso chámase sintonía política. E, ¿que ocorre onde goberna o Partido Socialista? Falamos

da señora Pontón: tres anos e medio, menos orzamentos, menos camas, menos enfermeiras, máis listas de espera; e un consultorio construído en tres anos e medio, un.

Queren converter os grupos da oposición un problema estatal grave, do que probablemente teñan culpa todos os gobernos anteriores, todos —probablemente todos teñamos algo de culpa neste problema—, nun problema local, nun problema autonómico, nun problema galego.

Cada ano rematan a carreira de Medicina en España 14.500 persoas, e hai 6.500 prazas MIR, aí é onde está o problema. Despois da entrada en vigor da Directiva europea 86/457, a partir de 1995, ningún licenciado podía exercer a medicina de atención primaria sen o título de especialista. Eu non sei se a oposición quere que tomemos a solución en Galicia que se tomou en Andalucía e en Castela-A Mancha, onde gobernan socialistas ou socialistas e Podemos, que é poñer a traballar aos médicos recién licenciados, sen especialidade. Eu creo que iso roza, polo menos, a ilegalidade. Se non, maniféstese, que ten agora un turno, señor Torrado, sobre esta solución que se aplica nalgunha comunidade onde gobernan.

O Consello Xeral de Colexios Médicos vén de manifestarse sobre este problema nestes días. Considérao un problema nacional e indica que se teñen tomadas poucas medidas globais contra ese déficit de profesionais; pero de toda España, non de Galicia.

E con respecto á moción, no primeiro punto o señor Torrado pide unha enquisa. Nós cremos que hai problemas máis importantes, o que pasa é que, se a fai o señor Tezanos pode saír calquera cousa.

No segundo, fala do catálogo de servizos. Falamos moitísimas veces, non hai máis que revisar a emenda que presentaron á Lei de saúde para ver o que era ese catálogo.

O terceiro non pode cumprirse mentres estea vixente a taxa de reposición, porque incumpriríamos normativas básicas. Non explica tampouco por que 3.000 ou 5.000 —como dixo a señora Prado— ou 6.000 prazas.

Tamén sorprende que o Partido Socialista defenda un plan de contratación e non defenda as ofertas públicas de emprego, non entendo moi ben por que.

No seguinte punto, señor Torrado, co Goberno central non hai nada que acordar con respecto á acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada. O que ten que facer o Goberno de España é poñerse a traballar. A Consellería xa dixo vostede que solicitou a acreditación de seis prazas. Ademais, vostede que ten tanto éxito coas súas iniciativas aquí no Parlamento de Galicia, que todas as acolle a Consellería e fai as cousas grazas as súas, podía falar co señor Sánchez e convencelo para que aprobe as medidas que estaban sobre a mesa co anterior Goberno e que poden mellorar esta situación: incentivar a retención de especialistas modificando o RD 11/46, flexibilizar a acreditación de unidades docentes, reactivar a troncalidade, dotarse de medios para reducir os prazos de homologación, non darlle as competencias ao País Vasco ou negociar darlle as competencias ao País Vasco...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...—remato, presidente—, poñer en marcha un rexistro de profesionais sanitarios, ou modificar a normativa de incompatibilidades médicas, da que acaba de haber agora mesmo, recentemente, unha sentenza en Galicia.

Con respecto ao derradeiro punto, segue a haber negociación cos sindicatos, e como proba temos a carreira profesional, o plan de estabilidade ou o acordo publicado hoxe mesmo no DOG sobre a selección de persoal estatutario temporal no hospital.

Non imos apoiar a súa proposta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

A ver se me dá tempo de mencionar todas as cousas. Quero agradecer o apoio que se manifestou e apreciarei algunha das cousas das que se falaron. A verdade, si falei do informe Bloomberg porque o PP o esgrime constantemente e porque o mencionou o conselleiro aquí na interpelación. ¡Pero se foi o conselleiro o que o plantexou como modelo! A min paréceme moi importante falar aquí dos modelos que neste caso estaban como referencia e que plantexa o propio Goberno da Xunta; se quere, falamos doutra cousa. ¡Home!, vostedes están acostumados a falar do que lles peta, pero eu estou falando do que plantexou o conselleiro e non lle gusta.

Fíxense se están tan desquiciados con esta iniciativa que me contestou ao que eu dixen sobre a comparecencia da Comisión de Sanidade. Nin a mencionei, debe ter mala conciencia sobre o que fixeron. Debe ter mala conciencia que está vostede defendéndose de algo que non se lle plantexou aquí. Debe ser iso, ¡eh!

Sobre que non mencionamos as OPE. Eu tiven que volver ler, pero falei das convocatorias das OPE, está aquí posto, sobre a cuestión de persoal, está aquí nas OPE. Pensei que non o escribira, pero vin que si. Cando plantexamos 3.000 novas prazas, sen mentiras, sen dicir aquí que se convocan 1.500 pero son todas para repoñer xubilados ou para facer concurso de traslados e se contan como novas, novas prazas —son vostedes certamente mentirosos nisto, parece como cando un vai pedir carne de boi e ao final lle poñen vaca vella e din que é o mesmo, andan vostedes con estes trucos—, iso é o que plantexamos dende o persoal, por iso cremos que esta formulación de novas prazas é a axeitada. Nese sentido, aínda que concordamos coa idea, non aceptamos a emenda do BNG neste punto; si a seguinte, que cremos que completa ben.

Cremos que unha enquisa ten certo interese, e pódense facer dúas cousas á vez. Non por poñerse a facer unha enquisa hai que deixar de contratar persoal. Pódense facer cousas, varias incluso, (*Aplausos.*), incluso. Pero si, si é importante para varias cousas. Primeiro, porque hai especificidades sobre a dispersión, sobre o envellecemento da poboación, sobre como afectan ás comarcalizacións, por exemplo.

Tamén se defendeu aquí o señor Núñez Centeno do que eu dixen da pediatría de área. Non a mencionei. É importante trasladar o debate sobre o que se fala, porque ¡claro!, se preparan as respostas e despois un plantexa aquí outras cousas e non se lle contesta, é moi difícil falar. Sobre todo, ademais, é importante ter algunha enquisa, porque así nos dará unha referencia galega e non teremos que escoitar ao conselleiro dicir que queremos ser Camerún. ¡Claro!, é que nós non queremos ese modelo, por iso cremos que é importante saber que modelo queremos ser.

En definitiva, contestáronme e replicáronme a cousas que eu non plantexei, polo tanto, é normal que non vaian apoiar a iniciativa. Pero bueno, é bastante coherente, porque está todo o mundo en sanidade falando do mesmo e vostede falando doutra cousa. Igual non é problema comigo, vou pensar iso, senón que o problema é que non están escoitando a ninguén.

Por certo, xa que non queren escoitar a este deputado, polo menos escoiten os xefes de servizo que dimiten, escoiten os médicos en folga, escoiten as folgas do CHUS, a folga dos PAC, escoiten os das ambulancias, a folga dos médicos, escoiten os colexios médicos profesionais, que lles están dicindo que teñen toda a razón os de primaria, escoiten os colexios médicos que están dicindo que faltan profesionais no sistema, escoiten vostedes a todos os colexios médicos do resto de España, que lles dan a razón, escoiten vostedes a todos os profesionais, a todos. E, por certo, tamén os pacientes que sofren os recortes, escóitenos, que non pasa nada por escoitar de vez en cando. Aínda se pode falar e aínda non nos cobran por falar nin por escoitar. Escóitenos un pouco.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Creo que xa me posicionei, pero aceptamos a segunda parte da emenda do BNG. Non concordamos coa primeira; si no fondo, pero non na forma. Polo tanto a primeira non a aceptamos. E agardariamos, polo tanto, que puideramos entender que este sistema necesita non ser Camerún. Menos Camerún e máis Galicia, un pouquiño. A ver se somos capaces de falar, polo menos, todos do mesmo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. José Manual Lago Peñas, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co emprego da industria do automóbil**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 41639))*

*Emenda de adición.*

*Débense engadir na parte resolutiva da moción os seguintes puntos:*

*«10. Reforzar todas as áreas da formación para reciclar e recualificar os traballadores xa existentes no sector da automoción e compoñentes, así como preparar os novos traballadores que se vaian incorporando coa implantación dos novos procesos produtivos coñecidos como Industria 4.0.*

*11. Desenvolver e executar na súa totalidade tódolos Programas de Formación para Ocupados recollidos nos orzamentos de Galicia, establecendo mecanismos de axuste coas demandas específicas das empresas e tódolos medios de control que garantan o seu correcto desenvolvemento.*

*12. Desenvolver e executar na súa totalidade tódolos programas de Formación Profesional Dual recollidos nos orzamentos, establecendo mecanismos de axuste coas demandas específicas das empresas, garantindo a non substitución de traballo remunerado nas mesmas, e establecendo tódolos medios de control que garantan o seu correcto desenvolvemento.*

*13. Avanzar conxuntamente, co sector produtivo e as demais administracións, central e local, para atraer novos provedores no eido das novas tecnoloxías, tanto do coche autónomo como o do coche eléctrico, para iso é importante mellorar a oferta de chan industrial a prezo competitivo e mellorar os custes enerxéticos.*

*14. Aproveitar no deseño da política industrial, a nova regulamentación que acaba de aprobar o goberno central sobre o Contrato de Relevo, xa que este é moi importante para o rexuvenecemento das plantillas, compartindo o coñecemento adquirido polos traballadores veteranos.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 41639)*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto co seguinte texto:*

*«Remitir aos grupos parlamentares no prazo dun mes un informe completo sobre as contías desagregadas das axudas, subvencións e convenios de colaboración que establececeu a Xunta de Galiza coas empresas do sector da automoción desde 2009.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde.

Bueno, prego desculpas porque a estas horas falar de política industrial e de política de innovación pode que sexa un pouco árido, pero é o que hai.

Con esta moción non imos resolver todas as evidentes incertezas que se presentan para o sector do automóbil no medio prazo. Un medio prazo que a verdade é que eu penso que cada vez vai ser máis cercano, moito máis do que algúns queren ver.

Todos estes cambios tecnolóxicos, cando se empezan a albiscar, normalmente caen por aluvión, polo que o cambio tecnolóxico no automóbil non vai ser dentro de corenta anos. Criticábase o plantexamento de que no 2045 deixara de haber vehículos diesel, pero eu penso que vai ser moitísimo antes, aínda que as leis o permitan.

A nosa intención con esta moción é alertar o Goberno de que hai que atender os síntomas para desenvolver os tratamentos máis axeitados, as políticas máis axeitadas, e, entre tanto, buscar solucións aos brotes concretos como os que motivan esta interpelación e esta moción: o ERTE que deixará 800 traballadores de Citroën durante cen días nas súas casas, con todas as consecuencias derivadas para a industria auxiliar.

Cando eu publiquei isto en Facebook, un señor con toda lóxica, despois de ver os titulares de prensa do señor Feijóo dicindo todas as novas furgonetas, sobre todo o novo anuncio das furgonetas Toyota, dicía, pero ¿como é posible que manden 800 traballadores para a casa se cada vez hai máis produtos? Pois hai un problema, e diso é do que imos falar. Evidentemente, é difícil pensar, se segundo o señor Feijóo a Citroën lle sae o traballo polas orellas, que despois a realidade sexa que manden a 800 traballadores cen días á súa casa.

Ademais, os síntomas, deste brote que xa comentamos, son evidentes. A aportación do sector do automóbil ao PIB de Galicia baixou un 16 % nos últimos dez anos, e non podemos dicir que isto sexa unha tendencia xeral, que é a así en todos os sitios. Noutro polo automobilístico moi importante en España, como é Navarra, incrementouse no mesmo período un 27 %. Ou sexa, case 43 puntos de diferenza entre unha autonomía e a outra.

O emprego industrial en Galicia perdeu nese prazo, nos últimos dez anos, 50.000 traballadores, 8.500 neste último ano. Por contra, o emprego industrial en España, en 2018, medra en 60.000 traballadores. Entre 2007 e 2014 Galicia perdeu o 60 % das súas empresas innovadoras, tamén na industria do automóbil, segundo explicita nun informe o Foro Económico de Galicia.

A industria do automóbil —como xa digo— enfróntase a uns cambios tecnolóxicos radicais nos próximos anos, os máis profundos de toda a súa historia. Pero ante esta evidencia, ¿que fai o Goberno da Xunta de Galicia? Pois como fixo o outro día o conselleiro, negar a realidade, dicir que todo vai ben, que non hai motivos para preocuparse, que non hai síntomas de ameazas, e que por tanto non hai que facer nada, que hai que deixar que as cousas evolucionen por si mesmas e que o mercado solucionará todo por si mesmo.

Hai xente que pensa que falar das ameazas é facilitar que cheguen. Pois nós non estamos de acordo con iso. Pensamos que cando hai ameazas hai que falar delas e hai que tomar decisións con tempo. Porque é verdade que o sector aínda non está nunha mala situación, pero podería estalo, e as ameazas aí están para tomar decisións.

O Grupo Popular moi probablemente resposte, seguindo co que o outro día falou o conselleiro, que, tendo en conta que no que vai de ano se crearon 232 empregos —esta é a enquisa da Seguridade Social de data de onte— no sector de fabricación de vehículos en Galicia, iso implica que todo vai ben. Bueno, comparemos eses 232 postos creados no 2018 cos 800 traballadores que Citroën vai mandar para a súa casa o día 1 de xaneiro do 2019.



Como xa dicía, é verdade, a situación non é negativa, pero ¿cales son os síntomas? ¿cales son as tendencias? Dende logo, non tan optimistas. O feito do ERTE na liña de produción de vehículos que —se vostedes non o saben xa llelo digo eu— é unha liña de produción para países emerxentes, é unha chamada de atención. É unha liña de fabricación de vehículos *low cost*, e pensamos que aí non está o futuro dunha factoría coas posibilidades tecnolóxicas da de PSA-Citroën en Vigo. Estamos a tempo de tomar medidas, iso é o bo, non estamos xa nunha situación preocupante. Pero non podemos esperar a que a situación empeore e a que despois tornala sexa moito máis complexo.

Dixo tamén o señor conselleiro que o sector automobilístico galego é sinónimo de vangarda na innovación. ¿Pero en que tipo de innovación? ¿Innovación industrial? ¿Innovación fundamental? ¿Ou innovación para desenvolvemento experimental de novos produtos e modelos de negocio?

Os datos din que a maioría van para as melloras industriais, a innovación incremental, que é o que se está a confundir coa industria 4.0. É dicir, producir máis con menores custos. Iso está ben, pero non se pode exprimir máis o mesmo modelo.

Sen embargo, todas as economías con máis visión de futuro apostan pola innovación disruptiva ante unha situación disruptiva, como a que se vai producir no automóbil: desenvolver novos modelos de negocio, novos produtos con maior valor engadido, non producir vehículos *low cost*, como pasa na liña 1 de produción de Citroën, a menor custo, optimizando o proceso de produción. Por iso nós apostamos polas outras vías de innovación. Non podemos centrarnos na innovación defensiva, aquela que combate a ameaza de territorios con máis baixos custos. Por esa vía remataremos perdendo, con moita seguridade.

Dixo tamén o conselleiro que non sabía por que demandamos un plan estratéxico, debido a que xa o había. Se isto é verdade, debería de haber un cadro de mando que vai á Xunta a calquera plan estratéxico, e este Parlamento debería de coñecelo. Un cadro de mando para avaliar os indicadores que marquen a evolución dos obxectivos, tanto estratéxicos como concretos, das políticas de incentivos ao I+D+i; como evolucionan as patentes; ¿increméntanse as empresas innovadoras?; ¿increméntase o seu tamaño?; como evolucionan as porcentaxes de repartición entre a I+D —como xa digo— de innovación industrial, innovación fundamental, ou innovación para o desenvolvemento de novos produtos e modelos de negocio. Como xa dixen, estes últimos son nos que se concentra a innovación nos países máis desenvoltos e os que desenvolven o maior valor engadido.

¿Mellora a captación internacional de fondos de I+D+i? Non o sabemos. ¿Mellora a captación de capital internacional para investir en I+D+i? Non o sabemos. ¿Cales son os resultados das actividades subvencionadas? Non o sabemos. Levámolo pedindo na Comisión 6ª dende hai máis de dous anos, e polo que me comentan, dende a anterior lexislatura. ¡Así non hai maneira! Non sei se haberá Plan estratéxico, pero un plan estratéxico sen sistema de avaliación e control realmente vale para pouco.

Como xa digo: este plan estratéxico, se o teñen, ninguén o coñece. E, se o teñen, poderían dicirnos como incidiron as decenas de millóns de euros entregados a fondo perdido a PSA

Citroën no desenvolvemento de novos produtos e novas maneiras de producir máis flexibles; poderían dicirnos cantas furgonetas eléctricas se fabricaron e cantas se comercializaron. E poderían dicirnos se os 11 millóns de euros comprometidos na iniciativa anterior, a das furgonetas de repartición eléctricas, non estarían mellor dedicados a unha flexibilización produtiva da liña 1 de montaxe, que evitara a situación como a do ERTE actual. Once millóns de euros que non sabemos onde foron. Porque, desde logo, ¿alguén viu por aí por Galicia —xa non digo por fóra de Galicia— algunha furgoneta eléctrica das que lles puñan o nome de «Galicia» e que iso nos custou 11 millóns de euros?

Porque, se a pesar —como dixo o conselleiro— de que en Vigo se van fabricar novos modelos, ¿como é compatible iso con que oitocentas persoas se vaian á súa casa na liña de produción E-1? Quizais porque as decenas de millóns entregados a Citroën non foron onde debían. A falta de control e concreción dos obxectivos das axudas dificulta enormemente a avaliación dos resultados, polo que se poden estar subvencionando custos estruturais das empresas no canto de estimular a verdadeira innovación. Evidentemente, non lle corresponde á administración pública remar suplantando a iniciativa empresarial, pero si ten o deber e o dereito de ser vixía e incluso de levar o temón.

Por todo o comentado é necesario replantexar o deseño dos incentivos á I+D+i e cuestionarse, por exemplo, a intensividade, case monocultivo, da aposta polos vehículos aéreos non tripulados, cunha capacidade de transformación en tecido industrial e emprego a medio prazo máis que cuestionable. Aquí, a Xunta de Galicia non só leva o temón, senón que é a que rema arreo, sen unha aportación das empresas que se poida comprobar fidedignamente. É moi difícil entender que se invista moito máis neste sector incipiente —pero xa veremos cando se concretará— que no sector do automóbil.

Aínda que a innovación é o eixe fundamental para o futuro deste sector, habería que falar ademais —pero non me dá tempo— de moitos asuntos máis transversais, como as infraestruturas, o solo industrial, as comunicacións ferroviarias e portuarias, fomentar a concentración empresarial... Aquí hai que ter claro que das vinte e catro empresas que facturaban máis de cincuenta millóns de euros en Galicia hai vinte anos só desapareceu unha; as vinte e tres restantes cada vez facturan máis, e algunhas son líderes mundiais. Polo cal é imprescindible unha política de concentración empresarial nesta industria; fomento da formación superior profesional en Ciencia e Tecnoloxía, pois estamos en ratios moi baixas, ao contrario que os países que están desenvolvendo políticas de innovación verdadeiramente progresistas.

E ante todo isto, tendo en conta o formidable cambio que se vai producir no sector do automóbil nos próximos vinte anos —o maior da súa historia—, reiteramos as preguntas que lle fixemos ao conselleiro no pasado pleno e que non respondeu. Esperamos que agora o Grupo Popular nos poida contestar:

Saber se pensan facer algo con PSA Citroën, se nos van explicar onde foron as decenas de millóns cos que se subvencionou a fondo perdido esta empresa. (*Murmurios.*) ¿Por que non se investiron eses cartos en dar flexibilidade á liña 1 de montaxe, que permitiría que, por exemplo, agora as novas furgonetas estiveran nesa liña e non tiveran que ir oitocentas persoas ao paro?

E despois os dous temas máis importantes, que é se a Xunta de Galicia lle vai exixir ao Ministerio de Industria desenvolver un novo plan de competitividade do automóbil que teña o foco en Galicia e garantir a importante presenza de empresas galegas —imos ver cal é o resultado— na convocatoria do programa Reindus, dotado con 400 millóns de euros e cuxo prazo remata o 31 de xaneiro de 2019.

Resumindo: moitas incertezas. O conselleiro o outro día só dixo que todo ía moi ben. Efectivamente, as cousas non van mal, van ben. Pero as incertezas son moi importantes e as ameazas moitísimo máis importantes. Esperemos que agora o Grupo Popular cando interveña nos saiba contestar que se fixo con todos estes millóns que chegaron a Citroën.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa noite xa.

Señor Casal, a verdade é que envexo a súa capacidade para a estas horas da noite ser tan optimista, porque vostede saíu desta tribuna esperando non só respostas, senón tamén un cadro de mando para facer seguimento da Estratexia da Xunta de Galiza no sector da automoción. (*Murmurios.*) Creo que foi optimista de máis, pero de todos modos está ben que teñamos algo xa a estas horas.

Ben, a respecto do tema que nos trae a este debate, hai dúas grandes cuestións ao fío da interpelación que puidemos ver no pasado pleno e da proposta que trae hoxe de En Marea. Dunha banda, nós entendemos que a situación de PSA, que é o motivo desta iniciativa, é un síntoma dunha situación que vai moito máis alá desta empresa e que ten relación con dous aspectos moi importantes para nós: primeiro, as consecuencias dun marco lesivo no aspecto laboral para a clase traballadora e, segundo, a consecuencia dunha falta de política industrial e de modelo para a automoción, no que a administración no sector público pois ten abandonado a súa función de motor para orientala.

En primeiro lugar, referireime á cuestión laboral. Eu creo que a ninguén se nos escapa que nos procesos que se están vivindo na industria do noso país —o certo é que podemos mirar moito máis alá da automoción— a falta de negociación laboral, os retrocesos na negociación laboral, que ten suposto a vixencia das dúas reformas laborais, pois é algo claramente negativo, porque minora a capacidade que teñen hoxe as traballadoras desde os centros de produción galegos de condicionar as súas condicións de traballo e de avanzar na negociación colectiva. Iso é así en xeral, pero máis dificultoso aínda cando falamos de multinacionais. E o certo é que no día de hoxe Citroën é a raíña da automoción galega en cifras, pero non é ouro todo o reloce. E o que está pasando na xigante pois tamén se acaba por trasladar dunha forma ou outra —vímolo en procesos anteriores— ás demais matrices que temos no noso país e tamén á industria auxiliar.

E o certo é que tamén, falando cos traballadores e traballadoras, vemos que nos últimos anos se fragmentaron cada vez máis as categorías do persoal, se introduciron empresas de servizos creadas exproceso para facilitar a introdución de convenios que en lugar de ser propios son importados e son estatais inferiores, se contratou persoal laboral con salarios menores aos 800 euros en condicións practicamente neoescravistas. E a isto súmase un aumento da temporalidade, súmase o desregulamento no propio horario, súmase o recurso á contratación vía empresas de traballo temporal e súmase tamén a problemática específica que está habendo cos contratos e cos traballadores e traballadoras transfronteirizos, dos que tamén temos debatido longo e tendido na Comisión 6ª. E nós entendemos que aquí hai unha cuestión de fondo, que a falta dun marco galego de relacións laborais é moi perigosa e que dificulta moito que cuestións como este ERTE puideran ter un destino diferente.

E, en segundo lugar, eu facía mención —e creo que é importante insistir nisto tamén— á situación á que chegamos nun sector que debería ser punteiro, e diante do que o Partido Popular non ten nin unha soa estratexia clara de política industrial. E a isto súmase a incerteza na que nos atopamos neste momento en canto á cuestión do combustible e en canto á cuestión do futuro no transporte do motor. Algo que é certo que ultimamente está máis no debate pero que tampouco é unha novidade da que nos acabemos de enterar, nin no Parlamento galego nin no tecido produtivo. Polo tanto, levamos unha recua de anos perdidos, na que se nos falou moito de Industria 4.0 pero que pouca translación hai a unha folla de ruta. Por iso, ese cadro de mando ao que vostede apelaba eu estou convencida de que lamentablemente non existe.

Eu facía antes unha brincadeira co señor Losada —que vexo que non está moi atento— e dicíamos que se alguén atopara xa esas directrices enerxéticas pois precisamente tería moito que ver neste debate. Eu recordo que cando tivemos o debate neste parlamento pois que era a oposición quen sacaba a cuestión de tarefas pendentes, como ese Plan de transporte da Xunta de Galiza e como non incorporaba nada novo a este respecto.

Pero ¿que imos esperar dun goberno que durante anos negou a existencia da deslocalización? E para nós isto ten un trasfondo importante, que é ata que punto a inxección de recursos públicos contribuíu a sementar industria no noso país ou no país do lado, que é unha cuestión clave. E por iso nós engadimos unha emenda a prol da transparencia, porque somos optimistas tamén, como o señor Casal.

Eu non desisto de que a ver se dentro de dous anos, cando marche deste parlamento, o Goberno galego tivo a ben contestarme a algunha destas trinta e catro preguntas por resposta escrita —¡trinta e catro!— nas que se pide información concreta das axudas económicas da empresa, dos convenios de colaboración da Xunta de Galiza —que non todos son públicos— a trinta e catro empresas, en concreto. Ou o artigo 9, que foi o primeiro que rexistrei neste parlamento, e que —como ben apuntaba o señor Casal— xa teño insistido noutras veces e era algo que viña da lexislatura anterior. E, polo tanto, unha vez máis vemos que nin Goberno previsible, nin Goberno transparente, nin Goberno planificador. E deses pos estes lodos.

Votaremos favorablemente esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señora Presas, eu sempre atendo con moita atención. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Esta mañá debatíamos sobre fiscalidade no debate da Lei de orzamentos, e entendo que ao Grupo Popular lle pareceu que as aportacións do seu voceiro non eran suficientemente convincentes, e foi necesario o reforzo dunha voceira cualificada sobre o tema de explicarnos o que era de esquerdas e de dereitas, e o que era baixar e subir impostos. E eu dicía que os beneficios dos grupos bancarios en España eran de 18.000 millóns de euros no ano 2017. E hoxe sae unha noticia complementaria, con fontes da Axencia Tributaria, que di que estes grupos bancarios pagan de media en España un 2,84 por cento dos seus beneficios por imposto de sociedades. Eu creo que non sei se é de dereitas ou de esquerdas, pero, desde logo, é un escándalo, ¡un auténtico escándalo! (*Aplausos.*) Porque é disto do que estamos falando, (*Aplausos.*) e eran estes os problemas da fiscalidade española, non eran as amnistías fiscais para os amigos.

Isto ten moito que ver cos recursos públicos dispoñibles para a industria automobilística, para outros sectores industriais e para algo que ten unha relevancia fundamental nos sectores industriais, que é a formación. E dicía o señor Casal: efectivamente, temos que dicir que o sector da automoción non vai mal nun sentido —digamos— macro, pero si que é verdade que hai problemas que non somos capaces de saber se se están resolvendo cos apoios dende o ámbito público. Eu non vou valorar a estratexia empresarial de PSA Peugeot Citroën Opel agora tamén. Pero si que quero valorar ou ter capacidade de valorar en que medida a acción política pública do Goberno galego neste caso se dirixe cara a onde, dende o Grupo Socialista e dende os outros grupos lexitimamente, consideramos que debería de dirixirse.

E é verdade unha cuestión: a industria medra en termos de facturación e en termos de beneficio, non medra en termos de ocupación —tamén o dicía o señor Casal—. No último ano perdéronse 8.500 empregos no sector industrial —que non é pouco— é un cinco por cento, e isto pode significar un incremento da produtividade. Que sexa benvido pero, indubidablemente, significa tamén un incremento na redirección dos fondos ou dos beneficios desta produtividade cara aos beneficios empresariais. Polo tanto, eu creo que este é un tema estratéxico nesta cuestión.

E o tema da formación pois lamentablemente vemos que fraquea en todas as necesidades obxectivas que existen no sector da automoción así como noutros sectores metalmecánicos próximos. Por unha parte, dende a saída da crise, no sector salarial da industria en Galicia perden peso os salarios industriais galegos en relación coa media española, o cal non ocorre cos salarios globais. É dicir, en realidade, os salarios globais mantéñense practicamente ao mesmo nivel aos salarios industriais, amais deste incremento da produtividade e, polo tanto,

dos beneficios. Baixa a ocupación e baixan os salarios, co cal o que estamos dicindo é que os beneficios engordan, se incrementan.

Os problemas de formación pois lamentablemente están aí, e están aí porque nos anos de crise, que era efectivamente cando facían falta políticas anticíclicas públicas de formación, precisamente para axudar a que as persoas que quedaban fóra —digamos— do mercado laboral pola propia crise tiveran capacidade de reciclaxe cando saíramos da crise, pois iso non se fixo, e vemos os niveis de execución, vemos o esforzo orzamentario do Goberno galego durante os anos 2010, 2011, 2012 e 2013, e lamentablemente seguimos nunha liña parecida. Chegamos ao feito absolutamente inaudito —e molesteime en revisalo— dende os gobernos do señor Fraga Iribarne de que a formación para desocupados nun ano en que o desemprego estaba próximo ao vinte por cento quedou a execución en cero, é dicir, non se gastou absolutamente nin un só euro orzado. Volvo repetir: cunha taxa de desemprego do 20 por cento, do programa de formación de desocupados non se executou literalmente nada. E agora atopámonos cun problema, atopámonos co problema de que existe un déficit de formación importante, que está supoñendo problemas graves para o sector.

Eu vou recorrer a titulares de prensa, porque me parece que é non só absolutamente lexítimo senón moito máis recomendable que os argumentarios de partidos, sexa do partido que sexa: «O metal contratará plantillas estranxeiras para cubrir a falta de profesional en Galicia». «O metal galego só cobre un terzo das súas vacantes de emprego, non hai nin aprendices». «O metal galego ofrece tres mil empregos sen exixir nin cualificación nin experiencia, e nin sequera así». Onte mesmo, un conspicuo membro dos comandos revolucionarios no sector industrial de Vigo, como é o presidente da Cámara de Comercio, dicía textualmente: *«Seguimos teniendo una carencia de todas las profesiones»*.

Ben, algo terá que dicir o Goberno galego ante esta situación. Algo terá que dicir ante a situación da I+D+i da que falamos aquí durante todas estas tres lexislaturas, e falabamos de Ucraína e de Turquía. Pero agora vemos lamentablemente que noutros ámbitos de formación e de cualificación do capital humano pois nos atopamos tamén con déficits importantes que, dende logo, son enormemente difíciles de explicar. Iso si, o Goberno galego, que non cobre esas necesidades do sector industrial de Galicia, polo menos no ámbito vigués, é quen de montar unha lea política coa Zona Franca de Vigo e esa presunta «Cidade da Formación Profesional», que, por certo, volvemos á cuestión de quen invita, quen paga e quen ten as competencias. ¡Oia!, as competencias tenas o Goberno de Galicia e, polo tanto, é o Goberno de Galicia, a través da Consellería de Educación, co Igape e coa Gain, quen ten que desenvolver todas aquelas medidas que permitan satisfacer a demanda de formación profesional nesta comunidade autónoma.

Entendemos que o Partido Popular utilice a Xunta de Galicia como unha ferramenta electoral ao seu favor, pero lamentablemente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...iso non axuda a solucionar nin os problemas dos traballadores en paro con baixa cualificación nin con paro de longa duración, nin os problemas do sector industrial para subministrar man de obra.



**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** A min tamén me gustaría que isto fose Valencia para poder ter un titular parecido a este: o Goberno valenciano inxectou 19 millóns de euros a Ford este ano. Gustaríame saber canto inxectou o Goberno galego a PSA Citroën, esa especie de *Indiana Jones e o templo maldito*, que de ningunha maneira somos capaces de saber. Iso si, o Igape, que non nos conta iso, que é obxectivo, cóntanos unha milonga...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, si.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...—remato, señor presidente— cóntanos unha milonga de que apoiou con 14.000 millóns de euros 81.000 empresas, o cal evidentemente non fai falta máis que dividir para ver que é falso.

Nós presentamos unha emenda. Imos apoiar en todo caso a iniciativa de En Marea. Imos presentar unha iniciativa que o que fai é complementar na nosa opinión a cuestión presentada polo Grupo de En Marea.

**O señor PRESIDENTE:** Se lle parece, remate.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Moitas grazas e boas noites. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moi ben. Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Pérez. (*Murmurios.*)

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Moitas grazas, señor presidente.  
Señorías, boas tardes.

Señor Casal, ¿está vostede como para falar de subvencións! (*Aplausos.*) A vostedes, señores das mareas, a verdade é que dá igual o que lles diga o conselleiro, as respostas, as aclaracións, os datos, os obxectivos, as estratexias, os plans... Vostedes seguen sempre coa mesma matraca: que todo vai mal, e pintan unha Galicia triste, desnortada. Non é a Galicia real, señorías, é a Galicia imaxinaria das mareas de Podemos. Con todo o respecto, señorías. Se vostedes non son capaces de elixir a quen lidere as mareas de Podemos, ¿como van ser capaces de liderar a economía e a industria deste país? ¡Imposible, señorías!

En Galicia temos claro onde estamos e, sobre todo, onde imos. Temos un obxectivo claro, que é a creación de emprego, e tamén temos unha estratexia. O sector da automoción —que vostedes din que non— xa está dentro do terceiro Plan estratéxico para a mellora do sector 2016–2020. Desde a Axencia Galega de Innovación (Gain) apóiase con I+D+i, alineada coa RIS3, participando activamente en todos os programas. Aí tamén están incluídas os eléctricos. As cláusulas sociais negociaranse coas organizacións sindicais. As axudas ás infraestruturas de recarga para mobilidade á alternativa serán financiadas polo Idega e xestionadas polas comunidades autónomas.

Señorías, un dato: Galicia, segundo o informe da Asociación Española de Fabricantes de Automóviles e Camións, está entre as tres comunidades líderes en produción de vehículos grazas ao tirón de PSA Peugeot Citroën. Podemos dicir que a industria galega de automoción xa representa un 15,3 por cento da fabricación nacional. Preto dun de cada seis coches fabrícase en Galicia. Tres anos consecutivos de crecemento nas vendas, o emprego e os investimentos.

O ano pasado, o sector facturou a mellor cifra da última década, case oito mil setecentos millóns de euros; creou 2.650 novos empregos, chegando a case trinta mil traballadores; duplicou o investimento, con 245 millóns de euros para así ir adaptándose aos cambios que a Industria 4.0 exige; récord histórico de exportacións. *Sit on*, señor Casal. A realidade e a verdade son que a automoción galega é un referente, é unha aposta clara e decidida polo futuro.

A sociedade galega pode estar tranquila en xeral, e no sector de automoción en particular. Temos un Goberno estable, forte, capaz de axudar unha economía sa cos orzamentos de 2019. Por certo, que vostedes hoxe rexeitaron. ¡Menuda maneira de apoiar as empresas!

PSA fabricará en Vigo para Toyota unha cuarta furgoneta, ademais do K-9, os monovolumes C-4 e Picasso, o modelo M3 e M4, e a partir do vindeiro ano o todocamiños V20.

Señor Casal, por certo, todos estes acordos son acordos da maioría. Vostedes falan do ERTE. Por certo, PSA e os sindicatos no comité de empresa —Sindicato Independente de Traballadores e UXT—, que representan o 75 % do cadro de persoal, pecharon a negociación sobre o expediente de regulación. Iso a vostedes, visto o visto, non lles parece ben. Non son capaces de poñer orde na súa organización como para entender e respectar os acordos da maioría; son vinculantes. Iso chámase «democracia».

Con respecto ao papel da administración que tanto reclaman, a Xunta leva concedido 150 millóns de euros nos últimos anos para a automoción galega. Polo tanto, señor Casal, a Xunta de Galicia está colaborando e impulsando unha transformación económica en Galicia.

Señorías, dámoslle a benvida á oposición á súa preocupación polo emprego e a produción industrial en Galicia. Dámoslla se se preocupa por todo o emprego. Non queremos que haxa industria de primeira e industria de segunda. Non queremos o peche de Alcoa, tampouco queremos pechar Ence. Non queríamos que pechasen Elnosa, tampouco queremos pechar as centrais nas Pontes e Meirama, e tampouco queremos pechar Reganosa. (*Aplausos.*) E, por suposto, non queremos pechar PSA.

Quen lles fala foi traballador de PSA en Vigo, coñezo ben do que falo. Non se pode pechar o Grupo PSA, porque isto sería botar á rúa miles de galegos e galegas e ducias de milleiros de persoas ás que lles afectaría o cesamento da súa actividade, que é a súa forma de vivir e manter as súas familias. Este goberno non o vai permitir, non, todo o contrario.

PSA está facendo investimentos por máis de seiscentos cincuenta millóns de euros para facer a fábrica intelixente. A Xunta apóiao e permite esta planificación.

Vou rematando, señor presidente. Galicia vai ben. Galicia crece máis que a media de España. En Galicia crecen as exportacións, co mellor ciclo da historia. En 2020 chegaremos ao equilibrio orzamentario e seguiremos reducindo a débeda.

Este grupo parlamentario propón unha votación por puntos, dos que apoiariamos os puntos 6 e 7. No punto 6 instase do Ministerio o plan de competitividade para o sector, no que Galicia recibirá apoio similar á súa capacidade produtiva, e o punto 7, que colabora co sector para unha presenza importante na convocatoria Reindus, cun importe de 400 millóns de euros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Grupo autor da moción, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** A verdade, señor Rodríguez, non esperaba isto de vostede. Do señor Tellado estou acostumado, pero non esperaba que ante a falta de argumentos se recorra ao ataque persoal indecente, baseado en falsidades. E se alguén ten unha proba que demostre o contrario, que a poña enriba da mesa. ¡Falsidades! Pero iso, a verdade é que non me... ¿Que se lle vai pedir a un partido que presuntamente paga sicarios para roubar probas dun xuízo?, ¿que se pode esperar? (*Aplausos.*) Se pensan que eses ataques persoais me van afectar, xa lles digo que poden esperar sentados, porque toda a información que vostedes manexan para atacarme é falsa. E dígoo claramente. E xa non o vou volver repetir porque, total, se non teñen argumentos, pois é o que queda: insultar.

Fala vostede de que se dotou con 150 millóns de euros o sector. Gustaríanos saber onde foron os 150 millóns de euros. Non sei, nós levamos dous anos, pero o señor Losada leva non sei cantos. ¿En que se investiron?, ¿que retornos houbo? O que falabamos: ¿onde está ese cadro de mando dese plan estratéxico que o outro día mencionaba o conselleiro?, ¿onde podemos analizar as ratios de evolución de todo o que lles plantexei? Plantexeilles como catorce temas, e vostede non me contestou a ningún. Soamente como repetindo: todo vai ben, nós apoiamos todos os traballadores. A verdade é que se o dixera vostede, pois, ao mellor, non sei a especialidade que ten neste sector, pero o señor conselleiro si a ten, e o outro día sacou a retaiña esa que nos sacan permanentemente de que apoian todos os traballadores.

Pois non, calquera persoa que desenvolva políticas industriais públicas ten que saber o que é un balance de externalidades. E, ao mellor, dentro dese balance de externalidades, de que se apoia e que non; hai que ver cales son as externalidades positivas e as externalidades negativas. E se cen postos de traballo desenvoltos nunha certa industria destrúen mil quiñentos e todas as posibilidades de desenvolvemento dunha comarca, pois, ao mellor, o que hai que plantexarse é que hai que buscar unha alternativa para eses cen traballadores. Pero non incidir en industrias que deixan o territorio destruído e que destrúen todas as posibilidades de desenvolvemento futuro: turístico, mariñeiro, marisqueiro.

Todo iso alguén penso que no Partido Popular o pensará, o do balance de externalidades, porque todas as políticas industriais e todas as políticas de desenvolvemento que se desen-

volver en Europa o teñen moi claro. Non ten nada que ver a fábrica de Ence onde está que noutro lugar. As externalidades teñen en conta temas sociais, teñen en conta temas territoriais, teñen en conta a ubicación, temas ecolóxicos, temas de impacto sobre o medio. Parece que todo iso dá igual, hai que apoiar todas as iniciativas, sexan as que sexan e coas consecuencias que teñan. Pois non.

Entón, a ver se en vez de dicir que todo vai ben, a ver se realmente nos presentan, aínda que sexa na comisión, ese cadro de mando para ver que se fixo cos 11 millóns de euros que recibiu Citroën para poñer a marca «Galicia» nunha furgoneta eléctrica que ninguén veu por ningunha rúa. ¿Que se fixo con eses 11 millóns? Gustaríanos sabelo. Xa sei que a vostedes lles dá igual. ¡Bah!, 11 millóns por poñer a marca alí ao lado. (*Murmurios.*) ¿Que se fixo con eses 11 millóns? O mesmo que contou o resto... Pero, ¿é tal difícil? Se é tan fácil, traian a información. A señora Presas xa o dixo: trinta e catro solicitudes...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.

**O señor CASAL VIDAL:** ...Eu non levo tantas, a verdade.

Entón, as emendas, evidentemente, complementan perfectamente a nosa moción...

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acéptaa?

**O señor CASAL VIDAL:** ...e aceptámolas, e aceptaremos tamén a votación por puntos. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** E acepta tamén a votación por puntos. Grazas. Rematado o debate das mocións, procederemos ás votacións.

### **Votación das mocións**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don José Luis Rivas Cruz.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2017-2021.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; a emenda de adición, non a outra. ¿Correcto?

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Francisco Casal.

Acéptanse as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque e do Grupo Parlamentario Socialista e acéptase a votación por puntos. Piden, polo tanto, por separado os puntos 6 e 7.

Entón, votamos, en primeiro lugar, os puntos 6 e 7 da moción.  
Votamos.

*Votación dos puntos 6 e 7 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. José Manuel Lago Peñas, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co emprego da industria do automóbil.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobados os puntos 6 e 7 desta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o resto de puntos da moción.

*Votación do texto transaccionado, agás os puntos 6 e 7, xa votados, da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. José Manuel Lago Peñas, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co emprego da industria do automóbil.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto transaccionado.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte texto:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a chegar a un acordo co Concello da Coruña para definir un proxecto posible e realizable en Santa Lucía, que cubra unha asistencia sanitaria óptima para os veciños e veciñas que acoden ao centro de saúde Federico Tapia, e que se realice á maior brevidade garantindo para iso as asignacións orzamentarias necesarias.»).*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir traballando para facer realidade a dotación dun novo Centro de Saúde para o barrio, nun espazo adecuado que satisfaga as condicións necesarias tanto para a Xunta como para o Concello.»).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Boas noites, señorías.

Esperemos que teñamos un debate que sexa sosegado e que sexa produtivo sobre unha reivindicación que é xusta duns veciños da Coruña e unha actitude cerril dun alcalde.



O primeiro que quero facer é destacar o traballo exemplar dos veciños da Falperra, un barrio da Coruña que de forma heroica está a defender un novo centro de saúde para ter a mellor prestación sanitaria. E o Grupo Popular o que fai é facerse eco da reivindicación destes veciños. Son un exemplo de civismo e de auténtica participación, non esa falsa participación que é tutelada por vostedes, organizada por militantes das súas organizacións. Na maioría das veces, tamén incluso con cargos públicos, con contratos, adxudicacións, e ademais, na Coruña, cun novo modelo, que é a dos beneficiarios pola compra de vivendas.

Esta reivindicación non é nova. Vostedes xa a coñecen, porque hai un ano que os veciños da Falperra trouxeron a este parlamento máis de tres mil duascenas firmas para que o Concello da Marea deixara de bloquear a construción do centro de saúde no edificio do mercado de Santa Lucía.

Os veciños defenden a necesidade de dispoñer dun espazo adecuado para construír o centro de saúde no actual edificio do mercado de Santa Lucía. Tamén denuncian os veciños a actitude do alcalde da Coruña de seguir enfrontando os veciños entre eles, marxinando o barrio e rexeitando o diálogo que dende o primeiro momento están a solicitar. O alcalde é dono da peor das soberbias, non recibe nin escoita as reivindicacións e os plantexamentos dos veciños. Desprezaron as máis de tres mil duascenas firmas que amosaban a necesidade de acometer esta reforma; desprezaron os acordos do Pleno municipal, xa que consideran que só teñen que cumprir cando a estes lles conveñen, e desprezaron tamén as votacións do Parlamento de Galicia. Este parlamento ten falado, este parlamento ten votado, e a maioría democrática da Cámara tenlle dado un mandato ao señor Ferreiro. ¿E que fixo o Goberno da Marea?, ¿que fixo Xulio Ferreiro? Desprezar o mandato democrático dos galegos. E logo teñen vostedes o valor de vir aquí falar de rodillo. Rodillo é o que aplican vostedes, o peor dos rodillos, que é o desprezo á decisión da maioría dos galegos.

Señores da Marea, vostedes só entenden a democracia e as votacións cando se axustan e serven para impoñer a súa vontade, cando lles permite utilizalas contra a maioría ou cando poden manipular os resultados. Pero ¿que se vai pedir se son vostedes incapaces de ter sequer procesos internos democráticos e están a amosar a súa faciana máis tramposa, onde toda manipulación vale para estar onde está sentado o señor Villares, incluso metendo a man nos censos e tendo que recorrer a pedir a protección da Garda Civil?

A grande aportación da Marea Atlántica ao debate político foi a de cualificar como orcos os veciños, a prensa e incluso os funcionarios. Pero non se equivoquen vostedes, que para os da Marea Atlántica tamén vostedes son orcos. Nós tamén, témolo moi claro, pero vostedes non se confundan, que tamén o son.

O que está a ocorrer na Coruña é un absurdo que moi poucas persoas entenden: unha administración que quere facer investimentos e mellorar os servizos que presta á cidadanía, e un alcalde que está a poñer todos os obstáculos posibles para evitalo. Coñecemos moitos alcaldes, cada un coas súas rarezas, algúns complicados. Pero todos defenden investimentos e melloras para as súas cidades, menos un, o señor Ferreiro. Ferreiro é o único alcalde de Galicia que bloquea e obstaculiza os investimentos do resto das administracións. Dá igual que falemos de investimentos en infraestruturas que melloren o acceso á cidade, dá igual que se

trate de plans ou de equipamentos para impulsar o transporte público, dá igual que sexa un centro de saúde, como é este caso, ou dá igual que sexa un programa para axudar os afectados polos desafiuzamentos, Ferreiro sempre o vai bloquear.

Antes pensabamos que estes bloqueos os facían por incapacidade —eran incapaces de xestionar e de aí viñan estes bloqueos— ou por sectarismo. Pero é que agora sabemos que detrás de cada un destes bloqueos hai negocios, negocios para os señores das mareas. Por exemplo, a mellora de Alfonso Molina, paralizada. A cidade atascada cada certo tempo, e o único que gañou algo con todo isto foi o arquitecto, socio dun concelleiro, que cobrou polo informe que utilizaron para bloquealo. O plan de vivendas baleiras ou a construción das corenta vivendas públicas que levaban vostedes bloqueando durante vinte meses, grazas a Deus, onte desbloqueouse, e todo para poder comprar, para xustificar os seus amigos dúas vivendas. Niso quedou toda a súa política de vivenda.

Pero o mellor exemplo é o que está a ocorrer: é o centro de saúde de Santa Lucía. E permítanme que lles faga un repaso. A necesidade de mellora dos espazos nos que actualmente se presta asistencia sanitaria de atención primaria no Centro de Saúde da rúa Federico Tapia fixo que en outubro de 2014 se formalizara un protocolo de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Concello da Coruña. Este protocolo incluía un estudo que concluíra que esa localización era a máis apropiada, pola súa proximidade ao actual centro de saúde, pola dispoñibilidade de espazos nese recinto, polo apoio dos veciños a esa mellora e pola compatibilidade de manter os postos de traballo dos praceiros. E, ademais, conseguiríase rehabilitar un espazo moi degradado e dinamizar o corazón dun barrio. Ata aquí todo normal, hai unha necesidade de mellorar unha asistencia sanitaria dos veciños e as administracións queren solucionalo.

Pero os problemas xorden cando Xulio Ferreiro empeza, dende o minuto un, a enganar, a mentir, a confundir e a facer propostas absurdas coa única finalidade de bloquear a construción do centro de saúde. Dende o primeiro momento —e xa levan tres anos e medio— púxose en marcha unha campaña para enganar os veciños. Dixeron que mantiñan o proxecto inicial mentres que actuaban en sentido contrario; fixeron público que ían obrigá-la empresa concesionaria a facer obras por importe de medio millón de euros que nunca se realizaron; anuláron o concurso de ideas para a reforma; mentiron dicindo que o Concello xa fixera a cesión para este espazo á Xunta de Galicia; chegaron a propoñer que o centro de saúde, en vez de facerse en horizontal, se construíra en vertical, nunha quinta, nunha sexta, nunha sétima e nunha oitava plantas. ¿Acabaron aí as xenialidades? Non. A seguinte foi unha proposta de levalo a máis dun quilómetro a outro barrio; pouco durou esa proposta.

Despois de todo isto, de ter os veciños mareados, de ter o Sergas facendo estudos de viabilidade das propostas e ter tamén, por suposto, os amigos da Marea cobrando por facer os debuxos para publicalos en prensa e manter a súa farsa, e logo de mentir e darlles falsas esperanzas aos praceiros, logo de todo isto, a Marea licitou hai un ano un proxecto para a reforma do edificio. Fixo unha licitación pola porta de atrás e sen diálogo, licitación que impedía a construción do centro de saúde e licitación que incumpre o acordo asinado polo Concello, e que Ferreiro rompeu de forma unilateral.

E despois de todo isto, despois de tres anos enredando, mentindo e bloqueando, e de licitar o proxecto de reforma, ¿por que nin hai centro de saúde nin hai nada? Porque a vostedes pi-lláronos co carriño dos xeados. Vostedes querían facer o mesmo que fixeron co antigo cárcere: vostedes querían adxudicar este espazo aos seus amigos. No antigo cárcere, vostedes adxudicaron a un entramado de concelleiros e militantes da Marea e de funcionarios un en- tramado que está a ser investigado. E iso mesmo é o que vostedes querían facer co mercado de Santa Lucía. E por iso moléstanlles os veciños, por iso moléstalles que o Sergas, as maio- rías parlamentarias e a prensa tamén esteamos preocupados por todo isto. Pero, sobre todo, o que lles molesta é que a Fiscalía tamén os estea a investigar.

Pero, por moito que a vostede lles moleste, o que os veciños seguen pedindo é normal en calquera concello, que é que os alcaldes solucionen os problemas dos veciños. O que é nor- mal en calquera concello, pero non aquí, porque aquí, na Coruña, o alcalde é o problema para os veciños. O alcalde crea o problema e os veciños son os que plantexan as solucións. Ata cinco solucións plantexaron ao Concello os veciños, e Ferreiro nin os recibiu. Ferreiro foi tan sectario que non foi quen de recibilos. Pero non é así en todas as administracións. A Consellería de Sanidade si que analizou tecnicamente os cinco proxectos dos veciños, e estes cinco proxectos son válidos e viables. Ferreiro negouse a recibir os representantes veciñais da Falperra, para non ter que escoitar as súas propostas e atender as súas peti- cións. Presumen vostedes de participación cidadá, pero só é un paripé para facer o que lles dea a gana.

¿De que proceso participativo cidadán saíu a idea de construír o centro de saúde en oito plan- tas estreitas e cun acceso de tres metros?, ¿de que proceso participativo cidadán saíu a idea de levar o Centro de Saúde da Falperra a outro barrio?, ¿con quen o consultaron? ¿Explicá- ronllo vostedes aos veciños afectados antes de facelo público?, ¿explicáronllo vostedes aos praceiros? ¿En que escano cidadán?, ¿en que «Dillo ti» se tratou esta imposición?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Señorías —xa para rematar—, os veciños exixen un cambio de ac- titude do alcalde, exixen que se lles escoite e que se colabore con lealdade coa Xunta de Ga- licia, que pretende realizar un investimento importante nun barrio tan necesitado dunha revitalización que mellore os servizos, que revitalice tamén o pequeno comercio e que poña en primeiro nivel o barrio en canto á asistencia sanitaria...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...o mesmo que o resto de barrios da cidade e que o resto das ci- dades.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Boa noite, que xa imos rematando.

Señor Trenor, eu creo que se equivocou de pleno, nos dous sentidos: equivocouse completamente e equivocouse de pleno. (*Aplausos.*) Porque, realmente, o que fixo na súa intervención pode ser propio dun debate no Pleno municipal da Coruña, pero eu creo que cando se trae aquí un asunto local pode ter transcendencia a nivel da provincia ou autónomo, e entón o Parlamento, esta cámara, ten a obriga política de pronunciarse. Pero, sinceramente, creo que se equivocou de pleno porque, entre outras cousas, é a terceira vez que traen ademais esta cuestión; trouxérona na Comisión 1ª o 23 de marzo, logo viñeron outra vez a este pleno o 23 de xaneiro e agora novamente. E todo para reproducir aquí o seu particular enfrontamento co Goberno municipal da Coruña. Insisto en que para iso está, tanto que falan das competencias, precisamente o respecto ao Pleno municipal da Coruña.

E non é que non sexa importante na cidade da Coruña a preocupación polo centro de saúde para os veciños da Falperra, que o é, e nós apoiarémolos. Pero coa que está caendo en materia de sanidade pública en toda Galicia, e tamén na área da Coruña, resulta certamente increíble que unicamente se preocupen desta dotación dun centro de saúde. (*Aplausos.*) Porque, precisamente, non lembro ningunha iniciativa do Partido Popular que se preocupe por aspectos de saúde na área da Coruña, coa que está caendo en diferentes temas, en Pediatría, na rede de atención primaria ou, sen ir máis lonxe e dunha forma preocupante, en toda a problemática de saúde mental, e especificamente, por exemplo, en saúde mental infantoxuvenil. Pero nada, o único que preocupa é traer aquí un debate que non conseguen desatascar no Pleno municipal.

Porque, señor Trenor, esta mañá acábanse de aprobar os orzamentos para o 2019. Eu fixen un repaso polo miúdo do anexo de investimentos para o 2019, e dos pouco máis de dezasete millóns que están consignados nese anexo de investimentos no subconcepto 621, precisamente para «Infraestruturas e construción de centros de saúde» —dígoo para que repase ben os investimentos—, neses poucos máis de dezasete millóns non hai nin un céntimo asignado a este centro de saúde, nin un céntimo! (*Aplausos.*) Hai asignado algún crédito para Narón e hai asignado algún crédito para a actuación no barrio da Residencia en Lugo. Non hai nada. E díganlles aos veciños da Falperra na Coruña que non hai ningún crédito asignado para este centro de saúde, que a priori tanto parece que lles preocupa.

O Grupo Municipal Socialista presentara en maio deste ano pasado 2017 —como saben ben, porque a apoiaron ademais— unha moción a este respecto, que contiña tres-catro puntos. En primeiro lugar, evidentemente, instábase o Goberno municipal a chegar a un acordo coa Consellería de Sanidade na instalación precisamente do edificio do mercado de Santa Lucía, longamente demandado como centro, unha busca dese acordo. Pedíase, evidentemente, que se contara coa colaboración activa —que nos consta— da Asociación de Veciños da Falperra e dos comerciantes da Falperra. E instábase no punto 4, precisamente tamén a Xunta de Galicia, non a impoñer unha solución senón a buscar un acordo, a chegar a un acordo co Concello da Coruña sen máis demora.

E nese sentido, señor Trenor, é a emenda que presentamos á iniciativa que presentan, porque queremos substituír precisamente esa intención de imposición sobre o Concello, sobre a necesidade de que se chegue a un acordo co Concello. Pero un acordo co Concello tamén consignando os créditos necesarios nos orzamentos, que a priori non podemos ver consignados cos orzamentos aprobados esta mañá. Insisto: dígallo aos seus veciños da Falperra.

Señor Trenor, para rematar, porque vai sendo tarde, vista a cocteleira de cuestións que puxo enriba deste atril, aínda que insisto en que ese é un debate que teñen que ter no Pleno municipal, a min non me queda máis remedio que dicirlles que durante vinte anos a cidade de Coruña progresou social e economicamente, durante catro anos do Partido Popular —e vou a utilizar un símil de algo de moda— a cidade entrou nun túnel, e sábeno perfectamente, e durante o que vai de mandato a cidade é certo que non é capaz de saír dese túnel. Haberá que buscar alternativas de goberno na cidade da Coruña.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Ben, non sei se o Partido Popular expide agora os carnés de participación de quen pode ou non participar. Dende logo, na Coruña participa todo o mundo, dá igual que sexa de esquerdas ou de dereitas nas opinións públicas, pero vese que aquí non teñen a mesma opinión.

Eu, sinceramente, señor Trenor, pregúntolle se a vostede non lle dá vergoña traer esta iniciativa outra vez aquí. E non está o señor Tellado aquí, pero vouno parafrasear: é unha iniciativa resesa. Traen vostedes unha iniciativa de principios do 2017 para falar dun asunto que podería estar resolto se a Xunta se decidise por algunha das propostas que se lle fixo.

Poderíamos estar a falar dos proxectos en cuestión. Eu entendo que poidan vostedes non ter a mesma opinión que o Goberno municipal; compréndoo perfectamente. Pero, señor Trenor, vostede o que veu aquí é facer campaña, e eu creo que é unha irresponsabilidade. É a enésima vez que vimos a este parlamento escoitar unha iniciativa que se trae para facer campaña ás municipais. Xa está ben, ¡xa está ben!

E xa vimos ademais este debate tamén... (*Murmurios.*) Non, si, é unha risa. Xa vimos este debate tamén na Comisión 5ª. A min daríame vergoña traer este debate e facer a demagogia que se fixo aquí polo portavoz do Partido Popular neste caso.

Señor Trenor, xa se lle trasladou: non había ningún proxecto previo; existía un concurso de ideas aberto para ver que se facía co mercado de Santa Lucía; nese concurso o Goberno entrante decidiu conservar o edificio tal e cal estaba; fíxose un proxecto a cargo do señor Manolo Gallego, un arquitecto que eu creo que é respectado —dá igual que sexa un de de-

reitas ou de esquerdas — en xeral pola profesión, que é Medalla de Ouro de Galicia, e vostede di aquí que os amigos da Marea cobran por facer debuxos. Eu tamén pediría que tivera un pouco de respecto e un pouco de sentido cando se defenden as iniciativas, señor Trenor.

Faise un proxecto, consúltase a Xunta de Galicia e non hai resposta, e despois dun mes e medio pídese unha reunión. A Xunta di que non lle gusta o proxecto en altura que propón o arquitecto, e ante esta circunstancia consúltase co arquitecto. O arquitecto di que non é viable arquitectónica e tecnicamente facer un edificio en paralelo, que era o que vostedes pedían no mercado, entre outras cousas, por temas estruturais —que, evidentemente, terá el máis coñecemento ca vostede e ca min— e, en segundo lugar, por temas obviamente sanitarios. Compartir espazo cun mercado un centro de saúde comprenderá vostede que ten algunhas dificultades en canto ao que é unha infraestrutura.

Moi ben, vostedes non están de acordo. Dáselles outra opción, porque vostedes introducen un elemento novo que non existía na discusión inicial, que querían de repente, o conselleiro dicía por aquel entón que non lle gustaba en altura e que tiña que ser un edificio horizontal. Dáselles unha parcela —é certo que bastante máis lonxe do que está o edificio actual—, pero era a única parcela que contemplaba a posibilidade de que fora absolutamente en horizontal, que era o que vostedes pedían. Tamén din que non, tampouco lles vale.

E dáselles unha terceira opción, despois de non sei canto tempo esperando a que vostedes digan ou fagan algo. E mentres vostedes intentan convencer os veciños de que o problema é do Concello.

É que é unha vergoña, señor Trenor, porque pode haber unha diferenza en canto a un proxecto, pode haber algunha discrepancia, pero oia: propóñenselles tres propostas a vostedes de terreo para edificar un centro de saúde, e vén vostede aquí facer demagogia utilizando esta iniciativa para facer campaña das municipais.

A terceira proposta propúxoselles este mesmo ano, que está a douscentos metros da parcela onde está o mercado de Santa Lucía. Tampouco lles vale, e non hai ningunha proposta. O que non pode ser, señor Trenor, é que polos caprichos do Partido Popular os veciños non teñan centro de saúde, e veña vostede aquí utilizar a iniciativa para facer demagogia. ¡Xa está ben! Están vostedes atrasando os proxectos da cidade, o proxecto do propio mercado, o proxecto de que se poida facer co edificio contiguo e agora mesmo tamén o do centro de saúde. Eu creo que terían que ter vostedes un pouco de responsabilidade con este elemento.

Seguro que hai moitas máis cousas das que vostedes poden facer campaña nas municipais, señor Trenor. E eu non necesito ser da Coruña para saber que cos problemas que hai na sanidade pública en toda Galicia, tamén na Coruña, e se quere tamén no CHUAC, e falamos, que veña vostede aquí facer demagogia utilizando un tema que podería estar resolto se vostedes non tiveran o capricho de rexeitar as tres propostas, pois, sinceramente, non me parece nin minimamente aceptable. Esta é a realidade.

¿Que pasa? Que lles sae moito máis rendible dicir que non a todo para seguir utilizando este tema como asunto, como arma, e intentar convencer os veciños na campaña das municipais,



que, por certo, se ve que vostedes xa empezaron no debate. Eu creo que é pouco responsable utilizar este tema, cando podía estar resolto, señor Trenor.

Nós presentamos unha emenda, que xa presentamos tamén previamente noutro debate que tivemos na Comisión 5ª —e tamén hai que dicirlle que non hai ningún tipo de partida nos orzamentos para a construción de ningún centro de saúde, así que menos conto, señor Trenor—, unha emenda que o que pide é: «O Parlamento insta a Xunta a seguir traballando para facer realidade a dotación do novo centro de saúde, nun espazo que satisfaga as condicións necesarias tanto para a Xunta como para o Concello», que debería ser o que lle importara, que finalmente os veciños e veciñas tiveran un centro de saúde mellor. E, por certo, non falou vostede nada do centro de saúde actual.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Realmente para pedir un debate sosegado, señor Trenor, empezou vostede ben, jeh!, jempizou de marabilla! (*Aplausos.*)

A ver, no Centro de Saúde de Federico Tapia na Coruña chove, as instalacións están caducas, e será preciso facer algo, ¿non? Pero a política anda amodo e cansina cando se trata de dereitos dos cidadáns. E se eses dereitos reclamados son sanitarios, ¡pois que queren que lles diga a estas alturas da sanidade pública!

O realmente estraño é que sexa o señor Trenor quen faga a intervención, cadráballe mellor a vostede, señora Mato, (*Aplausos.*) como oradora do primeiro mitin das municipais. Digo eu. Porque a cada período electoral os problemas emerxen e volven ser tidos en conta porque hai eleccións. A vellísima e a novísima política acordan do cansino adormecemento e reverdecen as vellas necesidades para sacalas á luz, airealas e facer que se fai.

No 2014, un protocolo asinado entre o Concello, a Consellería de Sanidade e o Sergas, tema: programa funcional para determinar os novos usos sanitarios, etcétera. Vexámolo asunto falando clariño:

Dunha banda do ring, está o Goberno municipal, que en vez de lle dar curso ao acordo xa asinado, poñer á disposición os espazos e realizar as obras que lle corresponde, comeza a divagar, busca que di o paseo das pontes, etcétera. Tres anos de atraso.

Da outra banda, o Goberno da Xunta, que fala e fala pero non materializa. Nas súas palabras non hai intencionalidade porque non hai ningún feito, non hai previsto nos orzamentos nin un céntimo para a urxencia desta obra. Tampouco hai nin un euro para os paraugas e as

roupas de abrigo que libre os usuarios e funcionarios do centro de saúde das humidades, pingueiras e demais marabillas que nos ofrece o estado das instalacións.

Sorprende esta actitude propagandística do PP, que tendo e xerando problemas por todo o país coa sanidade, coa atención primaria, dotación de medios humanos e materiais dos centros de saúde, veña aquí mostrar indignación por un, cando lle convén, e, cando non, está materializada do xeito e maneira que os gobernos serios apuntan as súas intencións prioritarias con orzamentos e proxectos concretos.

E unha vez máis traen aquí unha PNL, que tenta que acordemos todos nós, nun exercicio de manida imaxinación, esta frivolidade. A Xunta de Galicia está tan desmotivada que necesita que o Parlamento lle pida que faga unha solicitude ao Concello para que... Vaia: dillo ti que a min dáme a risa.

¡Unha miga de formalidade, por favor! O posicionamento do BNG está clariño: a obra non debe de agardar máis, póñanse as pilas, déixense de guerreñas partidarias, e como institucións que son, senten e acorden solucións uns e outros, fágano. Falperra estállelo demandando.

Se a Xunta na defensa marabillosa dos intereses veciñais, que no demostran nos PAC e centros de saúde de toda Galicia, con carencias manifestas, pois se a Xunta quere, pode expropiar, en nome do ben público, e facelo. ¿Por que non o fai? *(Aplausos.)* ¿Sabe, señor Trenor, que unha das emendas presentadas polo BNG aos orzamentos deste ano vai nesa liña, e vostedes dixeron que non?, ¿sabíao? Pois aí está; creo que agora non a poden recuperar xa. *(Aplausos.)*

Miren: non utilicen as necesidades deste barrio para facer un debate xeneralista e municipalista, ¡fágano alá! O concreto, o tema de hoxe é o Centro de Saúde de Federico Tapia, o acondicionamento e obras de espazos no mercado de Santa Lucía e a solución das deficiencias nos servizos públicos aos veciños. Velaí o problema. E fágano, ¡soluciónéno!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

Para a rolda de réplica, o grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Trenor López.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Como cambiou o conto, señorías. Levamos dous meses de debate de orzamentos con reivindicacións localistas, con reivindicacións por parte dos grupos da oposición para cada un dos concellos onde vostedes gobernan, pero como neste caso o que se lle está a exixir é algo ao Concello onde goberna a Marea, parece que iso para vostedes é localismo e é facer campaña política.

¡Que papelón o seu, señorías!, ¡que papelón! *(Murmurios.)* En vez de estar do lado dos veciños, *(Murmurios.)* teñen medo ao alcalde, ao que lles poida facer o alcalde da Marea. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois está tremendo o mesmo que

está tremendo o señor Villares. ¡Fíxese o que lle están a facer! ¡Mire se lle teñen medo! *(Aplausos.)*

Señorías, vostedes confúndense. Eu non veño aquí defender un proxecto que beneficie o Partido Popular, nin que beneficie a Xunta de Galicia; é un proxecto que é bo para os veciños, que beneficia os veciños. Estamos a falar dun centro de saúde que permita prestar unha atención sanitaria deste século.

¿É a terceira vez? Si, e aínda haberá máis, porque seguiremolo traendo aquí mentres que siga habendo un trato inxusto por parte do alcalde da Coruña.

Señor Villoslada, vostedes son cómplices absolutamente de todo o que falamos. Son vostedes cómplices dos bloqueos; son vostedes cómplices da parálise da cidade, do abandono da Coruña; tamén son cómplices vostedes da compra dos pisos. De todo iso, señorías, son vostedes cómplices. Vostedes puxeron aí a Marea, os seus votos serviron para que estivesen aí os señores da Marea e os seus votos serviron para que se aprobaran os orzamentos cos que se mercaron eses pisos. E iso, señoría, estalles a pasar factura: levan vostedes xa catro voceiros, e parece que soan os tambores para que poida haber incluso un quinto, señoría.

A Coruña, señora Solla, quedóuselles grande; non teñen proxecto, non teñen capacidade de xestión. Foron vostedes unha auténtica fraude. O único que fixeron foi traballar para beneficiar os seus amigos. Levan tres anos e medio e non poden facer nin o máis pobre dos balances do que fixeron. *(Murmurios.)* Só poden facer balance do que vostedes bloquearon. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Mire, di vostede se non me dá vergoña. A min o que me daría vergoña sería poñerme do lado do alcalde e non do lado dos veciños; iso si que me daría vergoña. Eu non sei por que vostede renuncia a defender aquí os intereses dos galegos para poñerse de parte dun alcalde, que sabe vostede —e está convencida— que está equivocándose e que está actuando dunha forma completamente sectaria.

E, ademais, presenta vostede unha emenda que indica claramente como se confunden vostedes con isto da política. Pide vostede que se faga un novo centro de saúde nun espazo adecuado que satisfaga as condicións necesarias tanto para a Xunta de Galicia como para o Concello. Pero, señoría, vostede non se entera, pois a política non trata de satisfacer as necesidades dunha administración ou doutra administración...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor. E posiciónese sobre as emendas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...trata de satisfacer as condicións necesarias das persoas; t<sup>o</sup>rátase de traballar para os veciños e para os cidadáns, non de contentar ningún alcalde.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¿As emendas, señor Trenor? *(Murmurios.)*

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Imos intentar chegar a un acordo co Partido Socialista. E, por suposto, imos rexeitar esa emenda de vergoña que presenta o Grupo de En Marea... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moi ben.

Moitas grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...que lles dá as costas aos veciños da Coruña. *(Murmurios.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.


Suspendemos a sesión ata o día de mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás nove e trinta e sete minutos da noite.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

|  |       |  |       |
|--|-------|--|-------|
| 1. Álvarez Martínez, Luis Manuel       | (S)   | 39. Pérez Seco, José Manuel                | (S)   |
| 2. Amigo Díaz, María Encarnación       | (P)   | 40. Pierres López, María Luisa             | (S)   |
| 3. Antón Vilasánchez, María Ángeles    | (P)   | 41. Pontón Mondelo, Ana Belén              | (BNG) |
| 4. Arias Rodríguez, Raquel             | (P)   | 42. Prado Cores, María Montserrat          | (BNG) |
| 5. Bará Torres, Xosé Luís              | (BNG) | 43. Prado del Río, Paula                   | (P)   |
| 6. Blanco Paradelo, Moisés             | (P)   | 44. Prado Patiño, Jesús Miguel             | (P)   |
| 7. Blanco Rodríguez, Noela             | (S)   | 45. Presas Bergantiños, Noa                | (BNG) |
| 8. Burgo López, María de la Concepción | (S)   | 46. Puy Fraga, Pedro                       | (P)   |
| 9. Cal Ogando, Marcos                  | (EM)  | 47. Quintana Carballo, Rosa María          | (P)   |
| 10. Calvo Pouso, Diego                 | (P)   | 48. Quinteiro Araújo, Paula                | (EM)  |
| 11. Casal Vidal, Francisco             | (EM)  | 49. Rey Varela, José Manuel                | (P)   |
| 12. Castiñeira Broz, Jaime             | (P)   | 50. Rivas Cruz, José Luis                  | (BNG) |
| 13. Chao Pérez, Luca                   | (EM)  | 51. Rodil Fernández, Olalla                | (BNG) |
| 14. Conde López, Francisco José        | (P)   | 52. Rodríguez Arias, Marta                 | (P)   |
| 15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles  | (EM)  | 53. Rodríguez Barreira, María Julia        | (P)   |
| 16. Díaz Villoslada, Juan Manuel       | (S)   | 54. Rodríguez Estévez, David               | (EM)  |
| 17. Egerique Mosquera, Teresa          | (P)   | 55. Rodríguez Pérez, Moisés                | (P)   |
| 18. Fernández Fernández, Raúl          | (S)   | 56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña        | (S)   |
| 19. Fernández Gil, César Manuel        | (P)   | 57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María | (P)   |
| 20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María  | (S)   | 58. Romero Fernández, Cristina Isabel      | (P)   |
| 21. Fernández Prado, Martín            | (P)   | 59. Rueda Valenzuela, Alfonso              | (P)   |
| 22. García Míguez, María Ángeles       | (P)   | 60. Salorio Portal, María Soraya           | (P)   |
| 23. Gómez Salgado, Carlos              | (P)   | 61. Sánchez García, Antón                  | (EM)  |
| 24. González Vázquez, José             | (P)   | 62. Santalices Vieira, Miguel Ángel        | (P)   |
| 25. Lago Peñas, José Manuel            | (EM)  | 63. Santos Queiruga, Carmen                | (EM)  |
| 26. Losada Álvarez, Abel Fermín        | (S)   | 64. Solla Fernández, Eva                   | (EM)  |
| 27. Mato Otero, Beatriz                | (P)   | 65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel        | (P)   |
| 28. Miranda Pena, Flora María          | (EM)  | 66. Toja Suárez, María Dolores             | (S)   |
| 29. Moreira Ferro, Jacobo              | (P)   | 67. Torrado Quintela, Julio                | (S)   |
| 30. Mouriño Villar, Antonio            | (P)   | 68. Torregrosa Sañudo                      | (EM)  |
| 31. Murillo Solís, María Guadalupe     | (P)   | 69. Trenor López, Gonzalo                  | (P)   |
| 32. Novo Fariña, María Isabel          | (P)   | 70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís   | (P)   |
| 33. Nóvoa Iglesias, Marta              | (P)   | 71. Vázquez Domínguez, Sandra              | (P)   |
| 34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso     | (P)   | 72. Vázquez Verao, Paula                   | (EM)  |
| 35. Núñez Feijóo, Alberto              | (P)   | 73. Vega Pérez, Daniel                     | (P)   |
| 36. Otero Rodríguez, Patricia          | (S)   | 74. Vilán Lorenzo, Patricia                | (S)   |
| 37. Oubiña Solla, Rosa                 | (P)   | 75. Villares Naveira, Luis                 | (EM)  |
| 38. Pazos Couñago, José Alberto        | (P)   |  |       |



PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25